FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2026/3
SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN DE PLENOS, xoves 12 de marzo de 2026 -

No día da data, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:
PSdeG-PSOE
RAMON ABUÍN GÓMEZ
M. TERESA BATALLA ROMERO

BNG
XOAN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
ANGEL JAMARDO REY
M. SOLEDAD BOGA GRELA

Unidade Veciñal de Dodro
REBECA RIAL DIZ
XOAN XOSÉ VICENTE FRANCO

Xente de Dodro
SERGIO JOSE BOGA GOMEZ
VALENTIN ALFONSIN SOMOZA

AUSENCIAS:
Xente de Dodro
LUCIA YESICA VECINO RODRIGUEZ

SECRETARIA-INTERVENTORA:
SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

A) DACIÓN EN CONTA:

1. Dación conta resolucións da alcaldía

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

2. Dación de conta da remisión da información económico orzamentaria do 4º trimestre 2025
3. Dación en conta de asuntos varios.

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

4. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 17/07/2025
5. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 11/09/2025
6. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 15/10/2025
7. Establecemento prezo público da actividade XXV Festa das Persoas Maiores 2026 do concello de Dodro
8. Ratificación da adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a empresa pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.
9. Ratificación das resolucións da alcaldía número 675/2025 de data 22/12/2025 e número 78/2026 de data 16/02/2026 corrixida pola resolución da alcaldía núm. 117/2026 de data 25/02/2026 relativas ao convenio de colaboración entre os concellos de Padrón e Dodro para a xestión de servizos compartidos ao abeiro da convocatoria de subvencións para obradoiros duais de emprego 2026
10. Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do concello de Dodro
11. Aprobación, se procede, do establecemento prezo público da actividade Programa de Sendeirismo 2026

C) MOCIÓNS:

C.1. MOCIÓNS ORDINARIAS:

12. Moción do PSdG-PSOE sobre financiamento local
13. Moción do PP do Día Internacional das Mulleres, 8 de marzo.

C.2. MOCIÓNS URXENTES:

14. Moción de UVD de municipalización do servizo de auga

D) CONTROL DO GOBERNO:

15. Rogos e preguntas

PROPOSTAS ORDINARIAS

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Boas tardes a todos. Ás oito da tarde o pleno ordinario de mes de marzo, ca seguinte orde do día:”*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

A) DACIÓN EN CONTA:

1. DACIÓN CONTA RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Procédese co primeiro punto da Orde do día, que se transcribe de xeito literal a continuación:

"EXPTE: 2026/G006/000092
ASUNTO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dáse conta das resolucións que van desde o número 15/2026 ao 142/2026, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Asinado dixitalmente, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís."

Os concelleiros e concelleiras quedan informados das resolucións da Alcaldía indicadas.

2. DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN ECONÓMICO ORZAMENTARIA DO 4º TRIMESTRE 2025

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a seguir se transcribe literalmente:

"Expediente: 2026/G006/000087
Asunto: Dación conta remisión Informes económico-orzamentarios do 4º trimestre 2025
Trámite: Proposta para o Pleno

Dáse conta da remisión de información económico-orzamentaria a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais:

-Período Medio de Pago do 4º trimestre 2025 (enviado o 29/01/2026)
-Informe de execución trimestral do 4º trimestre 2025 (enviado o 30/01/2026)
-Información impositiva municipal exercicio 2026 (enviado o 05/03/2026)
-Informe de morosidade 2025 (enviado o 29/01/2026)
-Presuposto 2025 definitivo (enviado o 29/01/2026)

Asinado dixitalmente.
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís."

Os concelleiros e concelleiras quedan informados.

3. DACIÓN EN CONTA DE ASUNTOS VARIOS.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Aquí, quería dar en conta que o*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

día 10 de marzo, foi asinada a contestación a un recurso de apelación, presentado contra este que lles fala, polos 3 concelleiros de Xente de Dodro que leva no xulgado desde o ano 21.

Unha vez máis, este alcalde que lles fala, vai a seguir ca sua, digamos, historia limpa e impoluta, destes casos penales; que o portavoz de Xente de Dodro intenta esmerdar a política con un resultado que realmente debería caerlle a cara de vergoña a calquera.

Espero que esto non se repita ou si, pero bueno, tamén agardo e supoño que vai ter o mesmo resultado que esto mesmo."

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO 17/07/2025

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Voulle dar un turno a cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de agrupación política de Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Boas tardes. Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Ola moi boas noites. Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, pois pasamos á votación da aprobación deste acta."*

Sométese a aprobación a Acta da sesión plenaria do xoves 17 de xullo de 2026 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Votacións:
Votos a favor: 10
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
1 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado da Acta: Aprobada

5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO 11/09/2025

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Un turno a cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de agrupación política de Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da Unidade Veciñal de Dodro."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Pois tampouco."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por último, portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois vamos a proceder á votación da acta."*

Sométese a aprobación a Acta da sesión plenaria do xoves 11 de setembro de 2026 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:
Votos a favor: 10
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
1 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado da Acta: Aprobada

6.APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO 15/10/2025

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Socialista, por favor."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de agrupación política de Xente de Dodro."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"No, nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da Unidade Veciñal de Dodro."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Nada, tampouco."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois vamos proceder á votación."*

Sométese a aprobación a Acta da sesión plenaria do mércores 15 de outubro de 2026 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:
Votos a favor: 10
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
1 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Unanimidade

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Estado da Acta: Aprobada

7. ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE XXV FESTA DAS PERSOAS MAIORES 2026 DO CONCELLO DE DODRO

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a seguir se transcribe de xeito literal:

"EXPTE.: 2026/G006/000068
EXPTE. inicial:2026/G015/000002
ASUNTO: ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE "XXV FESTA DAS PERSOAS MAIORES 2026 DO CONCELLO DE DODRO"
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO

Logo de ver a memoria asinada en data 17/02/2026 pola concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións Veciñais que se transcribe:

"**EXPTE:** 2026/G015/000002
ASUNTO: ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE "XXV FESTA DAS PERSOAS MAIORES 2026 DO CONCELLO DE DODRO"
TRÁMITE: MEMORIA

A Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións Veciñais do Concello de Dodro, ten previsto realizar a actividade "XXV FESTA DAS PERSOAS MAIORES 2026 DO CONCELLO DE DODRO" sobre a base das seguintes consideracións:

1. DENOMINACIÓN E PRESENTACIÓN.

A Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións Veciñais do Concello de Dodro, ten previsto
realizar a actividade "XXV FESTA DAS PERSOAS MAIORES 2026 DO CONCELLO DE DODRO", que ten por obxecto a celebración dun día festivo especial no ano adicado ás persoas maiores, que xa vai pola súa 25 edición.
Dáse resposta con esta actividade ás competencias municipais e ás necesidades sociais, xa que a "XXV Festa das persoas maiores 2026" é un evento lúdico, cultural e de ocupación do tempo libre deseñado para favorecer o desenvolvemento persoal, afectivo e social das persoas maiores de Dodro.

2. OBXECTIVOS

Dende a Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións Veciñais, trabállase para a consecución de obxectivos como:
- Potenciar a participación e integración das persoas maiores da comunidade na vida social e cultural do municipio.
- Fomentar a participación activa das persoas maiores como factor de cohesión social e como factor preventivo de determinadas problemáticas.
- Recuperar o protagonismo e utilidade social das persoas maiores.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

-Ofrecer alternativas na utilización do ocio e do tempo de lecer proporcionando medios de entretemento axeitados á súa idade, gustos e intereses.

Con carácter específico coa celebración desta festa preténdese:
- Organizar un xantar de confraternidade para as persoas maiores do concello.
- Favorecer as relacións sociais entre a veciñanza.
- Crear un espazo para compartir e desfrutar en compañía.

3. PERSOAS DESTINATARIAS

Está prevista a asistencia de 400 persoas. Deberase formalizar a inscrición no evento, no prazo e forma que se indique. Será necesario dispoñer da invitación para asistir.

4. CONTIDOS

A celebración da "XXV Festa das persoas maiores do Concello de Dodro" inclúe as diversas actividades que se relacionan, entre as que serán obxecto do contrato e as realizadas polo propio Concello:
Misa cantada
Realización dun xantar para 400 persoas
Animación musical do evento e baile
Entrega de agasallos á muller e ao home de maior idade
Agasallos para todas as persoas asistentes
Servizo de transporte por todas as parroquias
Publicidade, invitacións, inscrición e publicación de horarios

5. LUGAR E DATAS

Está previsto que a Festa se celebre o vindeiro sábado 9 de maio de 2026, nas instalacións do Polideportivo Municipal.
Por causas xustificadas poderá modificarse a data de realización da actividade.

6. REQUISITOS DE ASISTENCIA E PREZO:

A) <u>PERSOAS EMPADRONADAS EN DODRO</u>:
- De 60 anos ou máis.
- Parellas (independentemente da idade) de persoas de 60 anos ou máis, ambos empadronados.
- Persoas coidadoras (independentemente do empadronamento e idade) de persoas empadronadas maiores de 60 anos, que precisen asistir cunha persoa acompañante coidador/a,
- Fillos/as con discapacidade (independentemente da idade e do empadroamento) de persoas empadronadas de máis de 60 anos

PREZO: 10€/Persoa

B) <u>PERSOAS NON EMPADRONADOS EN DODRO</u>:

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

- De 60 anos ou máis.
- Parella non empadronada (independentemente da idade) de persoas de 60 anos ou máis que si están empadronado en Dodro.

PREZO: 30€/Persoa

7. ORZAMENTO

Conforme ao disposto no artigo 4.1 da ordenanza número 22 reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís, e outras actividades de carácter deportivo, lúdico popular e socio culturais organizadas polo Concello, proporciónanse os datos necesarios para a adopción do correspondente acordo de fixación do prezo público do Concello de Dodro e que son os seguintes:

O valor estimado ascende a **15.750 €**, calculándose tendo en conta o prezo medio de mercado das prestacións incluídas, á vista do facturado nos exercicios precedentes, sendo os seguintes os importes:

XXV FESTA DAS PERSOAS MAIORES		
Concepto	**Valor estimado**	**Orzamento base licitación (con IVE)**
400 menús	30 €/unidade:12.000 €	13.200 € (1.200-10%IVE)
Animación musical (5h)	250 €/hora: 1.250 €	1.375 € (125-10%IVE)
2 Agasallos (máis maiores)	150 €/persoa: 300 €	363 € (63-21% IVE)
400 Agasallos (gravados)	5 €/persoa: 2.000 €	2.420 € (420-21% IVE)
Seguro e beneficio industrial	200 €	242 € (42-21% IVE)
TOTAL	15.750 (IVE EXCLUÍDO)	17.600 euros (IVE ENGADIDO)

Polo tanto, o orzamento base de licitación é **17.600 €**, incluídos custen directos e indirectos, beneficio industrial (B.I. do 6%), gastos xerais (G.X. do 6%) e o IVE correspondente.
O prezo final do contrato fixarase en función do número definitivo de persoas asistentes e polo prezo menú ofertado pola empresa adxudicataria.

Asemade, os ingresos estimados para un prezo de **10,00 €** por persoa para:

PERSOAS EMPADRONADAS EN DODRO:

- De 60 anos ou máis.
- Parellas (independentemente da idade) de persoas de 60 anos ou máis, ambos empadronados.
- Persoas coidadoras (independentemente do empadronamento e idade) de

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

persoas empadronadas maiores de 60 anos, que precisen asistir cunha persoa acompañante coidador/a,
- Fillos/as con discapacidade (independentemente da idade e do empadroamento) de persoas empadronadas de máis de 60 anos,

Prezo público proposto	Número de participantes	Ingreso total:
10,00€/persoa	370	3.700,00 €

Os ingresos estimados para un prezo de **30,00 €** por persoa para:

PERSOAS NON EMPADRONADOS EN DODRO:

- De 60 anos ou máis.
- Parella non empadronada (independentemente da idade) de persoas de 60 anos ou máis que si están empadronado en Dodro.

Prezo público proposto	Número de participantes	Ingreso total:
30,00€/persoa	30	900,00 €

- Gastos estimados: 17.600 €
- Ingresos estimados: 4.600,00 €

O prezo público non cubre a totalidade do gasto do servizo se ben, de acordo co establecido no artigo 4.2 da Ordenanza núm. 22 citada cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, poderanse fixar prezos por debaixo do custo do servizo.

O custo xerado para o Concello, non cuberto polo prezo público, será de **13.000 €**, se ben tratándose no presente caso dun servizo que se presta por razóns culturais e de interese público, cuxos obxectivos son: visibilizar a importancia da muller na sociedade e previr a violencia de xénero; propiciar a ocupación activa do tempo de lecer das mulleres, transformando este nun tempo creativo útil, incrementando o seu benestar psicosocial, así como a participación na súa contorna e na sociedade en xeral; reflexionar sobre a violencia de xénero e como erradicala; fomentar momentos de desconexión da monotonía da vida diaria das mulleres, proporcionando un espazo de ocio lúdico e de calidade, no orzamento municipal prevese dotación suficiente para atender a diferencia resultante e garantir o financiamento do servizo.

Documento asinado dixitalmente.
María Teresa Batalla Romero, Concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións veciñais.”

Emitido informe por Secretaría-intervención con data 17/02/2026, e considerando a competencia que corresponde ao Pleno da Corporación de acordo co disposto no artigo 47 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das bases do réxime local,

PROPOÑO a adopción do seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o establecemento do prezo público pola realización da actividade "XXV FESTA DAS PERSOAS MAIORES 2026 DO CONCELLO DE DODRO" de:

A) <u>PERSOAS EMPADRONADAS EN DODRO</u>:

- De 60 anos ou máis.
- Parellas (independentemente da idade) de persoas de 60 anos ou máis, ambos empadronados.
- Persoas coidadoras (independentemente do empadronamento e idade) de persoas empadronadas maiores de 60 anos, que precisen asistir cunha persoa acompañante coidador/a,
- Fillos/as con discapacidade (independentemente da idade e do empadroamento) de persoas empadronadas de máis de 60 anos,

PREZO: 10€/Persoa

B) <u>PERSOAS NON EMPADRONADOS EN DODRO</u>:

- De 60 anos ou máis.
- Parella non empadronada (independentemente da idade) de persoas de 60 anos ou máis que si están empadronado en Dodro.

PREZO: 30€/Persoa

SEGUNDO.- Publicar o acordo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello así como no Boletín Oficial da provincia da Coruña.

TERCEIRO.- Dar conta á Tesourería municipal e ao departamento responsable.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Establécese un precio público; está prevista a asistencia de 400 persoas e establécese un precio público para persoas empadroadas en Dodro de 60 anos ou máis, parellas de 10 euros por persoa; e outro, para persoas non empadroadas en Dodro que poidan vir de acompañantes, de 30 euros por persoa. A documentación está a disposición de cada concelleiro. Voulle dar un turno a cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Si, Bueno. Todos temos a documentación do establecemento de precio público, para esta actividade para o XXV Festa de persoas Maiores de 2026 do Concello de Dodro.*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Este ano, decidimos trasladala ao 9 de maio, porque o ano pasado que fora no mes de setembro, despois dos problemas que tivéramos, pero agora querémola facer no mes de maio.

Xa o compañeiro, o alcalde, xa dixo basicamente o que se propón, as persoas empadroadas en Dodro de 60 ou máis e as parellas, independentemente da idade da persoa, de 60 anos ou máis empadroadas e as persoas coidadoras, independentemente do empadroamento e a idade e, fillos con discapacidade independentemente da idade, do empadroamento, de persoas empadroadas de 60 anos. Este é o precio por cada un, 10 euros/persoa. As persoas non empadroadas en Dodro, de 60 anos ou máis, ou parella non empadroada, independentemente da idade. As persoas de 60 anos ou máis, sin que están empadroados, o precio a cada un de 30 euros.

Aí figura tamén, o concepto en que consiste a festa, en principio orzamentado en 400 menús, a animación musical de 5 horas, 2 agasallos máis a maiores, 400 agasallos gravados a cada persoa, o seguro e o beneficio industrial. Esto vai a 17.600 euros, aí xa figuran: o beneficio industrial, os gastos xerais e o IVE correspondente.

Con esta medida, o prezo público proposto, 10 euros por persoa, faríamos un ingreso de 3.700 euros e das persoas non empadroadas, prevense 30 participantes, serían 900 euros. Os gastos estimados 17.600 e os ingresos estimados 4.600. Entón, o custo xerado para o concello, non cuberto polo prezo público, será de 13.000 euros.

E despois, propoñemos a aprobación de establecemento deste precio público para a Festa das Persoas Maiores, tal como dixen. Nada máis."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de agrupación política de Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Pois, quixera dicir que, nun concello rural como Dodro, cunha porcentaxe elevada de veciñanza xubilada, apoiar ás persoas maiores non é só unha opción política, é unha obriga institucional e moral. Precisamente por iso, porque estamos a falar dun colectivo central no noso municipio, o mínimo que quedaría esperar do goberno municipal, sería traer a este pleno un expediente serio, rigoroso e ben fundamentado. O problema é que o expediente que se nos presentan, non cumpre ese mínimo a nivel de rigor.*

Era unha actividade que se facía antes gratuitamente, desde que está este goberno, pois ahora decidiron cobrar e recadar 4.600 euros. É dicir, que o concello vai asumir 13.000 euros de gastos público para financiar esta actividade. E sin embargo, esa xustificación, simplemente non aparece no expediente.

Non hai ningún estudo que analice, se o prezo público proposto é o máis

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

axeitado, non hai ningún estudo que valore alternativas, non hai ningún criterio social que diferencie situacións económicas distintas entre as persoas asistentes, aquí todo o mundo paga o mesmo. Se de verdade estivésemos ante unha política social pensada para as persoas maiores de Dodro, pois teriamos que concluír que o normal é que esta actividade sexa gratuíta. Tampouco hai ningún cálculo, nin ningún estudio que xustifique que son 400 persoas.

Pero o problema máis grave do expediente, non é o só económico, o problema máis grave é o nivel de desidia e desinterese cos que está redactada a memoria xustificativa, porque na memoria que se nos presenta para xustificar o prezo público, aparecen obxectivos e leo literalmente: visibilizar a importancia da muller na sociedade, previr a violencia de xénero e reflexionar sobre como erradicala.
Pero no punto 2 dise, e leo literalmente: con carácter específico, coa celebración desta festa pretendese organizar un xantar de confraternidade para as persoas maiores do Concello, favorecer as relacións sociais entre a veciñanza e crear un espazo para compartir e desfrutar en compañía.

E todos sabemos que esta actividade, consiste nunha festa das persoas maiores con misas, xantar, música e baile. Por tanto, aquí só hai dúas posibilidades, ou ben, ninguén do goberno municipal leu con atención a memoria que trae ao pleno, ou ben, estamos ante un documento copiado e pegado doutro expediente distinto. E sinceramente, ningunha das dúas explicacións, deixa ao goberno municipal nunha boa posición. Porque non estamos falando dun detalle menor, esa memoria precisamente, é a que se utiliza para xustificar que o prezo público sexa moi inferior ao custo do real da actividade, é dicir, afecta directamente á motivación do acordo que se pretende aprobar hoxe.

Máis aínda, é que se nos fixamos no informe de secretaría-intervención di: a memoria da concellería prevé que o importe do prezo público proposto, non cubre os costes da actividade e acredita, acredita, as razóns culturais e de interese público que o aconsellan. Bueno, como xa digo, dise aquí: os obxectivos son visibilizar a importancia da muller na sociedade e previr a violencia de xénero, propiciar a ocupación activa do tempo de lecer das mulleres, transformando este nun tempo creativo útil, incrementándose o benestar psicosocial, así como a participación na súa contorna e na sociedade xeral, reflexionar sobre a violencia de xénero e como erradicala, fomentar momentos de desconexión da monotonía da vida diaria das mulleres, proporcionando un espazo etcétera... E por isto, pagamos un salario de máis de 60.000 euros ao ano e iso é especialmente grave, cando estamos a falar dunha actividade dirixida a persoas maiores no noso Concello, porque as nosas persoas maiores de Dodro, merecen algo máis que unha festa dun día ao ano e unha memoria mal redactada. Merecen políticas públicas serias, planificadas e pensadas a longo prazo.

Reducir a política municipal de maiores a unha actividade lúdica puntual, por moi agradable que sexa, é unha visión pobre e claramente insuficiente.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Este expediente, amosa claramente o respecto que teñen vostedes e aqueles que votan a favor desta medida, dos nosos maiores, que é ningún. Porque atender e respectar aos nosos maiores, non consiste unicamente en facer unha festa para comer gratis ou casi gratis. Atender e respectar aos nosos maiores, hai que facelo todo o ano, todos os días e non como fan vostedes que os deixan cando lles peta, sen atención."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias. Portavoz do Partido Popular, por favor."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, gracias. Bueno, a nós chámanos máis a atención que unha memoria para a festa dos maiores de Dodro, estea firmado por unha concelleira e non por un técnico, o normal é que o técnico redacte a memoria que é o que ten coñecementos e a concelleira de turno, ratifique a memoria.*

Tamén nos chama a atención o que din do beneficio industrial, porque o beneficio industrial normalmente, aplícase nos contratos de obras, normalmente nos contratos de subministracións e de servizos non se aplica, ou non normalmente. Si que é verdade que pode aplicarse, pero bueno, chama soberanamente a atención.

Chámanos, tamén moito atención que as parellas dos nosos veciños que non viven en Dodro, ou que non están empadroados en Dodro, teñan que pagar 30 euros. Pois non o entendemos, parece que vostedes queren que a xente se case e que teñan un papel. Xa nunha festa, ao principio, pois lle prohibían a entrada, creo recordar que foi na primeira Festa dos Maiores que fixeron no polideportivo municipal, e bueno, pois vaille haber que dicir aos veciños de Dodro que se casen, porque así, pagarían o mesmo, a nós, non nos parece de recibo.

Logo, cada ano andan cambiando a data da festa, un ano é en xuño, outro ano é en setembro, este ano vamos a maio. A ver se o ano que ven non é en xaneiro e por fin, poñemos unha data como Dios manda. Non estamos de acordo con que cobren, evidentemente, non estamos de acordo, porque para dúas cousas que se fan aquí, aos nosos maiores. Unha festa que leva moitos anos celebrándose, aínda que o concello se gaste un pouco de cartos, en esa xente, pois debería de ser o normal, porque ademais, si non prestan os servizos básicos, de maneira áxil e de maneira eficiente, para que os nosos maiores estean atendidos, si non levan acabo, moitos programas para eles, nin teñen moitas actividades, bueno, pois a festa é algo que está institucionalizado, aquí no Concello, e que debería de ser gratis para todos. Esa é a nosa opinión."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si, bueno. Nós igual que o ano pasado, estamos de acordo, xa votamos de aquela, no precio público, vemos que este ano váiselle a cobrar 30 euros ás parellas dos non*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

estean empadroados, pero bueno, non o temos moi claro, porque aquí, no punto este, onde pon, persoas non empadroadas en Dodro, pon, de 60 anos ou máis, hai dous casos, de 60 anos ou máis, non sabemos si son todas que pode vir calquera, e outro caso é a parella non empadroada, independente da idade, por eso non nos queda moi claro. Que bueno, que nos parece ben que si ven alguén de fora, pois que se lle cobre o que costa o menú. Pero queríamos saber se pode vir calquera ou soamente é para as parellas. Simplemente é saber esa pequena aclaración. Poden vir, vale. Pois era simplemente esa aclaración."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. Nós tamén, no sentido do ano pasado. O goberno é un PSOE en minoría, non é quen de chegar a un consenso coas outras forzas do pleno para asuntos que interesan e beneficien a todo mundo, sen coñecer máis que o documento plenario, non podemos aprobar esas cantidades e por qué non outras, non?, que mellor se adapten a Dodro e, polo tanto PSOE en minoría, decide uns prezos, sen ter en conta a opinión de outros grupos políticos e presenta, como un albarán, do que pode supoñer este encontro que se converterá despois en factura."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Un turno máis. Portavoz do Partido Socialista de Galicia para defender, contestar estas dudas."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Vamos a ver. Voceiro de Xente de Dodro, fíxese nos concellos limítrofes que todos teñen unha aportación dos participantes e bueno, usted é todo cargarlle ó Concello, pero bueno, o seu apoio para obter recursos económicos brilla por su ausencia, usted ao seu ritmo.*

Ao PP, ao Partido Popular. Simplemente dicirlle que as persoas que non están empadroadas en Dodro, Dodro non recibe das aportacións do Estado, nin un céntimo. Entonces, gastar os recursos do Concello, en persoas que non están empadronadas en Dodro, non sei, estamos tirando os cartos. Pois é así, é así, é así. E bueno, dígolle o mesmo. Cando é hora de propoñer una ordenanza con efectos económicos para recadar, pois o seu voto é negativo. De onde o sacamos?, temos unha mina aquí...

E o tema de casar, non fai falta casar, hai xente ou parellas de feito e todo es, e bueno, si é que están incumprindo por algo, esa persoas que viven con esa persona, casados ou sin casar, pois algún motivo terán, será para cobrar unha pensión que estaban cobrando noutro lado e se non, a perden. Pero bueno, sexamos legales para todos e todos sabemos que é así."

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Solicito que la intervención del teniente alcalde conste, literalmente, en acta."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A intervención do tenente*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

alcalde, como a de todos."

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *" Bueno eu solicito."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Hasta ahora, están... "*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Tal e como indica o ROM, que se pode facer."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si claro, pero hasta ahora están constando literalmente en acta."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Por si acaso, a partir de ahora, non."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias, pero xa lle digo que hasta ahora, constan literalmente en acta.*

Bueno, eu vou facer un un último uso da palabra, porque efectivamente, o señor portavoz de Xente de Dodro, onde di punto 2 obxectivos, puido haber visto que pon: potenciar a participación e integración das persoas maiores na comunidade, na vida social e cultural do municipio. Por exemplo, onde di, no punto 2 obxectivos: fomentar a participación activa das persoas maiores, como factor de cohesión social e como factor preventivo de determinadas problemáticas. Si que parece que hai un párrafo aquí, ao final da memoria que se traspapelou de outra actividade, si que parece que hai aquí, 6 liñas ao final, que parece que non corresponden aquí, pero bueno, está bastante claro, nos puntos de denominación, obxectivos, persoas destinatarias... E parece tamén claro que si o concello de Dodro, dedica recursos do concello de Dodro, sea para facer a Festas dos Maiores máis levadeira para os veciños e veciñas de Dodro.

Ademais, que me corrixa algún de vostedes, parece que sería bastante ilegal que o Concello de Dodro se dedicase, a invitar a comer, porque sería finalmente invitar a unha festa, a persoas non empadroadas en Dodro, pagadas polos impostos dos veciños e das veciñas de Dodro, pagados polos que si vivimos aquí. Porque podería darse o caso que efectivamente, viñeran veciños e veciñas de Dodro en número de 250 a 300 veciños e 100 veciños de calquera outro concello, porque como a comida costa 10 euros, para todos igual, pois podería ser esto un éxito, pero unha debacle absoluta para os veciños e veciñas de Dodro, que estarían pagándolle a comida a xente que non é veciña de aquí.

Sobre o tema das parellas, bueno, eu discrepo da explicación que dou o meu portavoz, pero si que parece razoable que se explica que as parellas deben estar empadronadas en Dodro, porque teñen a misma calificación de empadronados ou non, sexan parexa ou non sexan parexa. Si alguén ten unha parella de outro concello, pois nós tampouco entramos a ver si é parella, si é moita parella si é pouca parella, si é parella de un día, si é parella de unha semana, si é parella de

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

un mes. Basicamente, o que esta empadroado en Dodro, ten unha axuda do concello de Dodro para esta festa e o que non está empadroado en Dodro, si quere vir, ten que afrontar un custo que efectivamente, é sin o apoio do Concello.

De feito, tivemos moita xente, o ano pasado na última festa, que efectivamente, pois querían vir como acompañantes, pagando o importe total do cuberto. Quero dicir, que non foi ningún problema esto, o ano pasado, non foi ningún problema esto, o ano pasado. Entonces, eu que sei.

Respecto ao tema do que di o portavoz do Bloque. Home, pois efectivamente, somos o PSOE en minoría e temos que traballar e pensamos que a xente de Dodro, merece esta actividade, como leva merecendo desde hai tempo. O único cambio, con respecto ao ano pasado, perdón, con respecto aos anos anteriores, é que intentamos que a xente se comprometa cuns cartos que evidentemente, non chegan a subvencionar, a pagar a festa. E bueno, pois simplemente, entendemos que é un tema de, non sei, de colaboración co Concello e de compromiso do Concello. Non entendemos que fixera falta, porque era o mesmo do ano pasado e simplemente, pequenos cambios. En todo caso, pois vamos a pasar á votación e vamos a ver que sucede."

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 5
0 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 1
1 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Simple
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría simple dos

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

8. RATIFICACIÓN DA ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA), EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CONSOLIDACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS.

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a seguir se transcribe de xeito literal:

"EXPEDIENTE: 2026/A006/000007
ASUNTO: ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA), EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CONSOLIDACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS.
TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Logo de ver a Resolución da Alcaldía núm. 58/2026 de data 09/02/2026 pola que se resolve, entre outros "*Solicitar a adhesión ao "Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias", o cal se transcribe como Anexo".*

Considerando o punto cuarto da dita resolución acorda: "*Cuarto.- Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación. "*

En uso das facultades atribuídas polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 58/2026 de 09/02/2026, que se transcribe como anexo.

SEGUNDO.- Dar traslado á Consellería do Medio Rural e á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, SA (Seaga).

Documento asinado electronicamente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

ANEXO

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

EXPEDIENTE: *2026/A006/000007*
ASUNTO: *ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA), EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CONSOLIDACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS.*
TRÁMITE: *RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA*

Con data do 15 de decembro de 2025 asinouse o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, publicado no DOG núm. 250 do 29/12/2025.o cal se transcribe como Anexo.

O convenio ten por obxecto continuar coa cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, Seaga e os concellos que, se é o caso, poidan voluntariamente adherirse ao sistema público de xestión da biomasa nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa. Este sistema actuará a dous niveis, establecendo unha serie de actuacións que se desenvolverán en todos os concellos adheridos e outras accións, máis intensas, que se levarán a cabo só naquelas parroquias que anualmente se seleccionen de acordo cos criterios de prioridade establecidos na cláusula cuarta deste convenio, que se denominarán ao «parroquias priorizadas».

O convenio prevé a adhesión voluntaria daqueles concellos interesados en obter a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma para o exercicio das súas competencias en relación coa xestión das redes de faixas secundarias de xestión da biomasa. A adhesión dos concellos estará condicionada a que se cumpran os requisitos que se establecen no convenio e existan dispoñibilidades económicas suficientes.

Emitido informe de Secretaría-intervención núm. 25/2026 do 09/02/2026 que consta no expediente, previa solicitude mediante providencia da Alcaldía e considerando que a competencia para a solicitude de adhesión corresponde al Pleno da Corporación municipal.

Sen prexuízo de someter a ratificación plenaria esta actuación, en atención ao previsto no artigo 47.2, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, máis tendo en conta a premura comunicada pola Consellería para efectuar a citada solicitude,

RESOLVO:

***Primeiro**.- Solicitar a adhesión ao "Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e a Empresa Pública de Servizos*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias", o cal se transcribe como Anexo.

***Segundo**.- Comunicar que o Concello de Dodro dispón do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais aprobado con data 10/10/2019.*

***Terceiro**.- Facultar a Francisco Xabier Castro Tourís, alcalde do Concello de Dodro para todos os actos relacionados con esta adhesión ao convenio.*

***Cuarto**.- Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación.*

***Quinto.-** Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.*

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe

ANEXO

Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2025

Reunidos:
Pola Xunta de Galicia, María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das conselleríasda Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, en exercicio das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.
Pola sociedade mercantil pública autonómica, Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), María Luisa Piñeiro Arcos, en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confiren os seus estatutos.

As persoas intervenientes actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

EXPOÑEN:

Primeiro

O territorio da Comunidade Autónoma de Galicia está fortemente afectado polos incendios forestais que provocan a destrución dos seus hábitats naturais e biodiversidade, a ruptura dos equilibrios ecolóxicos, a perda do patrimonio cultural e da paisaxe, e tamén atentan contra a función social dos montes. Ademais, é frecuente que os incendios forestais poñan en risco a vida das persoas e os seus bens, así como das infraestruturas públicas.

O cambio climático xunto co proceso de transformación do medio rural supoñen na actualidade un aumento da carga da dispoñibilidade do combustible, o que trae consigo un maior risco de incendios de gran virulencia que ocasionan escenarios máis complexos e perigosos. Esta circunstancia cobra maior importancia en Galicia por contar cunha elevada superficie na interface urbano-forestal, o cal exixe contar con medidas de xestión do territorio efectivas para garantir a protección da poboación.

A defensa do medio rural contra os incendios forestais precisa dunha planificación do territorio e un modelo de desenvolvemento rural que comprometa todas as administracións, as persoas titulares de terreos forestais, a sociedade do medio rural e, en xeral, o conxunto da cidadanía.
A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, recolle na súa exposición de motivos a crecente proliferación de incendios na interface urbano-forestal que define como as áreas que abranguen o perímetro común entre os terreos forestais e os núcleos de poboación habitados. A norma propón que, ademais de medidas de carácter estrutural, deben adoptarse a curto prazo actuacións que controlen a existencia de biomasa con alto potencial combustible nas proximidades dos núcleos de poboación.

A raíz da vaga de lumes de outubro de 2017, na citada lei leváronse a cabo modificacións normativas, entre elas a da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, pola cal se crea o sistema público de xestión da biomasa dos terreos rústicos incluídos nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa, como sistema de cooperación entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a entidade do sector público autonómico Seaga, a Fegamp e os concellos que voluntariamente se adhiran ao sistema. Este sistema ten como fin a prevención de incendios forestais de modo que se consiga a diminución do número de incendios nas zonas de interface urbana, garantindo o interese público da seguridade das persoas e bens.

Segundo
Conforme a Lei 3/2007, dentro do sistema de defensa contra incendios forestais de Galicia, son esenciais as denominadas redes de faixas de xestión da biomasa, como conxunto de parcelas lineais do territorio, estratexicamente situadas, onde se garante a xestión da biomasa, é dicir, o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas adecuadas, co obxectivo

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

principal de reducir o risco de incendio.

Nestas redes de faixas de xestión da biomasa, a Xunta de Galicia é a competente para xestionar as redes primarias e terciarias, e compete ás entidades locais a xestión das redes secundarias.

É obrigatorio xestionar a biomasa nestas faixas, é dicir, controlala ou eliminala total ou parcialmente, buscando a ruptura da continuidade horizontal e vertical da carga de combustible no terreo forestal e na súa zona de influencia, a través do control ou da eliminación parcial ou total da biomasa vexetal.

As redes secundarias de xestión da biomasa teñen un ámbito municipal e defínense como tales nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Posúen a función prioritaria de protección aos núcleos de poboación, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais. A obriga de xestión da biomasa compete ás persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre as parcelas incluídas nesas faixas.

No suposto de incumprimento destas obrigas por parte dos particulares, compete aos concellos a comunicación da necesidade do seu cumprimento e advertir da execución subsidiaria da dita obriga por parte da Administración local con repercusión de custos, e, de ser o caso, comiso de especies árboreas prohibidas que deba retirar a Administración.

A estrutura da propiedade en Galicia, cunha maioría de parcelas particulares, moitas veces con reducida superficie e ás veces con problemas de titularidade ou con persoas titulares descoñecidas, dificulta esa xestión da biomasa forestal.
A través do convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, asinado o 9 de agosto de 2018, canalizouse a cooperación entre a Administración local e a Administración autonómica como vía para acometer estas tarefas de claro interese público. Mediante este, iniciouse a colaboración nas tarefas de xestión da biomasa vexetal con alto potencial combustible, asegurando a súa retirada con anterioridade á época de perigo de incendios polas persoas titulares das parcelas. Tamén pretendeu, no caso de incumprimento das anteditas obrigas esenciais, asegurar a súa execución subsidiaria, a través de procedementos áxiles, por parte das administración públicas.

Este convenio tiña unha vixencia inicial ata o 31 de decembro de 2021, que foi prorrogada ata o 31 de decembro de 2024. No ano 2025 asinouse un novo convenio cuxa vixencia esténdese ata o 31 de decembro de 2025.

Mediante os anteditos convenios adheríronse un total de 291 concellos, dos que en 268 se conseguiu a aprobación do plan municipal de prevención e defensa

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

contra os incendios forestais. Estes plans quedaron reflectidos a nivel de parcela catastral no visor público de faixas secundarias.

Tamén con base neste convenio, desde 2021 a 2024 inspeccionouse o estado de xestión da biomasa nun total de 2.337.790 parcelas incluídas en faixas secundarias, que corresponde cunha superficie de 171.389 ha. Así mesmo, acadouse unha superficie total de 1.471,75 ha en contratos de xestión da biomasa en parcelas priorizadas, correspondentes a 27.297 parcelas.

Terceiro

Durante o verán de 2025, unha vaga de incendios forestais ameazou o territorio de Galicia, nunha situación de extrema dificultade derivada da combinación de altas temperaturas, fortes ventos e unha seca prolongada que causaron danos graves en bens públicos e privados. Esta situación non se dá exclusivamente en Galicia, senón que está a producirse, en xeral, en toda a Península Ibérica, tanto en España (por exemplo, en Castela e León, Madrid, Asturias ou Andalucía) como en Portugal, onde se están a sufrir fenómenos de índole moi similar aos que se desenvolven na nosa Comunidade Autónoma.

En particular, a situación derivada dos incendios forestais que están afectando o territorio galego adquiriu unha especial complexidade pola confluencia de condicións meteorolóxicas adversas, marcadas por temperaturas extremas, fortes ventos e un período prolongado de seca. Estes factores favoreceron a rápida propagación do lume, ocasionando danos en bens públicos e privados.

A provincia de Ourense concentrou a maior parte dos focos, con incendios de gran magnitude como o de Chandrexa de Queixa. Xunto con outros lumes en Larouco, Agolada, en distintos municipios lugueses e en zonas da provincia da Coruña e Pontevedra, conformouse unha situación de emerxencia sen precedentes, que obrigou á mobilización de milleiros de efectivos autonómicos, estatais e municipais.

Os acontecementos rexistrados determinan unha situación de emerxencia humanitaria e social para a cidadanía afectada, debido aos danos persoais e materiais que se produciron.

Isto fai necesario continuar desenvolvendo os mecanismos de colaboración e cooperación entre todas as administracións implicadas.

Neste contexto, dado que a vixencia do convenio mediante o que se consolidou o sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias remata o día 31 de decembro de 2025, debe procederse á formalización dun novo convenio, que permita avanzar na cooperación que xa se desenvolve e afiance entre a poboación a realización dos traballos preventivos precisos na interface urbano-forestal.

Este convenio instrumenta a continuación da consolidación do sistema de

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

cooperación nas tarefas necesarias para facilitar que as persoas responsables da xestión da biomasa nas redes secundarias poidan cumprir coas súas obrigas. Desta maneira establécese a colaboración técnica da Xunta de Galicia na revisión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais e a súa modificación, de ser o caso. Tamén colaborarán a Xunta de Galicia e os concellos, na execución subsidiaria da xestión da biomasa e retirada de especies árboreas prohibidas, nos casos de incumprimento das obrigas legais, a través de diferentes actuacións. Nas parroquias que se prioricen anualmente,reforzaranse as actuacións, ben mediante a formalización de contratos cos particulares, ben mediante a realización material da execución subsidiaria dos traballos de xestión da biomasa.

Cuarto

Corresponden á Xunta de Galicia, en relación coas entidades locais galegas e de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a cooperación e colaboración, que se poderá levar a cabo mediante a subscrición de convenios.
En particular, o artigo 198 da lei prevé que, coa finalidade da máis eficaz xestión e prestación dos servizos da súa competencia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poden, mediante os convenios, coordinar as políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente as obras ou os servizos da competencia dunha das partes, desenvolver actividades de carácter prestacional e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo ás anteriores.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, tamén regula unha específica colaboración entre a Xunta de Galicia e entidades locais na materia obxecto do presente convenio.

Así, o artigo 1 desta lei establece o seu obxecto de defender os montes ou os terreos forestais fronte aos incendios e protexer as persoas e os bens afectados por eles, promovendo a adopción dunha política activa de prevención coordinada de todas as administracións públicas de acordo coa lexislación galega en materia de emerxencias, baseada, entre outros aspectos, na actuación nos montes e nas áreas lindeiras mediante os tratamentos adecuados da biomasa vexetal e no establecemento das condicións para a protección dos asentamentos rurais respecto aos incendios forestais, no marco dunha política integral de desenvolvemento rural.

A lei atribúe no seu artigo 6 á Xunta de Galicia, para o seu exercicio polo Consello da Xunta de Galicia e a consellería competente en materia forestal, entre outras competencias, as relativas a establecer a política xeral de prevención e loita contra os incendios forestais; programar e executar actuacións de prevención e loita contra os incendios forestais; establecer as medidas de prevención e loita contra os incendios forestais que sexa necesario adoptar tanto pola Administración como polos particulares e asegurar o seu cumprimento; xestionar as redes primarias e terciarias de faixas de xestión da biomasa, coordinaras

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

actuacións das administracións públicas e dos particulares nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais e promover mecanismos de participación social nas devanditas tarefas; e proceder á execución subsidiaria ou directa de traballos preventivos nos termos establecidos na lei.

Segundo o artigo 7 da devandita lei, corresponde aos concellos elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais; adoptar as medidas de prevención de incendios forestais que lles correspondan en terreos da súa titularidade; ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa nas condicións precisas que eviten os incendios e, en particular, xestionar as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade.

Engade o artigo 7 da Lei 3/2007, do 9 de abril, que os concellos, no exercicio da competencia
relativa a ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa nas condicións precisas que eviten os incendios, poderán contar coa colaboración técnica e/ou económica da Xunta de Galicia, nos termos previstos no artigo 59 da devandita lei e consonte o establecido no artigo 331.1 da Lei 5/1997, do 5 de agosto, de Administración local de Galicia.

O antedito artigo 59, «Colaboración coas entidades locais», establece no seu número 1 que a Xunta de Galicia colaborará coas entidades locais para a prevención e extinción de incendios, ben a través de medios propios, ben por medio de mecanismos de apoio económico.
O número 2 do mesmo artigo dispón que a Xunta de Galicia incluirá nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma dotacións económicas para a subscrición de convenios de colaboración cos concellos para, entre outros aspectos, a realización de traballos preventivos nas vías e montes de titularidade municipal e para a xestión da biomasa das parcelas de propietario descoñecido.
Especialmente o artigo 8 da lei, «Cooperación administrativa», establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición nos termos desta lei.
O artigo 21.quater indica que o sistema público de xestión da biomasa nos terreos rústicos incluídos nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa, como sistema decooperación entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a entidade do sector público autonómico Seaga, a Fegamp e os concellos que voluntariamente se adhiran ao sistema, ten por fin a prevención de incendios forestais, de modo que se logre a diminución do número de incendios forestais nas zonas de interface urbana, garantindo así o interese público da seguridade de persoas e de bens. Establece tamén que o sistema público de xestión da biomasa instruméntase a través co correspondente convenio de colaboración, de acordo co previsto neste mesmo artigo.

Pola súa banda, o artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

de febreiro de 2014, prevé unha especial fórmula de cooperación entre administracións públicas e as entidades con personalidade xurídica privada que sexan poderes adxudicadores, ao prever a cooperación vía convenio para establecer ou desenvolver unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se prestan de modo que se logren os obxectivos que teñen en común, cooperación que debe estar guiada unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

En cumprimento das anteriores previsións legais, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, desexa cooperar cos concellos no exercicio das competencias que lles corresponden na xestión das redes de faixas secundarias de xestión da biomasa, o que se instrumenta mediante a consolidación, no presente convenio, dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Este convenio, polo tanto, baséase nos principios de colaboración e cooperación entre administracións, polo que non afecta nin altera o sistema legal de distribución de competencias na materia, recollido na lexislación indicada e, en particular, non afecta as competencias locais nin supón a asunción pola Administración autonómica destas.

Non obstante, tendo en conta a vaga de incendios producida durante o verán de 2025, que, como xa se expresou, foi de especial complexidade pola confluencia de condicións meteorolóxicas adversas, marcadas por temperaturas extremas, fortes ventos e un período prolongado de seca, a Administración autonómica pretende intensificar a súa colaboración especialmente nos concellos de menos de 10.000 habitantes, asumindo como fórmula de colaboración que a consellería competente en materia forestal poida asumir a competencia para ordenar a execución subsidiaria, na forma establecida neste convenio, ademais dodesenvolvemento das actuacións materiais de execución subsidiaria, de acordo co previsto no artigo 22.10 da Lei 3/2007, do 9 de abril.

Quinto
Este convenio prevé a adhesión voluntaria daqueles concellos interesados en obter a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma para o exercicio das súas competencias en relación coa xestión das redes de faixas secundarias de xestión da biomasa.
A adhesión dos concellos estará condicionada a que se cumpran os requisitos que se establecen neste convenio e existan dispoñibilidades económicas suficientes.
Sexto
Seaga é unha sociedade mercantil pública autonómica, a cal actúa en consideración de medio propio e de servizo técnico da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, atendendo a diversas actuacións, entre as que se encontran obras, traballos e prestación de servizos en materias forestais, conservación e protección do medio rural e ambiental, especialmente, destacando a súa intervención na prevención e loita contra os incendios forestais.
Sétimo A Consellería do Medio Rural e Seaga intentaron a negociación deste novo convenio de colaboración coa Fegamp, en liña coa previsión do artigo 21.quater

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

da Lei 3/2007, do 9 de abril. Porén, con data do 4 de decembro de 2025, a Comisión Executiva da Fegamp, reunida en sesión extraordinaria, adoptou sen unanimidade o acordo de «non aceptar a proposta de convenio de colaboración en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, achegada desde a Consellería do Medio Rural o pasado 26 de novembro».
Aínda que, de acordo coa lei, a subscrición do convenio é voluntaria para a Fegamp (o mesmo que para os concellos), a ausencia da Fegamp non pode impedir a continuidade do sistema público de xestión e a continuidade da colaboración da Administración autonómica cos concellos.

Debe terse en conta que a Fegamp non asume no convenio do sistema público obrigas ou compromisos concretos de xestión, achega orzamentaria ou realización material de actuacións, dada a súa natureza e ausencia de competencias na materia, limitándose a súa participación no convenio ata o de agora vixente á súa presencia na Comisión de Seguimento e como mera interlocutora ao servir de canle para que os concellos puidesen formular calquera cuestión á Comisión de Seguimento, aspectos que evidentemente non resultan esenciais e poden ser abordados doutro xeito máis directo.

En particular, a continuidade do sistema público resulta especialmente importante por razóns de interese xeral, tendo en conta as circunstancias acaecidas neste verán do ano 2025. Neste sentido, a pronta posta en marcha das actuacións necesarias para o ano 2026 aconsellan a formalización inmediata deste convenio, o que afondará en ofrecer un marco de seguridade xurídica e de planificación. Así, resulta especialmente oportuna a previsión de incrementar a duración deste convenio, que pasa a ser de catro anos, o que permitirá a imprescindible planificación plurianual das actuacións e contratacións, o que redundará nunha maior eficacia e axilidade.

Polo tanto, a Consellería do Medio Rural e Seaga proceden á formalización deste convenio co obxecto de garantir a continuidade do sistema público a partir do 1 de xaneiro de 2026 e dar un marco de estabilidade aos concellos. Todo isto sen prexuízo de que se prevexa unha eventual e desexable adhesión da Fegamp no futuro, si esta voluntariamente así o decide.

CLÁUSULAS:
Primeira. Obxecto
1. Este convenio ten por obxecto continuar coa cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, Seaga e os concellos que, se é o caso, poidan voluntariamente adherirse ao sistema público de xestión da biomasa nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa. Este sistema actuará a dous niveis, establecendo unha serie de actuacións que se desenvolverán en todos os concellos adheridos e outras accións, máis intensas, que se levarán a cabo só naquelas parroquias que anualmente se seleccionen de acordo cos criterios de prioridade establecidos na cláusula cuarta deste convenio, que se denominarán ao longo do texto «parroquias priorizadas».

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

2. A cooperación que neste convenio se instrumenta ten por finalidade garantir a prevención de incendios forestais, de modo que se acade a diminución do número de incendios forestais nas zonas de interface urbana, garantindo así o interese público da seguridade de persoas e de bens.
3. O obxectivo final do convenio é o de protexer os bens e as persoas cunha acción preventiva eficaz e adaptada á realidade física do territorio, así como á realidade social.

Segunda. Sistema público de xestión da biomasa
1. O sistema público de xestión da biomasa que se establece no presente convenio comprende a colaboración financeira e técnica da Administración xeral da Comunidade Autónoma para garantir a xestión da biomasa das parcelas incluídas nas faixas secundarias de xestión da biomasa dos concellos adheridos ao presente convenio, e inclúe as seguintes actuacións para todos eles:
a) A colaboración técnica da Administración da Comunidade Autónoma para a revisión e, de ser o caso, modificación do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais, segundo establece a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Neste plan deberanse definir os ámbitos prioritarios de actuación, incorporando criterios de eficiencia, eficacia e oportunidade desde unha perspectiva integral.
b) A colaboración técnica da Administración xeral da Comunidade Autónoma e os concellos para o exercicio das competencias que corresponden a estes de execución subsidiaria das obrigas de xestión da biomasa e para a retirada de especies árboreas prohibidas regulada no artigo 22 da Lei 3/2007, por razóns de eficacia e por contar a Administración autonómica con medios técnicos idóneos para o seu desempeño. En concreto, prestarase apoio aos concellos para a realización das seguintes tarefas:
b.1) A realización das actuacións materiais de xestión da biomasa nas redes de faixas secundarias, cando derive da tramitación de procedementos de execución subsidiaria de acordo co establecido na cláusula décima, número 2.c), e nas condicións que se establecen nela. Incluirase dentro desa colaboración a subministración de especies compatibles coas faixas secundarias que colonicen o territorio e impidan a proliferación das especies non permitidas, ao tempo que constrúan unha franxa natural de protección dos núcleos urbanos e fagan innecesarias sucesivas limpas a eito desas parcelas, ou, alternativamente, a creación de parcelas de uso agrario en función do tipo de terreo.
b.2) A realización material de actuacións de xestión da biomasa en vías de titularidade municipal ata un máximo de 12 quilómetros por concello e ano, coas condicións e de acordo co procedemento establecido na cláusula décima, número 2.e). Este límite poderá ser obxecto de ampliación, a través da correspondente addenda ao convenio, unha vez analizada pola Comisión de Seguimento o grao de execución desta actuación.
b.3) O apoio técnico do Servizo de Xestión da Biomasa nos labores de inspección de parcelas incluídas na rede de faixas secundarias, para verificar o cumprimento das obrigas de xestión da biomasa por parte das persoas responsables.
b.4) A colaboración no envío de notificacións ou na publicación no BOE e DOG dos incumprimentos detectados na inspección de parcelas incluídas na rede de faixas

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

secundarias de xestión da biomasa.
b.5) A execución de actuacións preventivas planificadas pola Dirección Xeral de Defensa do Monte distintas das derivadas dos plans municipais da Lei 3/2007, de acordo co establecido na cláusula sexta, número 2.

2. Nas parroquias priorizadas que se establezan cada ano dentro dos concellos adheridos, a Administración autonómica reforzará a prestación do servizo de xestión da biomasa nas redes de faixas secundarias, ben mediante a formalización de contratos de xestión da biomasa, ou ben mediante a realización material das actuacións derivadas da resolución de execución subsidiaria dos traballos de xestión da biomasa adoptada polos concellos adheridos. Incluirase dentro desa colaboración a subministración de especies compatibles coas franxas secundarias que colonicen o territorio e impidan a proliferación das especies non permitidas, ao tempo que constrúan unha franxa natural de protección dos núcleos urbanos e fagan innecesarias sucesivas limpas a eito desas parcelas, ou, alternativamente a creación de parcelas de uso agrario en función do tipo de terreo.

3. En todo caso, este convenio non afecta nin altera o sistema legal de distribución de competencias na materia, recollido na Lei 3/2007 e, en particular, non afecta as competencias locais ni supón a asunción por parte da Administración autonómica destas.

Non obstante, nos concellos de menos de 10.000 habitantes, a consellería competente en materia forestal, de acordo co establecido no artigo 22.10 da Lei 3/2007, do 9 de abril, como fórmula de colaboración, poderá asumir en virtude deste convenio a competencia para ordenar a execución subsidiaria, na forma establecida na cláusula décima 2.b).

4. Este convenio efectúase ao abeiro do previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ao desenvolver a cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir unha prestación do servizo público que ten como obxectivo a prevención e a loita contra os incendios forestais e se guía, unicamente, por consideracións relacionadas co interese público.

Terceira. Adhesión voluntaria a este convenio dos concellos e da Fegamp
1. Calquera concello galego que dispoña de Plan de municipal de prevención de incendios forestais poderá acceder ao sistema público de xestión e á colaboración técnica e económica previstas neste convenio, mediante a súa adhesión voluntaria. Anualmente e dentro dos concellos adheridos, realizarase a selección das parroquias priorizadas, atendendo ás dispoñibilidades orzamentarias, a un maior risco de incendios forestais e, polo tanto, de maior perigo para as persoas e os bens.

2. As solicitudes de adhesión, de acordo co modelo do anexo I, serán dirixidas á

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Comisión de Seguimento do convenio prevista na cláusula décimo terceira e poderán presentarse en calquera momento. Na solicitude deberá constar obrigatoriamente a data de aprobación do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais. A dita solicitude implicará a aceptación de todas as cláusulas deste convenio sen posibilidade de reserva ou excepción. A formalización da solicitude de adhesión deberá ser autorizada polo órgano competente do concello.

3. A persoa titular da Consellería do Medio Rural, por proposta da Comisión de Seguimento, ditará resolución motivada, sobre a adhesión, que se notificará ao concello adherido. A formalización da adhesión farase segundo o anexo IV.
4. Así mesmo, a Fegamp poderá adherirse en calquera momento ao convenio mediante acordo do seu órgano de goberno.

Cuarta. Criterios para a selección de parroquias priorizadas e programación das actuacións.
Delimitación de zonas de actuación prioritaria e urxente
1. Os concellos adheridos poden enviar en calquera momento unha solicitude, coa parroquia ou as parroquias do seu territorio en que considera que deben priorizarse as actuacións relacionadas coa xestión da biomasa nas faixas secundarias da cláusula segunda, número 2, baseándose en factores obxectivos de risco de incendio. A dita solicitude dirixirase á Comisión de Seguimento do convenio.

A Dirección Xeral de Defensa do Monte tamén dirixirá á Comisión de Seguimento do convenio unha proposta con aquelas parroquias en que considera que deben priorizarse as actuacións da cláusula segunda, número 2.

A Comisión de Seguimento valorará as solicitudes presentadas polos concellos e a proposta da Dirección Xeral de Defensa do Monte. Unha vez avaliadas e valoradas, a Comisión de Seguimento elaborará a lista anual de parroquias priorizadas en que se levarán a cabo as actuacións de reforzo previstas na cláusula segunda, número 2, deste convenio.

2. Para determinar, dentro dos concellos adheridos e para cada unha das provincias, cales serán as parroquias priorizadas anualmente, teranse en conta os seguintes criterios que definen o risco de incendio:
a) Concellos afectados por grandes incendios forestais nos 10 anos inmediatamente anteriores.
b) Concellos en que se activase a situación operativa 2 do Peifoga nos 10 anos inmediatamente anteriores.
c) Concellos con parroquia/s de alta actividade incendiaria no Pladiga vixente.
d) Concellos incluídos en zonas de alto risco de incendio forestal.
e) Concellos que durante o ano anterior tivesen vixente o convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Os criterios de prioridade indicados serán desenvolvidos pola Comisión de

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Seguimento do convenio, que aprobará un baremo para decidir sobre as actuacións anuais que sede-senvolverán, e poderán ser revisados durante a vixencia do convenio no marco do balance do impacto das actuacións realizadas. En particular, poderán manterse como parroquias priorizadas na lista anual aquelas que cumpran os criterios establecidos, aínda que nelas non sexa preciso programar traballos de xestión da biomasa nesa anualidade, por terse queimado anteriormente.

Así mesmo, sen prexuízo dos criterios indicados, poderán elixirse ademais como parroquias «priorizadas» aquelas en que se xustifique polas circunstancias concorrentes a existencia dunha maior posibilidade de afectación ou risco de incendios para os núcleos de poboación e en que sexa preciso, polo tanto, facer un maior esforzo de cooperación cos propietarios e cos concellos no cumprimento das súas obrigas legais de xestión das faixas secundarias.

3. A Comisión de Seguimento deste convenio elaborará unha proposta de actuacións para levar a cabo nas parroquias priorizadas elixidas anualmente, tendo en conta en todo caso unicamente criterios técnicos derivados das necesidades da prevención e loita contra os incendios forestais. A dita proposta expresará para cada concello as parroquias e a superficie consideradas en cada caso.

4. Coa proposta de actuacións da Comisión de Seguimento, Seaga elaborará un plan de traballo para parroquias priorizadas que inclúa unha programación coas actuacións concretas por concello e parroquia, incluíndo as partidas e o cálculo orzamentario do custo de execución. Dentro das actuacións que se realizarán poderase incluír a limpeza de camiños de acceso municipais ás parcelas incluídas dentro da franxa de protección con obriga de xestión da biomasa.

5. O plan de traballo para parroquias priorizadas e indicado no número anterior será aprobado pola Comisión de Seguimento do convenio antes do final do mes de marzo de cada ano e será trasladado aos concellos, para os efectos de que este dea publicidade das actuacións e parcelas en que se prevé actuar.

A publicidade indicará a posibilidade, para as persoas responsables de terreos afectados por faixas secundarias en parroquias priorizadas, de formalizar contratos de xestión da biomasa. Así mesmo, recordarase o necesario cumprimento das obrigas legais das persoas responsables da xestión da biomasa de acordo coa Lei 3/2007 e advertirase da posibilidade de execución subsidiaria no caso de incumprimento das indicadas obrigas, así como da eventual imposición de sancións.

6. As formalizacións do modelo de contrato de xestión da biomasa das persoas interesadas serán tramitadas polos concellos. Para estes efectos, os concellos recibirán os modelos de contratos formalizados e, despois da análise da documentación presentada e da comprobación do seu axuste ao réxime xurídico do servizo, remitiraos a Seaga.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Seaga, despois de comprobar o cumprimento dos requisitos legais, comunicará ao particular a súa aceptación, momento en que asumirá as obrigas de xestión da biomasa. Os prazos de ingreso da tarifa do servizo establecidos no anexo II deste convenio computaranse desde a comunicación da aceptación de Seaga.

7. Cando as persoas responsables legais da xestión da biomasa non formalicen os contratos de xestión do número anterior e, ademais, non procedan voluntariamente a realizar a indicada xestión, competerá ao concello o inicio dos procedementos de execución subsidiaria, de acordo coa Lei 3/2007. Para estes efectos, Seaga poderá prestar o apoio aos concellos informándoos da evolución e as necesidades dos traballos.

8. Á vista dos informes que vaia realizando Seaga sobre o progreso dos traballos, a Comisión de Seguimento poderá reprogramar as actuacións no concello ou parroquia.

Así mesmo, a lista anual de parroquias priorizadas poderá ser obxecto de revisión e actualización pola Comisión de Seguimento cando así sexa necesario á vista da evolución da situación climatolóxica e do estado das faixas secundarias, tendo en conta tanto as solicitudes dos concellos como as propostas da Dirección Xeral de Defensa do Monte que se realicen durante o ano.

9. Os protocolos de organización e funcionamento derivados da presente cláusula poderán ser desenvolvidos e precisados pola Comisión de Seguimento do convenio para velar pola máxima eficacia e coordinación das actuacións.

10. Con independencia do establecido respecto das parroquias priorizadas e da súa programación, nos supostos de concorrencia de razóns urxentes derivadas dunha situación obxectiva de grave risco para as persoas ou os bens no caso de que non se efectúe inmediatamente a xestión da biomasa e a retirada de especies prohibidas, de acordo co establecido no artigo 22.7 da Lei 3/2007, do 9 de abril, os concellos adheridos, de oficio ou por requirimento da Dirección Xeral de Defensa do Monte, delimitarán, mediante resolución, nas faixas secundarias da súa competencia, unha ou varias zonas como de actuaciónprioritaria e urxente. En particular, os concellos adheridos comprométense a atender os requirimentos motivados realizados pola Dirección Xeral neste sentido.

Nestes casos, procederase do seguinte modo:
a) Seaga colaborará tecnicamente co concello para a elaboración da delimitación provisional.
b) O concello aprobará provisionalmente a delimitación provisional destas zonas de actuación prioritaria e urxente, que se publicará no Diario Oficial de Galicia e incluirá un apercibimento das consecuencias establecidas na lei no caso de aprobación.
c) Transcorridos quince días, o concello aprobará a resolución pola que se delimitan as zonas, que se publicará no Diario Oficial de Galicia.
d) A publicación habilitará, sen máis trámite, para proceder de maneira inmediata á execución subsidiaria no caso de incumprimento das obrigas de xestión da

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

biomasa ou retirada de especies prohibidas por parte das persoas responsables.
e) A execución subsidiaria efectuarase de acordo co réxime xeral previsto neste convenio, sen que sexa necesaria a previa comunicación individual e apercibimento aos responsables da xestión da biomasa. Se a delimitación fose realizada por requirimento da Dirección Xeral de Defensa do Monte, Seaga encargarase da realización material dos traballos de xestión da biomasa e retirada de especies prohibidas, aínda que os traballos se desenvolvan fóra de parroquias priorizadas.

Quinta. Obrigas xerais dos concellos adheridos
Os concellos que se adhiran voluntariamente a este convenio asumen as seguintes obrigas:
a) Identificar, para os efectos do previsto neste convenio, as persoas responsables das parcelas incluídas nas faixas secundarias de xestión da biomasa, así como os seus domicilios.
Os concellos adheridos asumen a obriga de realizar unha actividade investigadora suficiente, incluíndo a consulta dos rexistros públicos, documentación e información en poder do concello ou que se recade para estes efectos. Para os efectos da identificación das persoas responsables e dos seus domicilios, teranse en conta as previsións da Instrución 1/2018, do 26 de abril, da Consellería do Medio Rural, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies árboreas.

b) Aprobar anualmente, durante todo o período de vixencia do convenio, un plan de actuacións relativas á xestión da biomasa vexetal e á retirada de especies árboreas, que planifique, en particular, as actuacións municipais que resulten necesarias para dar cumprimento ao establecido polo artigo 22 da Lei 3/2007, do 9 de abril, en que se inclúa a subministración de especies compatibles coas franxas secundarias ou, alternativamente, a creación de parcelas de uso agrario, en función do tipo de terreo.

c) Recibir e remitir a Seaga, de ser o caso, as solicitudes das persoas responsables das
parcelas incluídas nas faixas secundarias de xestión da biomasa das parroquias priorizadas do seu municipio, para a formalización dos contratos de xestión da biomasa previstos neste convenio. As solicitudes achegaranse xunto coa documentación prevista no anexo II do convenio e logo da comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos nel.

Sexta. Colaboración financeira para a xestión da biomasa forestal dos montes incluídos
nos concellos adheridos ao presente convenio
1. Conforme o previsto na cláusula segunda deste convenio, a Consellería do Medio Rural comprométese a dar apoio financeiro para garantir a correcta xestión da biomasa forestal dos montes dos concellos adheridos mediante as achegas financeiras previstas no presente convenio.
Para estes efectos, a Consellería do Medio Rural achegará un importe total de

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

61.120.000 euros, distribuídos en catro anualidades de 15.280.000 euros para os exercicios 2026, 2027, 2028 e 2029, con cargo á aplicación orzamentaria 15.02.551B.741.14.

Este expediente tramítase como anticipado de gasto ao abeiro da posibilidade prevista no artigo 1 da Orde do 11 de febreiro de 1998, que regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada, respectivamente, pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, e queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia que se aproben para o ano 2026.

En calquera caso, os documentos xustificativos para o recoñecemento de obrigas derivadas das actuacións aprobadas pola Comisión de Seguimento dos convenios anteriormente vixentes, e que non puideron ser executadas durante a súa vixencia, poderán imputarse ao orzamento do vixente convenio.

2. Atendendo ás necesidades de prevención e loita contra os incendios forestais e á dispoñibilidade orzamentaria, a Administración autonómica poderá reservar ata 2.000.000 euros anuais da súa achega para as actuacións previstas na cláusula segunda, número 1.b).5), planificadas pola Dirección Xeral de Defensa do Monte e distintas das derivadas dos plans municipais da Lei 3/2007.

Para estes efectos, a Dirección Xeral de Defensa do Monte, en calquera momento,
poderá presentar propostas de actuacións das recollidas no parágrafo primeiro desta epígrafe, que se deberán desenvolver no territorio dos concellos adheridos ao convenio, atendendo a factores obxectivos de risco de incendios forestais, de acordo co establecido no artigo 22.10 da Lei 3/2007, do 9 de abril. Nesta proposta priorizaranse as actuacións que redunden na protección dos núcleos de poboación ou de equipamentos municipais. Presentarase á Comisión de Seguimento a relación de actuacións previstas con cargo á contía reservada, para o seu coñecemento e efectos. Cando se desenvolvan en franxas secundarias, a execución destas actuacións seguirá o réxime xeral establecido neste convenio.

Servirá ese importe ademais para a difusión didáctica entre as poboacións das medidas aprobadas nos plans municipais, así como para financiar as medidas participativas de formación e sensibilización social que permitan á poboación entender a problemática, facerse partícipe da solución e asociarse na adopción das medidas preventivas.

Sétima. Plataforma para a xestión da biomasa (Xesbio2), visor e app para dispositivos
móbiles asociada á plataforma
1. Para xestionar a biomasa nas faixas secundarias desenvolveuse unha plataforma integral para a xestión da biomasa, cuxo obxectivo é dar soporte informático ás actuacións dos distintos actores que interveñen no convenio e que permita unha rastrexabilidade de todas as actuacións realizadas polos concellos, por Seaga, pola Administración autonómica e polas persoas responsables da

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

xestión de parcelas nas devanditas faixas.

En concreto, comprende a xestión dos seguintes aspectos:
– Xestión dos procesos de adhesión dos concellos.
– Xestión das parcelas incluídas nas faixas e da titularidade destas.
– Xestión dos plans anuais de actuación sobre as devanditas faixas e as actuacións concretas asociadas.
– Xestión da comunicación cos titulares.
– Xestión da relación dos titulares coas devanditas actuacións, incluíndo xestión contractual e contable.
– Xestión de inspeccións nas devanditas faixas.
– Xestión de execucións subsidiarias sobre parcelas nas devanditas faixas, comisos, cortas, expropiacións.
– Xestión da madeira asociadas ás cortas, comisos.

2. Para axilizar os procesos de rexistro da información asociada ao traballo de campo na base de datos asociada a Xesbio2 desenvolveuse unha ferramenta en mobilidade (app).

Esta app tamén permite a consulta da base de datos de Xesbio2 (tanto de información xeográfica como histórica) para o apoio ás tarefas que se realicen in itinere.

3. Así mesmo, coa finalidade de mellorar a transparencia do sistema, desenvolveuse un visor no cal se mostra e se mantén actualizada a rede de faixas secundarias de xestión da biomasa.

Oitava. Acordo de colaboración para subscribir entre a Consellería do Medio Rural e a
Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para a realización dun labor de apoio
por parte do Instituto de Estudos do Territorio

Co obxecto da levar a cabo o desenvolvemento das actuacións de actualización dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais é preciso un labor de apoio que se articula a través do Instituto de Estudos do Territorio (IET) da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Dado que a execución das devanditas actuacións supón unha necesidade de reforzo dos seus recursos humanos, requírese a sinatura do correspondente acordo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais.
O IET levará a cabo as seguintes actuacións en relación coas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa:
1. A realización dos traballos de análise da información urbanística dos concellos, as construcións e o resto de información necesaria para a xeración das faixas secundarias.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

2. A xestión das referencias catastrais afectadas polas faixas secundarias de xestión da biomasa, así como os datos básicos de superficies, coa finalidade de xerar os mapas dos concellos coas súas faixas secundarias e as súas referencias catastrais para incorporar como documentación gráfica aos plans municipais de prevención e defensa contra incendios forestais.

3. Facilitar e coordinar a información necesaria para a planificación, así como a difusión da información mediante un visor xeográfico.

4. Proporcionar asesoramento para a integración da información facilitada polos concellos.

5. Facilitar as ferramentas integradas dentro do sistema de información xeográfica corporativa para o desenvolvemento dos traballos.
O importe total estimado do reforzo necesario para levar a cabo as devanditas actuacións é de 240.000 euros, distribuídas en catro anualidades de 60.000 euros, e será financiado con cargo ao crédito deste convenio, segundo o disposto na cláusula sexta, facendo para tales efectos as modificacións orzamentarias que correspondan.

Novena. Réxime xurídico do sistema público de xestión da biomasa nas redes de faixas secundarias mediante a formalización de contratos de xestión coas persoas responsables
en parcelas de parroquias priorizadas
1. De acordo co establecido na cláusula 2, número 2, deste convenio, a Administración autonómica realizará actuacións de xestión da biomasa nas parcelas incluídas nas redes de faixas secundarias dos concellos adheridos ao presente convenio e nas parroquias priorizadas, mediante a formalización de contratos de xestión da biomasa coas persoas responsables destas parcelas.
2. As actividades de prestación previstas na presente cláusula considéranse servizo público, de acordo co disposto no artigo 33.1 da Lei 1/2015, de garantía de calidade nos servizos públicos e da boa administración e será aplicable a regulación e garantías establecidas na lei. As ditas actividades serán desenvolvidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas competencias de prevención de incendios, que asume como propias en virtude do presente convenio e, conxunturalmente, mentres
estea en vigor, sen prexuízo das competencias das administracións locais e das obrigas asumidas por estas de acordo con este convenio, e poñeraas, baixo a súa responsabilidade, á disposición da cidadanía.

3. As actividades materiais de xestión da biomasa previstas nesta cláusula serán xestionadas pola Administración autonómica de forma directa mediante Seaga, como entidade instrumental pertencente ao sector público autonómico, sen prexuízo das obrigas que asumen as entidades locais en virtude do presente convenio.
4. O réxime xurídico da actividade prestacional prevista nesta cláusula desenvólvese no anexo II do convenio, no cal se precisan os seguintes aspectos:

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

a) O órgano administrativo competente para a prestación do servizo.
b) Alcance das prestacións en favor das persoas administradas. As persoas beneficiarias do servizo serán as persoas físicas ou xurídicas legalmente responsables da xestión da biomasa vexetal nas faixas secundarias dos concellos adheridos ao presente convenio, de acordo coa Lei 3/2007.
c) Modalidade de prestación do servizo mediante xestión directa a través de Seaga.
d) Definición da situación estatutaria das persoas usuarias do servizo a través da determinación dos seus dereitos e obrigas.
e) Estándares mínimos de calidade do servizo.
f) Os demais aspectos básicos de carácter xurídico, económico e administrativo que definen a actividade prestacional.

En particular, a formalización dos contratos con Seaga determinará a asunción por esta das obrigas das persoas responsables da xestión da biomasa de acordo coa Lei 3/2007,
sempre que as indicadas persoas responsables cumpran o previsto no réxime xurídico da actividade prestacional e no contrato.

5. A Administración autonómica disporá, en todo caso, das potestades precisas para asegurar o bo funcionamento do servizo e garantir e regular a súa prestación, sen prexuízo do exercicio destas potestades, de ser o caso, conforme os acordos adoptados na Comisión de Seguimento deste convenio.

6. As relacións das persoas destinatarias da actividade prestacional prevista nesta cláusula con Seaga, formalizada a través do contrato de xestión da biomasa previsto no anexo III, terán natureza xurídico-privada.

A duración destes contratos será coincidente coa duración do presente convenio de colaboración.
Será obriga de Seaga, como prestador do servizo, formalizar o contrato con todas as persoas responsables da xestión da biomasa vexetal que cumpran os requisitos previstos no anexo II deste convenio, sen prexuízo da aplicación das previsións deste título e da tutela e garantía da posición da persoa destinataria da prestación pola Administración competente.

7. Para os efectos da sustentabilidade financeira do sistema público de xestión regulado na presente cláusula, establécese unha tarifa que deberá ser obxecto de aboamento polas
persoas responsables do cumprimento das obrigas da xestión da biomasa que formalicen o contrato regulado no réxime xurídico do servizo, consistente na cantidade de 420 euros por hectárea e ano.

Esta cantidade, uniforme para todas as persoas responsables, fíxase como inferior aos custos económicos totais das actividades prestadas, de acordo co réxime económico xurídico do servizo que se recolle no anexo II deste convenio, tendo en conta o interese público presente na prevención dos incendios forestais.
Deste modo, o custo total do servizo, no que exceda da tarifa indicada, será

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

cuberto polas achegas da Administración xeral da Comunidade Autónoma e, se é o caso, dos concellos, previstas na cláusula sexta deste convenio.
De igual xeito, estes custos poderán compensarse cos ingresos percibidos por Seaga e derivados do alleamento dos residuos e subprodutos de natureza forestal durante o proceso de xestión da biomasa e especies árboreas.

As tarifas serán percibidas por Seaga, como prestadora da actividade.
O réxime xurídico da actividade prestacional previsto no anexo II prevé que, nos casos de falta de pagamento da tarifa establecida no contrato como contraprestación a cargo das persoas responsables das obrigas de xestión da biomasa, as cantidades debidas terán a consideración de créditos de dereito público, de acordo co previsto no artigo 39 da Lei 1/2015, cuxa recadación na vía executiva corresponderá aos órganos competentes da Administración, atendida a situación estatutaria das persoas destinatarias das prestacións e a responsabilidade última da Administración sobre a actividade.

8. Seaga poderá prestar a actividade de xestión da biomasa mediante os seus propios medios técnicos, persoais ou materiais, ou proceder á contratación total ou parcial das obras e actividades materiais precisas para o cumprimento dos contratos de xestión da biomasa que formalice, de acordo co previsto na lexislación de contratos do sector público, sen prexuízo da súa responsabilidade na organización e xestión dos traballos e da súa calidade técnica, tendo sempre a consideración de poder adxudicador nos contratos que deba subscribir para realizar as prestacións obxecto do encargo.

Na súa contratación das obras e prestacións forestais derivadas deste convenio, Seaga deberá promover, de conformidade coa normativa de contratación pública, a participación da pequena e mediana empresa mediante a división en lotes e demais instrumentos previstos na lexislación de contratos.
Seaga será compensada pola Administración autonómica dos custos derivados da súa actuación, de acordo co indicado nesta cláusula, na cantidade non cuberta pola tarifa fixada para os particulares, con cargo ás cantidades previstas na cláusula sexta deste convenio.

Para tal efecto, a Consellería do Medio Rural transferirá o importe correspondente logo de xustificación de Seaga dos custos soportados pola súa actuación.

Décima. Réxime xurídico do sistema público de xestión da biomasa nas redes de faixas secundarias mediante a cooperación técnica na revisión e modificación do planeamento
municipal de prevención de incendios e no exercicio das competencias que corresponden
aos concellos de execución subsidiaria das obrigas de xestión da biomasa
1. Xunto á colaboración financeira para a xestión da biomasa, mediante este convenio instruméntase a colaboración técnica da Administración xeral da Comunidade Autónoma cos concellos, dados os obxectivos que legalmente teñen en común para a prevención de incendios de acordo coa Lei 3/2007, para o exercicio das competencias que corresponden aos concellos de execución

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

subsidiaria das obrigas de xestión da biomasa e retirada de especies árboreas prohibidas, regulada no artigo 22 da antedita lei, por razóns de eficacia e por contar a Administración autonómica con medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

2. Para estes efectos, están incluídas neste convenio para os concellos adheridos as seguintes actuacións:
a) Realización das seguintes actuacións documentais que sirvan de base aos actos xurídicos que integran os procedementos de revisión ou modificación dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, definición e determinación das faixas secundarias e de declaración polos concellos adheridos da obriga de execución subsidiaria:
– Elaboración técnica da documentación necesaria para a aprobación da modificación do plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais e, en particular, para o labor necesario para a determinación e definición das faixas secundarias de xestión da biomasa.
b) A colaboración técnica da Administración xeral da Comunidade Autónoma e os concellos para o exercicio das competencias que corresponden a estes de execución subsidiaria das obrigas de xestión da biomasa e para a retirada de especies árboreas prohibidas regulada no artigo 22 da Lei 3/2007, por razóns de eficacia e por contar a Administración autonómica con medios técnicos idóneos para o seu desempeño, desenvolvendo as seguintes actuacións para todos os concellos adheridos, tanto nas parroquias priorizadas como non priorizadas:
– Preparación técnica das comunicacións que, conforme o artigo 22 da Lei de prevención de incendios, deben ser enviadas polos concellos ás persoas responsables, lembrando a obriga de xestión da biomasa e retirada de especies árboreas, advertindo da execución subsidiaria con repercusión de custos no caso de que non se cumpran as ditas obrigas e, se é o caso, comiso das árbores.
– Elaboración técnica do anuncio para ser publicado no DOG e BOE, con indicación dos datos catastrais da parcela cando non se puidese determinar a identidade das persoas responsables ou resulte infrutuosa a dita comunicación.
– Elaboración técnica dos documentos base dos actos administrativos para iniciar o procedemento de execución subsidiaria das obrigas de xestión da biomasa e retirada de especies árboreas.
– Elaboración técnica dos documentos base para dar traslado da resolución de execución subsidiaria ao órgano competente para incoar o procedemento sancionador para que se incoe o dito procedemento e se adopte a medida cautelar de comiso das especies árboreas prohibidas.
– Preparación dos documentos necesarios para proceder á venda das ditas especies árboreas comisadas.
– Elaboración dos documentos que permitan delimitar as zonas de actuación prioritaria e urxente en que, polo incumprimento das obrigas de xestión da biomasa e retirada de especies árboreas prohibidas, habiliten a Administración pública competente para proceder de modo inmediato á execución subsidiaria de tales obrigas, pola presenza de factores obxectivos de risco.

As actuacións sinaladas serán efectuadas pola Administración autonómica sen contraprestación ou compensación de custos polos concellos, no marco dos

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

principios de colaboración e cooperación entre administracións, tendo en conta a finalidade das partes de lograr os obxectivos que teñen en común e as consideracións de interese público que guían a actuación, sen prexuízo do disposto no número 4 desta cláusula.

En particular, no caso dos concellos de menos de 10.000 habitantes, intensificarase a colaboración da Administración autonómica mediante a aplicación do seguinte réxime:
– De acordo coa previsión do artigo 22.10 da Lei 3/2007, do 9 de abril, no marco deste convenio, a consellería competente en materia forestal poderá colaborar cos concellos de menos de 10.000 habitantes asumindo a súa competencia para ordenar a execución subsidiaria para todos os terreos rústicos incluídos nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa, tanto das parroquias priorizadas como non priorizadas.
– Non obstante, a competencia para efectuar as comunicacións e os apercibimentos previos á execución subsidiaria, así como a imposición de multas coercitivas, continuará residenciada nestes concellos.
– A asunción da competencia para ordenar a execución subsidiaria poderá realizarse de oficio pola consellería ou por solicitude dos concellos interesados. No caso de presentarse solicitude polos concellos deberá xustificarse o cumprimento dos requisitos da Instrución 1/2018, da Consellería do Medio Rural, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies árboreas, de acordo co establecido no anexo V deste convenio. Nos supostos en que a consellería pretenda a asunción de oficio da competencia para ordenar a execución subsidiaria e o concello non cumprise cos requisitos para proceder á execución subsidiaria, de acordo co disposto no punto terceiro do anexo V, requirirá o concello con carácter previo para o efecto.
– En todo caso, para os efectos do ditado da orde de execución, a consellería valorará a proposta técnica elaborada pola Dirección Xeral de Defensa do Monte en relación coas circunstancias concretas concorrentes no concello, o risco de incendios para os núcleos de poboación e o perigo para persoas e bens, así como as prioridades no empeño dos medios técnicos e materiais dispoñibles. A proposta incluirá a delimitación dos ámbitos da franxa secundaria en que se considera necesaria a execución subsidiaria.
– Nos supostos de actuación de oficio, con carácter previo ao ditado da orde de execución, para os efectos de velar pola coordinación e coherencia de actuacións co concello correspondente, a consellería remitiralle a proposta técnica, para os efectos de que este poida, se o considera pertinente, formular a súa posición ao respecto no prazo de 5 días hábiles, que será ponderada pola Administración autonómica.
– A orde de execución en que a consellería competente en materia forestal asuma a competencia determinará que Seaga xestione, de acordo co establecido no número 5 desta cláusula, a execución material dos traballos de xestión da biomasa e retirada de especies prohibidas nos ámbitos das franxas secundarias específicos que se delimiten na orde de execución, atendendo con carácter preferente as actuacións que se desenvolverán nas parroquias priorizadas, salvo que outra cousa se determine nela en atención ás circunstancias concorrentes.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

– A execución material nestes casos suxeitarase ao establecido neste convenio, por conta dos obrigados á xestión da biomasa.
c) Realización das actuacións materiais de xestión da biomasa nas redes de faixas secundarias e retirada de especies árboreas prohibidas derivadas da tramitación de procedementos
de execución subsidiaria nos seguintes casos:
– Nas parroquias priorizadas das faixas secundarias de todos os concellos adheridos.
– Para todos os concellos adheridos ata un máximo de 10 hectáreas por concello e ano, nas súas faixas secundarias, fóra das parroquias priorizadas. As solicitudes destas actuacións poderán dirixirse á Comisión de Seguimento a partir do 1 de xaneiro. Esta poderá aprobar actuacións subsidiarias ata un máximo indicado de 10 hectáreas por concello e ano, e a programación destas actuacións, respectando en todo caso as dispoñibilidades orzamentarias.

– En todas as faixas secundarias dos concellos de menos de 10.000 habitantes, aínda que se encontren fóra das parroquias priorizadas, cando a consellería competente en materia forestal asuma a competencia para o ditado da orde de execución, de acordo co previsto neste convenio.

En todo caso, a realización dos traballos previstos nesta letra c) requirirá que se teñan realizado polos concellos adheridos as notificacións relativas ao incumprimento das obrigas de xestión da biomasa, de acordo co previsto neste convenio, e de acordo co procedemento descrito na Instrución 1/2018, da Consellería do Medio Rural, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies árboreas. As solicitudes destas actuacións materias polos concellos axustaranse ao establecido no anexo V deste convenio.

Esta actuación material de execución subsidiaria comprenderá a redacción do proxecto técnico por Seaga para a execución subsidiaria, se fose necesario polas características da actuación, ou outro documento técnico que deba servir de base ás actuacións, así como os traballos de xestión da biomasa sobre o terreo e a posterior elaboración da documentación para a liquidación de custos da execución subsidiaria, que comprenderá todos os gastos ocasionados como consecuencia desta.
d) Actualización do manual básico de procedemento, en que se incluirán os modelos da documentación anteriormente referida, así como esquemas e diagramas de fluxos que
clarifiquen aos concellos adheridos a planificación da prevención e a execución de competencias en materia de xestión da biomasa nas redes de faixas secundarias.
e) Realización material de actuacións de xestión da biomasa nas vías de titularidade municipal ata un máximo de 12 quilómetros por concello e ano, en que se actuará na zona de dominio público. As solicitudes destas actuacións poderán dirixirse á Comisión de Seguimento a partir do 1 de xaneiro; na solicitude deberanse indicar as coordenadas de inicio e fin das vías ou delimitar claramente nun plano a súa localización.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

3. As actuacións materiais da Administración autonómica previstas na presente cláusula non supón cesión da titularidade das competencias das entidades locais adheridas nin dos elementos substantivos do seu exercicio, e será responsabilidade do concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte, nos cales se integre a concreta actividade material obxecto desta cláusula.

4. Para os efectos das actuacións materiais de execución subsidiaria e de acordo co previsto no artigo 22.4 da Lei 3/2007, en virtude deste instrumento de colaboración considerarase como Administración actuante a Administración xeral da Comunidade Autónoma, polo que as cantidades que, se é o caso, se perciban da venda das especies árboreas incluídas na execución subsidiaria destinaranse a sufragar os custos das execucións subsidiarias, no marco deste convenio. Así, para cada anualidade, Seaga presentará unha certificación do importe da venda das especies obxecto de comiso por execución subsidiaria, que se descontará das cantidades que se lle aboarán conforme o establecido no número 6 desta cláusula.

Así mesmo, Seaga, nestes casos de execución subsidiaria, percibirá o importe dos custos de xestión repercutidos á persoa responsable, que comprenderá todos os gastos ou custos en que se incorra como consecuencia desta. Para estes efectos, como garantía da sustentabilidade financeira do sistema público de xestión da biomasa, os custos derivados da execución subsidiaria debidos pola persoa responsable terán a consideración de créditos de dereito público da Administración autonómica e a súa recadación executiva corresponderá aos órganos competentes desta.

Nestes casos, a consellería competente en materia de prevención de incendios forestais e, de acordo coa xustificación documental de custos presentada por Seaga, deberá aprobar a liquidación definitiva e notificala á persoa responsable, concedéndolle un período voluntario dun mes para o pagamento dos gastos e custos correspondentes á execución subsidiaria. A xestión recadatoria levarase a cabo polos órganos de recadación competentes da Administración autonómica. En particular, de acordo co establecido no artigo 22.4 da Lei 3/2007, para a liquidación dos custos correspondentes a cada parcela, a Administración terá en conta a cantidade resultante de aplicar a parte proporcional á cabida da parcela o
importe do correspondente contrato, encomenda ou custo dos traballos realizados na zona de actuación.

5. As obrigas de execución material que a Administración autonómica asume de acordo con esta cláusula serán xestionadas por Seaga, de acordo cos seus estatutos, e esta executaraas, xa sexa de forma directa polos seus propios medios persoais, técnicos e materiais ou mediante a súa contratación total ou parcial de acordo co disposto na lexislación de contratos do sector público, sen prexuízo da súa responsabilidade na organización e xestión dos traballos e da súa calidade técnica, tendo sempre a consideración de poder adxudicador nos contratos que deba subscribir para realizar as prestacións obxecto do encargo.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Todo isto sen prexuízo de que en calquera momento poida a Administración autonómica decidir exercelas directamente mediante os seus propios servizos ou medios técnicos, personificados ou non, ou contratalas, segundo o establecido na indicada lexislación de contratos do sector público.

Na súa contratación das obras e prestacións forestais derivadas deste convenio, Seaga deberá garantir, en particular, a participación da pequena e a mediana empresa, mediante a división en lotes e demais instrumentos previstos na lexislación de contratos, de acordo coa normativa aplicable en materia de contratación pública.

6. Seaga será compensada pola Administración autonómica dos custos derivados da súa actuación, de acordo co indicado nesta cláusula, con cargo aos importes establecidos na cláusula sexta deste convenio. Para estes efectos, a Consellería do Medio Rural transferiralle o custo das actuacións en que incorra para realizar as actuacións documentais que sirvan de base aos actos xurídicos que integran os procedementos de aprobación dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, definición e determinación das faixas secundarias e de declaración polos concellos adheridos da obriga de execución subsidiaria.

7. Cando a identidade da persoa responsable non sexa coñecida no momento de proceder á execución subsidiaria e, polo tanto, non sexa posible a exixencia e recadación dos custos dos traballos, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, como Administración actuante, asumirá aqueles con cargo aos orzamentos do convenio, para o efecto de ser considerada beneficiaria da expropiación forzosa por incumprimento da función social da propiedade regulada no artigo 22.11 da Lei 3/2007, do 9 de abril.

Décimo primeira. Obrigas específicas dos concellos adheridos a este convenio na execución subsidiaria da obriga de xestión da biomasa
Serán obrigas dos concellos adheridos ao sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias establecido neste convenio, ademais das que derivan do resto das cláusulas do convenio, en particular, as seguintes:
a) Identificar, para os efectos do previsto neste convenio, as persoas responsables das parcelas incluídas nas faixas secundarias de xestión da biomasa, realizando unha actividade investigadora suficiente, de acordo co previsto neste convenio.
b) Asinar as notificacións ás persoas responsables previstas no artigo 22 da Lei 3/2007, do 9 de abril, en que se lles recordará a súa obriga legal de xestión da biomasa vexetal eretirada de especies árboreas prohibidas, se lles concederá para facelo os prazos legais, e se incluirá a advertencia de que, no caso de persistencia no incumprimento, poderanse impoñer multas coercitivas reiteradas ou ben proceder, sen máis trámite, á execución subsidiaria.

Na comunicación indicada tamén se informará de que a falta de cumprimento das
obrigas indicadas é constitutiva de infracción administrativa, polo que dará lugar ao inicio do procedemento sancionador que corresponda.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

c) Impoñer, se é o caso, as multas coercitivas, previstas na Lei 3/2007, do 9 de abril.
d) Enviar toda a información que se lle solicite por ser necesaria para a realización das actuacións previstas na cláusula anterior.
e) Dar a súa conformidade aos proxectos técnicos que se redacten de acordo coa cláusula anterior, sempre que se axusten aos requisitos legais e técnicos aplicables.
f) Informar das actuacións de execución que puidese realizar a persoa obrigada despois do apercibimento e antes de que se proceda materialmente á execución subsidiaria.

Décimo segunda. Outras actuacións de colaboración técnica e financeira no marco do
sistema público de xestión da biomasa
O artigo 21.quater da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os
incendios forestais, establece a posibilidade de incluír calquera outro tipo de actuacións de colaboracións entre os concellos e a Administración xeral da Comunidade Autónoma, ademais das definidas na propia lei, que teñan por obxecto atinxir a finalidade do sistema
público de xestión da biomasa.
Así, cando nos concellos adheridos existan iniciativas veciñais que contribúan ao cumprimento das medidas preventivas nas faixas secundarias obxecto deste convenio, o sistema público de xestión da biomasa poderá facilitar aos concellos o equipamento necesario para levar a cabo actuacións sobre a biomasa, infraestruturas preventivas ou apoio á intendencia en situación de incendios forestais.

Para tal efecto, os concellos presentarán ante a Comisión de Seguimento a seguinte documentación:
– Memoria xustificativa das actuacións que se van realizar que inclúa a necesidade do
equipamento necesario para levar a cabo as devanditas actuacións.
– Acreditación da inscrición das asociacións veciñais no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia.
– Instrumento de colaboración entre o concello e as asociacións veciñais.
O importe máximo anual para estas actuacións non poderá superar os 150.000 euros anuais.
O importe máximo por concello non poderá superar os 6.000 euros anuais durante a vixencia deste convenio. Neste importe están incluídos os gastos xerais pero non o imposto sobre o valor engadido. Non poderán ser beneficiarias iniciativas veciñais aprobadas durante o período de vixencia do anterior convenio.
Décimo terceira. Comisión de Seguimento
1. Para o seguimento deste convenio constituirase unha comisión de seguimento composta por dúas persoas designadas por cada parte, e un representante por provincia dos concellos adheridos, que será elixido polos propios concellos, e que actuará como canle para que os concellos poidan formular calquera cuestión á

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Comisión de Seguimento. No caso de que a Fegamp se adhira ao convenio, formarán parte tamén da Comisión de Seguimento dous representantes dela.
2. A Comisión de Seguimento, de acordo co establecido no artigo 49.1.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é o instrumento para o seguimento, a vixilancia e o control do convenio e dos compromisos adquiridos polas persoas asinantes, e exercerá as súas funcións de acordo co establecido nos artigos 51.c) e 52.3 daquela.

3. En particular, correspóndenlle á Comisión de Seguimento as seguintes funcións:
a) Recibir as solicitudes de adhesión ao sistema e propoñer a adhesión.
b) Aprobar un baremo, que será revisado anualmente, para decidir sobre as actuacións anuais que hai que desenvolver, valorar e determinar a súa preferencia de acordo co establecido na cláusula cuarta.
c) Reprogramar e reaxustar, se é o caso, as actuacións previstas, tendo en conta os avances nos plans de traballo aprobados presentados por Seaga.

d) Analizar os resultados deste convenio, comprometéndose as partes a analizar a repartición actual de competencias para poder acadar unha maior eficacia no eido preventivo e de seguridade da poboación, promovendo as modificacións legais que se consideren necesarias.
e) Realizar as valoracións e aprobacións que se atribúen á Comisión de Seguimento no número 2 da cláusula sexta.
f) Dar conta dos acordos tomados e da evolución dos traballos realizados en cada concello mediante levantamento da correspondente acta.
4. As partes do presente convenio e os concellos adheridos comprométense a intentar a resolución por mutuo acordo, no seo da Comisión de Seguimento, de cantas diferenzas resulten da interpretación e cumprimento deste convenio, sen prexuízo da competencia da orde xurisdicional contencioso-administrativa para o coñecemento de todas as cuestións e litixios que puidesen xurdir.
5. A Comisión de Seguimento do convenio reunirase cando menos unha vez por trimestre, sen prexuízo da súa convocatoria extraordinaria por petición dun mínimo de dous dos seus membros.

Décimo cuarta. Vixencia
Este convenio ten vixencia desde o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2029, salvo denuncia de calquera das partes antes da súa finalización.
Este convenio poderá ser obxecto de prórrogas xustificadas, seguindo os trámites necesarios para a formalización oportuna, con suxeición ao establecido no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
Décimo quinta. Causas de resolución De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, son causas de resolución deste convenio, entre outras:
a) A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito cun mes de antelación á
data en que desexe a súa finalización.
b) O incumprimento das cláusulas do convenio.
c) O mutuo acordo das partes.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Décimo sexta. Modificacións
As modificacións deste convenio formalizaranse mediante addenda, cos mesmos requisitos e coas mesmas condicións que se exixen para a súa aprobación.
Décimo sétima. Publicidade e transparencia
1. As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de transparencia e goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia coa Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

2. Tamén se publicará este convenio no Diario Oficial de Galicia.

3. Para os efectos de acadar a máxima transparencia e publicidade da actividade pública, a Administración autonómica e os concellos manterán información accesible á cidadanía nas páxinas web institucionais que permita o seguimento das actuacións reguladas neste convenio, e, en especial, información sobre as seguintes cuestións:
a) Concellos adheridos ao convenio.
b) Lista de parroquias priorizadas e programación das actuacións.
c) Franxas secundarias en que se teñen efectuado as notificacións e apercibimentos aos propietarios.
d) Franxas secundaria en que se está procedendo á realización material dos traballos de xestión da biomasa polos concellos e por Seaga.
En particular, coa finalidade de mellorar a transparencia do sistema de xestión da biomasa na rede de faixas secundarias, a cidadanía terá acceso ao estado das actuacións efectuadas polos concellos ou pola Administración autonómica mediante a Plataforma para a xestión da biomasa (Xesbio2), prevista na cláusula sétima, a través do visor asociado á plataforma, dispoñible na seguinte ligazón: https://mapas.xunta.gal/visores/faixas

Décimo oitava. Natureza e réxime xurídico
1. Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido no seu artigo 6.1.

2. Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións e, como proba de conformidade, asínase dixitalmente por todas as partes, no lugar e data arriba indicados.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Décimo novena. Protección de datos de carácter persoal
1. Respecto á protección de datos, as partes asinantes e os concellos adheridos observarán o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDPGDD), e na demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

2. A Consellería do Medio Rural tratará os datos protexidos relativos á información catastral de acordo coa correspondente autorización de cesión de datos da Xerencia Rexional do Catastro, de conformidade co establecido na Resolución da Dirección Xeral do Catastro, do 31 de xullo de 2006 (BOE do 11 de setembro).

A lexitimación para o seu tratamento baséase no exercicio de poderes públicos, en concreto, o exercicio das competencias que lle corresponden á Administración autonómica na loita contra incendios forestais, con base no establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, queestablece no seu artigo 7.d) que corresponde aos concellos a ordenación da execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios e, en particular, a ordenación e execución subsidiaria da xestión da biomasa nos termos dos artigos 21, 22 e 23, contando para iso coa colaboración técnica e/ou económica da Xunta de Galicia nos termos previstos no artigo 59, conforme o establecido no artigo 331.1 da Lei 5/1997, do 5 de agosto, de Administración local de Galicia, e no marco do convenio de colaboración asinado entre a devandita consellería e Seaga para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa.

A Consellería do Medio Rural comunicará a información catastral aos concellos adheridos ao sistema respecto das parcelas correspondentes ao seu territorio única e exclusivamente para o cumprimento da finalidade prevista na normativa citada no parágrafo anterior, e queda prohibida a cesión, pola súa vez, dos datos a terceiros.

3. Nos termos establecidos no artigo 77 do Real decreto 417/2006, do 7 de abril, polo que se desenvolve o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, a información catastral está suxeita á lexislación sobre propiedade intelectual, correspondendo os datos obxecto da cesión á Dirección Xeral do Catastro.

María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural; María Luisa Piñeiro Arcos, representante da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.

ANEXO I
Modelo de solicitude de adhesión ao convenio de colaboración subscrito

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias

Don/dona (nome e cargo), en nome e en representación do Concello..., en virtude das facultades conferidas...

DECLARA:
Que o (órgano competente do Concello) acordou, con data do... de... de..., solicitar a adhesión ao convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Que o concello dispón de plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais, aprobado con data do...

MANIFESTA:

A vontade do (Concello) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados del e con suxeición plena a todas elas.

(Lugar, data e sinatura)

ANEXO II

Réxime xurídico do sistema público de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies árboreas nas redes de faixas secundarias de xestión
da biomasa de competencia municipal

1. A Administración prestadora do sistema público de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies árboreas nas redes de faixas secundarias establecido en virtude do convenio de colaboración.

1.1. De acordo co establecido na cláusula 2, número 2, do convenio, a Administración autonómica reforzará a prestación do sistema público de xestión da biomasa nas parcelas incluídas nas redes de faixas secundarias nas parroquias priorizadas dos concellos adheridos, mediante a formalización de contratos de xestión da biomasa cos titulares dos montes.

As actividades de prestación previstas neste anexo considéranse servizo público, de acordo co disposto no artigo 33.1 da Lei 1/2015, de garantía de calidade nos servizos públicos, e serán aplicables a regulación e garantías establecidas na lei. As ditas actividades serán desenvolvidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas competencias de prevención de

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

incendios, que asume como propias en virtude deste convenio e, conxunturalmente, mentres estea en vigor, sen prexuízo das competencias das administracións locais e das obrigas asumidas por estas de acordo co presente convenio, e poñeraas, baixo a súa responsabilidade, á disposición da cidadanía.

1.2. A Administración autonómica, como Administración responsable da prestación da actividade prestacional, disporá, en todo caso, das potestades precisas para asegurar o bofuncionamento do servizo e garantir e regular a súa prestación, sen prexuízo do exercicio destas potestades, se é o caso, conforme os acordos adoptados na Comisión de Seguimento do convenio.
1.3. As competencias administrativas sobre o servizo serán exercidas pola Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural, ou o órgano directivo de nivel equivalente que, de ser o caso, asuma as súas competencias, a través dos departamentos territoriais da devandita consellería.
1.4. Corresponderá á Dirección Xeral de Defensa do Monte a elaboración da carta do servizo, que será elevada para a súa aprobación á persoa titular da Consellería do Medio Rural, consonte o previsto polo artigo 42 da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.
2. Ámbito territorial e temporal de prestación do servizo.
2.1. O servizo será prestado nos termos municipais dos concellos adheridos ao convenio de que forma parte integrante este anexo ou nas parroquias daqueles que se determinen nos instrumentos de adhesión ao convenio.
2.2. O servizo terá carácter temporal e a súa duración coincidirá co período a que se estende a vixencia do convenio.

3. Obxecto do servizo e alcance das prestacións ás persoas usuarias.
O servizo ten por obxecto a realización material dos traballos necesarios para dar cumprimento á obriga de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies árboreas das persoas responsables nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa de competencia municipal, de acordo coas instrucións técnicas impartidas pola Dirección Xeral de Defensa do Monte e no ámbito territorial e temporal definido no número anterior.

4. Forma de xestión do servizo.
O servizo será xestionado directamente pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través do seu medio propio personificado Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (en diante, Seaga), en colaboración cos concellos en cuxos termos municipais aquel se preste.
Seaga poderá prestar a actividade de xestión da biomasa mediante os seus propios medios técnicos, persoais ou materiais, ou proceder á contratación total ou parcial das obras e actividades materiais precisas para o cumprimento dos contratos de xestión da biomasa que formalice, de acordo co previsto na lexislación de contratos do sector público, sen prexuízo da súa responsabilidade na organización e xestión dos traballos e da súa calidade técnica, tendo sempre a consideración de poder adxudicador nos contratos que deba subscribir para a realización das prestacións obxecto do encargo.

5. Persoas usuarias do servizo.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

5.1. Poderán acceder á condición de usuarias do servizo as persoas ás cales, consonte o artigo 21.ter da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, corresponde a responsabilidade da xestión da biomasa vexetal e a retirada de especies árboreas nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa de competencia municipal incluídas no ámbito territorial de prestación do servizo definido no número 2.1.
5.2. Ás persoas usuarias do servizo seralles de aplicación o estatuto xeral das persoas usuarias recollido no artigo 38 da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, ademais dos restantes dereitos e obrigas establecidos na regulación do servizo e nos contratos de prestación deste.

6. Acceso ao servizo.
6.1. O acceso á prestación do servizo será voluntario para os propietarios e efectuarase mediante a formalización dos contratos de xestión da biomasa.
A adhesión poderá realizarse a partir da publicación polo concello do proxecto concreto de actuacións previstas de acordo co indicado na cláusula cuarta do convenio.
As adhesións voluntarias das persoas interesadas realizarase mediante a formalización do modelo de contrato de xestión da biomasa que serán tramitadas polos concellos.

6.2. A presentación da solicitude de prestación do servizo realizarase no modelo normalizado de uso obrigatorio polas persoas interesadas (anexo III), que será publicado no DOG o día da publicación deste convenio, preferentemente por medios electrónicos. En todocaso, as persoas xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica, así como as persoas representantes destas, estarán obrigadas a presentar a solicitude por medios electrónicos, consonte o establecido polo artigo 14.2, letras a), b) e d), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6.3. As solicitudes de prestación do servizo irán acompañadas dos seguintes documentos e datos:
a) Acreditación da propiedade do predio ou da titularidade do dereito de aproveitamento daquela, se correspondese a unha persoa distinta á propietaria.
No caso das comunidades propietarias de montes veciñais en man común, as solicitudes deben incluír o acordo previo da asemblea xeral da comunidade propietaria, ben por medio de copia da acta da asemblea, ben por medio de certificación expedida pola persoa titular da secretaría da comunidade.
b) Referencia catastral do predio.
c) Modelo de contrato previsto no anexo III do convenio formalizado pola persoa interesada.
6.4. Os concellos adheridos ao convenio analizarán a documentación presentada e comprobarán o seu axuste ao réxime xurídico do servizo. En particular, comprobarán que as solicitudes de prestación do servizo cumpran os requisitos establecidos no número anterior e se refiran a predios situados nas redes secundarias de faixas de xestión da biomasa da súa competencia incluídas no ámbito territorial de prestación do servizo definido no número 2.1.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

No prazo máximo dun mes desde a entrada da solicitude no rexistro electrónico do concello, ou desde que a persoa emende as eventuais faltas ou xunte os documentos preceptivos, aquel dará traslado da solicitude a Seaga e notificarallo á persoa interesada.

6.5. Seaga, unha vez recibida unha solicitude de prestación do servizo nos termos previstos polo número anterior, despois de comprobar o cumprimento dos requisitos legais, comunicará á persoa solicitante a súa aceptación, remitíndolle copia do modelo de contrato recollido no anexo III formalizado tamén coa sinatura do órgano competente da sociedadepública, momento en que asumirá as obrigas de xestión da biomasa. Os prazos de ingreso da tarifa do servizo computaranse desde a comunicación da aceptación de Seaga.

6.6. Seaga comunicará ao concello correspondente a formalización de todo contrato de prestación do servizo, coa indicación da referencia catastral do predio a que se refira, así como as circunstancias posteriores que afecten a vixencia ou a eficacia do contrato.

7. Contido dos contratos de prestación do servizo: obrigas das partes.
7.1. As relacións dos destinatarios da actividade prestacional prevista no convenio con
Seaga, formalizada a través do contrato de xestión da biomasa previsto no anexo III, terán natureza xurídico-privada.
Os contratos de prestación do servizo preverán que, na súa virtude, Seaga asume para todos os efectos legais a responsabilidade da xestión da biomasa vexetal e a retirada de especies árboreas que correspondese á persoa usuaria no predio a que se refira o contrato durante todo o prazo de vixencia deste.
7.2. Como consecuencia do establecido no número anterior, os contratos de prestación do servizo incluirán as seguintes obrigas de Seaga:
a) Realizar anualmente os traballos necesarios para a xestión da biomasa vexetal e a retirada de especies árboreas no predio a que se refira o contrato, consonte as instrucións técnicas da Dirección Xeral de Defensa do Monte e nos prazos legalmente previstos, sendo responsable en todo caso da xestión e venda dos residuos e subprodutos de natureza forestal xerados durante o proceso. Estas instrucións técnicas garantirán a calidade, de acordo coa técnica forestal, dos traballos que se realicen.
b) Formalizar todos os requisitos administrativos preceptivos para a realización dos traballos a que se refire a alínea anterior. Para estes efectos, os contratos de prestación do servizo incluirán expresamente a atribución a Seaga da representación da persoa usuaria ante as administracións públicas competentes.
c) Comunicar á persoa usuaria coa antelación suficiente o comezo da realización dos traballos, así como o remate destes no prazo máximo de dez días desde que se produza.
7.3. Os contratos de prestación do servizo incluirán as seguintes obrigas da persoa usuaria:
a) Facilitar o acceso ao predio a que se refira o contrato do persoal e os medios facultados por Seaga para a prestación do servizo, logo de comunicación cursada por aquela.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

b) Non obstaculizar a realización dos traballos necesarios para a prestación do servizo.
c) Aboar a tarifa prevista no número 9.

8. Duración dos contratos de prestación do servizo.
Os contratos de prestación do servizo terán un prazo de vixencia único que se estenderá desde a data da súa formalización ata o remate da vixencia do convenio. Así mesmo, incluirán unha cláusula que subordine a súa vixencia á do convenio de colaboración de que deriven.

9. Réxime económico de prestación do servizo.
9.1. Para efectos da sustentabilidade financeira do sistema público de xestión da biomasa, establécese unha tarifa que deberá ser obxecto de aboamento polas persoas responsables do cumprimento das obrigas da xestión da biomasa que formalicen o contrato regulado neste réxime xurídico do servizo, consistente na cantidade de 420 euros por hectárea e ano.

Esta cantidade, uniforme para todas as persoas responsables, fíxase como inferior aos custos económicos totais das actividades prestadas, de acordo co réxime económico xurídico do servizo que se recolle, tendo en conta o interese público presente na prevención dos incendios forestais.
As tarifas serán percibidas por Seaga, como prestadora material da actividade.
A contía da tarifa concretarase nos contratos de prestación do servizo en proporción á cabida do predio. Para estes efectos, atenderase á cabida consignada no título de propiedade daquel ou, na súa falta, á que figure no catastro inmobiliario.
9.2. A tarifa aboarase anualmente a Seaga polos medios que esta determine, os cales deberán incluír necesariamente os medios electrónicos de pagamento enunciados no atigo 98.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. O primeiro pagamento efectuarase dentro dos dez días seguintes ao da comunicación da aceptación de Seaga e sinatura por esta do contrato de prestación do servizo, que preverá expresamente que a súa eficacia queda condicionada á realización daquel. Os pagamentos sucesivos efectuaranse no primeiro mes de cada ano natural en que se vaian levar a cabo os sucesivos traballos de prestación do servizo.

Nos casos de falta de pagamento da tarifa establecida no contrato como contraprestación a cargo das persoas responsables das obrigas de xestión da biomasa, as cantidades debidas terán a consideración de créditos de dereito público, de acordo co previsto no artigo 39 da Lei 1/2015, cuxa recadación na vía executiva corresponderá aos órganos competentes da Administración, atendida a situación estatutaria das persoas destinatarias das prestacións e a responsabilidade última da Administración sobre a actividade.

9.3. Os maiores custos que supoña a prestación do servizo con respecto á tarifa establecida neste número serán compensados a Seaga pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de acordo co establecido no convenio de colaboración. De igual xeito, os devanditos custos poderanse compensar parcialmente cos ingresos xerados polo alleamento de todos os subprodutos de

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

natureza forestal orixinados durante o proceso de xestión da biomasa e retirada de especies árboreas.

10. Responsabilidade derivada da prestación do servizo.
10.1. A formalización dos contratos con Seaga determinará a asunción por esta das obrigas das persoas responsables da xestión da biomasa de acordo coa Lei 3/2007, sempre
que as indicadas persoas responsables cumpran o previsto no réxime xurídico da actividade
prestacional e no contrato.
10.2. A responsabilidade polos danos e perdas ocasionados ás persoas usuarias ou a terceiras persoas polas operacións necesarias para a prestación do servizo exixirase á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia mediante reclamación administrativa
dirixida á persoa titular da Consellería do Medio Rural.

11. Causas de suspensión e finalización anticipada da prestación do servizo.
11.1. Os contratos de prestación do servizo preverán como causas de suspensión da prestación deste o incumprimento polas persoas usuarias das obrigas recollidas no número 7.3. A suspensión da prestación do servizo deixará en suspenso a asunción por Seaga da responsabilidade da xestión da biomasa vexetal e a retirada de especies árboreas que correspondese á persoa usuaria desde que se lle comunique a esta por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción. Así mesmo, Seaga comunicará ao concello correspondente a suspensión da prestación do servizo.
11.2. Os contratos de prestación do servizo preverán como causas de resolución o incumprimento
reiterado pola persoa usuaria das obrigas recollidas no número 7.3 e a desistencia da persoa usuaria, que dará dereito á devolución da tarifa, se se tivese aboado e non
se tivesen realizado os traballos da anualidade a que corresponda. A resolución do contrato comporta a finalización da prestación do servizo e, xa que logo, a recuperación pola persoa usuaria da responsabilidade da xestión da biomasa vexetal e a retirada de especies árboreas desde que se lle comunique por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción. Así mesmo, Seaga comunicará ao concello correspondente a finalización da prestación do servizo.

12. Suxestións e queixas das persoas usuarias.
As persoas usuarias poderán presentar suxestións e queixas en relación coa prestación do servizo a Seaga, que estará obrigada a trasladalas á correspondente dirección territorial
da Consellería do Medio Rural, ou ben a esta última directamente. De tratarse dunha queixa, a xefatura territorial elaborará unha proposta de resolución que elevará á Dirección Xeral de Defensa do Monte para a súa resolución e notificación ao interesado no prazo máximo dun mes desde o seu traslado a aquela ou a súa recepción, en caso de presentación directa.

ANEXO III

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Modelo de contrato de xestión da biomasa no marco do sistema público de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies árboreas nas redes de faixas secundarias

En ..., ... de ... de 20...
Dunha parte, ..., maior de idade, con DNI núm.... e domicilio en..., número de teléfono..., enderezo de correo electrónico..., actuando en nome propio/en nome e representación de..., como acredita mediante copia de escritura de poder bastante (en diante, a persoa usuaria).

Doutra parte, a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (en diante, Seaga), representada por...

Acordan formalizar este contrato de xestión da biomasa no marco do Sistema público de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies árboreas nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa (en diante, o servizo), á persoa usuaria no predio con referencia catastral..., situado no termo municipal de... (en diante, o predio), baixo as seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto do servizo
O servizo ten por obxecto a realización material dos traballos necesarios para dar cumprimento á obriga legal de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies árboreas que corresponde á persoa usuaria do predio, de acordo coas instrucións técnicas impartidas pola Dirección Xeral de Defensa do Monte da Xunta de Galicia.

Segunda. Obrigas de Seaga
Seaga asume para todos os efectos legais a responsabilidade da xestión da biomasa vexetal e a retirada de especies árboreas que correspondese á persoa usuaria no predio durante todo o prazo de vixencia deste contrato.

Como consecuencia, Seaga obrígase a:
a) Realizar anualmente os traballos necesarios para a xestión da biomasa vexetal e a retirada de especies árboreas no predio, consonte as instrucións técnicas da Dirección Xeral de Defensa do Monte e nos prazos legalmente previstos, sendo responsable en todo caso da xestión e venda dos residuos e subprodutos de natureza forestal xerados durante o proceso.
b) Formalizar todos os requisitos administrativos preceptivos para a realización dos traballos a que se refire o parágrafo anterior. Para estes efectos, mediante este contrato a persoa usuaria atribúe a Seaga a súa representación ante as administracións públicas competentes.
c) Comunicar á persoa usuaria con antelación suficiente o comezo da realización dos traballos, así como o remate destes no prazo máximo de dez días hábiles desde que se produza.

Terceira. Obrigas da persoa usuaria

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

A persoa usuaria obrígase a:
a) Facilitar o acceso ao predio a que se refira o contrato do persoal e os medios facultados por Seaga para a prestación do servizo, logo de comunicación cursada por aquela.
b) Non obstaculizar a realización dos traballos necesarios para a prestación do servizo.
c) Aboar a tarifa prevista na cláusula quinta deste anexo.

Cuarta. Duración do contrato
O contrato terá un prazo de vixencia que se estenderá desde a data da súa formalización ata o fin da vixencia do convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, en que se soporta a prestación deste servizo. Así mesmo, a súa vixencia estará subordinada á do convenio de colaboración de que deriva.

Quinta. Tarifa pola prestación do servizo
1. A prestación do servizo realizarase a cambio dunha tarifa anual de ... euros, que é o resultado de multiplicar 0,0420 pola superficie do predio expresada en metros cadrados (... metros cadrados).
2. A tarifa aboarase a Seaga polos medios que esta determine, os cales deberán incluír necesariamente os medios electrónicos de pagamento enunciados no artigo 98.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O primeiro pagamento efectuarase dentro dos dez días seguintes á comunicación da aceptación de Seaga e sinatura por esta do contrato de prestación do servizo. A eficacia deste contrato queda expresamente condicionada á realización do pagamento. Os pagamentos sucesivos efectuaranse no primeiro mes de cada ano natural en que se vaian levar
a cabo os sucesivos traballos de prestación do servizo.

Nos casos de falta de pagamento da tarifa establecida no contrato, as cantidades debidas terán a consideración de créditos de dereito público, de acordo co previsto no artigo 39 da Lei 1/2015, cuxa recadación na vía executiva corresponderá aos órganos competentes da Administración, atendida a situación estatutaria das persoas destinatarias das prestacións e a responsabilidade última da Administración sobre a actividade.

Sexta. Responsabilidade de Seaga pola prestación defectuosa do servizo
A formalización dos contratos con Seaga determinará a asunción por esta das obrigas das persoas responsables da xestión da biomasa de acordo coa Lei 3/2007, sempre que as indicadas persoas responsables cumpran o previsto no réxime xurídico da actividade prestacional e no contrato.

Sétima. Causas de suspensión da prestación do servizo
Seaga poderá suspender a prestación do servizo en caso de incumprimento pola

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

persoa usuaria das obrigas recollidas na cláusula terceira deste anexo. A interrupción da prestación do servizo deixará en suspenso a asunción por Seaga da responsabilidade da xestión da biomasa vexetal e a retirada de especies árboreas que correspondese á persoa usuaria desde que se lle comunique a esta por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción. Así mesmo, Seaga comunicará ao concello correspondente a suspensión da prestación do servizo.

Oitava. Causas de resolución do contrato e finalización da prestación do servizo

1. Serán causas de resolución do contrato:
a) O incumprimento reiterado pola persoa usuaria das obrigas recollidas na cláusula terceira do anexo, apreciada por Seaga.
b) A desistencia da persoa usuaria, que dará dereito á devolución da tarifa, se se tivese aboado e non se tivesen realizado os traballos da anualidade a que corresponda.

2. A resolución do contrato comporta a finalización da prestación do servizo e, xa que logo, a recuperación pola persoa usuaria da responsabilidade da xestión da biomasa vexetal e a retirada de especies árboreas desde que se lle comunique por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción. Así mesmo, Seaga comunicará ao concello correspondente a finalización da prestación do servizo.

Novena. Suxestións e queixas da persoa usuaria
A persoa usuaria poderá presentar suxestións e queixas en relación coa prestación do servizo a Seaga, que estará obrigada a trasladalas á correspondente xefatura territorial da Consellería do Medio Rural ou ben a esta última directamente.

Décima. Marco xurídico do presente contrato e normativa complementaria
Este contrato baséase no convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a través da consellería do Medio Rural, e Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, publicado no Diario Oficial de Galicia do..., para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias e na adhesión formalizada a este sistema polo concello en que se encontra o predio xestionado.
Polo exposto, o réxime xurídico deste contrato intégrase co réxime xurídico do servizo establecido no anexo II do indicado convenio.

En particular, de acordo co disposto no artigo 33.1 da Lei 1/2015, de garantía de calidade no servizos públicos, será aplicable a regulación e garantías establecidas na lei e consideraranse servizo público as actividades de prestación previstas neste contrato, desenvolvidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas competencias de prevención de incendios e xestión da biomasa, que asume como propias en virtude deste convenio e, conxunturalmente, mentres estea este en vigor, sen prexuízo das competencias locais e das obrigas asumidas por estas de acordo co convenio, e poñeraas, baixo

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

a súa responsabilidade, á disposición da cidadanía.

A Administración autonómica, como Administración responsable da prestación da actividade prestacional, disporá, en todo caso, das potestades precisas para asegurar o bo funcionamento do servizo e garantir e regular a súa prestación, sen prexuízo do exercicio destas potestades, se é o caso, conforme os acordos adoptados na Comisión de Seguimento do convenio.
Sen prexuízo do indicado, as relacións dos destinatarios da actividade prestacional prevista neste contrato con Seaga, como xestora directa do servizo, terán natureza xurídico- privada.

O contido deste contrato integrarase co réxime xurídico dos servizos públicos de titularidade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia previsto no capítulo I do título III da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración. En particular, á persoa usuaria seralle de aplicación o estatuto xeral das persoas usuarias recollido no artigo 38 da devandita lei.

Décimo primeira. Xurisdición competente
Para a resolución dos litixios que, de ser o caso, resulten deste contrato as partes sométense aos xulgados e tribunais con xurisdición no municipio de..., con renuncia expresa aos que por foro propio lles puidesen corresponder.
E, en proba de conformidade, asinan este documento, en dobre exemplar e para un único efecto, no lugar e na data indicados ao inicio.

ANEXO IV
Modelo de formalización da adhesión ao convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias

..., conselleiro/a do Medio Rural, en exercicio das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.
Don/Dona (nome e cargo), en nome e en representación do Concello..., en virtude das facultades conferidas...

DECLARAN:
Primeiro. Que, con data do..., publicouse no Diario Oficial de Galicia o convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Segundo. Que, con data do..., o Concello presentou a solicitude de adhesión ao convenio, regulada na súa cláusula terceira.

Terceiro. Que a Comisión de Seguimento acordou, tras a súa valoración, a

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

aceptación da adhesión, propoñendo esta á persoa titular da Consellería do Medio Rural.

Cuarto. Que, a través da Resolución do... de... de..., a persoa titular da Consellería do Medio Rural acepta a adhesión do Concello...
Por todo o exposto,

MANIFESTAN: Primeiro. Que, a través de esta acto, se formaliza a adhesión do Concello de... ao convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Segundo. Que o Concello de... asume con esta adhesión as obrigas e compromisos derivados de todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, con suxeición plena a todas elas.
(Lugar e data)
....

Conselleiro/a do Medio Rural Alcalde/alcaldesa do Concello de...

ANEXO V

Solicitudes dos concellos para a execución subsidiaria

Primeiro. As solicitudes de execución subsidiaria por parte dos concellos respecto das parcelas que se atopan dentro das faixas secundarias definidas no Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do concello presentaranse do seguinte xeito:
– Parcelas que se atopan dentro de parroquias priorizadas: o concello debe solicitalo a través do Rexistro Electrónico da Dirección Xeral de Defensa do Monte. Esta solicitude non ten que ser aprobada pola Comisión de Seguimento e non ten limitación de superficie.
– Parcelas que se atopan dentro de parroquias non priorizadas: o concello debe solicitalo á Comisión de Seguimento do convenio a través do Rexistro Electrónico da Dirección Xeral de Defensa do Monte, que deberá aprobar e comunicar esta ao concello solicitante, ou requirir que se emende no caso de que a solicitude non cumpra cos requisitos do punto sétimo da Instrución 1/2018, do Medio Rural.
Segundo. As actuacións aprobadas quedarán limitadas, en todo caso, á superficie da parcela afectada pola faixa secundaria, e á limitación xenérica de 10 ha por concello e ano, no caso de parcelas que se encontran dentro de parroquias non priorizadas. Quedan excluídas expresamente do convenio as parcelas ou parte das parcelas que están dentro de núcleo, e tamén as parcelas que non están incluídas no plan, ata o momento que estas se incorporen.

Terceiro. Os concellos deben xustificar os requisitos da Instrución 1/2018, do Medio Rural:
– Datos catastrais da parcela.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

– Identificación da persoa responsable e título polo cal é considerada como tal.
– Feitos que motivan a comunicación ou o requirimento e modo de constatación destes.
– Concreta obrigación incumprida co seu fundamento legal.
– Prazo máximo para o cumprimento voluntario. Computarase desde o día seguinte ao da recepción da notificación da comunicación ou do requirimento ou da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial del Estado e será de:
1º. Quince días naturais no caso das obrigas recollidas nas letras a), b) e e) do punto segundo da Instrución 1/2018.
2º. O tempo que considere o órgano actuante en función da superficie afectada e as condicións desta, sen superar os seis meses, no caso das obrigas recollidas nas letras c) e d) do punto segundo desta instrución.
– Apercibimento execución subsidiaria de que, en caso de persistencia no incumprimento logo do transcurso do prazo outorgado, se procederá á execución subsidiaria sen máis trámites.

O apercibimento incluirá unha referencia expresa á obriga legal da persoa titular do terreo ou do dereito de aproveitamento deste de facilitar o acceso ao suxeito que realice os traballos de execución subsidiaria e á facultade deste último de acceder sen necesidade de consentimento da persoa titular, agás naqueles supostos excepcionais en que o acceso afecte, dentro da parcela, espazos físicos susceptibles de merecer a cualificación de domicilio para os efectos do artigo 18.2 da Constitución.

– Liquidación provisional dos custos a que previsiblemente dará lugar a devandita execución subsidiaria, coa advertencia de que se procederá á súa exacción inmediata en caso de persistencia no incumprimento, logo do transcurso do prazo outorgado, sen prexuízo da liquidación definitiva unha vez rematados, de ser o caso, os traballos. A liquidación provisional consiste no establecemento dunha cantidade estimada por hectárea dos traballos necesarios para xestionar a biomasa.
– Advertencia procedemento sancionador. En caso de persistencia no incumprimento logo do transcurso do prazo outorgado, iniciarase tamén o correspondente procedemento sancionador, indicando expresamente a Administración competente para sancionar, a cualificación da infracción e a contía máxima da sanción pecuniaria que se poida impoñer.

E para facilitar os traballos de colaboración e constatación do cumprimento dos requisitos da Instrución 1/2018, enviarase ao correo conveniobiomasa@epseaga.com unha táboa cos seguintes datos das parcelas obxecto de actuación:
– Referencia catastral.
– Data notificación/publicación.
– Parroquia.
– Lugar/polígono/parcela.
– Hectáreas afectadas por execución subsidiaria.
– Liquidación provisional dos traballos de xestión da biomasa.
– Data da constatación do incumprimento.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

– Persoa responsable da xestión biomasa."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"É o convenio que xa levamos varios anos asinando coa Xunta e SEAGA, en onde nos comprometemos, o Concello se compromete a facer. En xeral, SEAGA encargaríase da limpeza de faixas, da xestión das faixas e bueno, está a disposición de vostedes. Voulle dar un turno a cada portavoz para si consideran explicalo e si teñen algún dúbida. Portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Si. Como puideron ver na resolución, trátase de ratificar esa resolución, de solicitar a adhesión ao convenio de colaboración coa Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Rural e a empresa SEAGA, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais.*

E bueno, comunicar tamén que o Concello de Dodro, dispón dun Plan municipal de prevención e defensa de incendios forestales, aprobado o 10/10/2019. Cando foi a primeira, en facultar ao alcalde, Xabier Castro, aos actos relacionados con esto e o pleno, será o que ditamine si se ratifica ou non."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Ben. O que se trae hoxe ao pleno, non é exactamente unha decisión é unha ratificación. O expediente, deixa claro que xa se iniciou o procedemento mediante a resolución da alcaldía que o que se pide agora ao pleno, é ratificar esa decisión. É dicir, o pleno non decide realmente se o Concello se adhire ou non a este sistema, simplemente se limita a ratificar unha decisión que xa foi tomada pola Alcaldía.*

Tratándose dun asunto que afecta á xestión do territorio e á política municipal de prevención de incendios, pensamos que o debate político debería producirse antes e non despois de tomar a decisión.

Nun concello rural como o noso, cun territorio en gran parte forestal, é unha cuestión fundamental para a seguridade das persoas e das vivendas. Pero precisamente por iso, debemos facer tamén unha reflexión seria sobre a política municipal que se desenvolveu nestes anos, nesta materia. Porque este goberno leva gobernando Dodro, desde o ano 2019 e durante este tempo, non se impulsaron medidas relevantes para mellora a prevención de incendios no noso Concello. E aquí hai algo que debemos lembrar, hai anos, cando se promoveu unha concentración parcelaria forestal en boa parte do monte do municipio, fíxose precisamente, cun obxectivo moi claro, reorganizar o monte, crear parcelas de maior tamaño, abrir pistas forestais, facilitar o acceso e facer posible unha xestión forestal máis racional. Ese proceso afectou, aproximadamente, a dous terzos do monte do noso Concello. Foi unha medida de planificación territorial moi importante que permitiu ordenar o territorio e mellorar as condicións para a prevención dos incendios. Pois ben, pois a pesar de ter esa

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

base territorial xa reorganizada que non todos os Concellos de Galicia teñen, o que vemos hoxe é que o goberno municipal, non foi capaz de desenvolver unha política activa de prevención no territorio. E agora, tráese este convenio ao pleno como solución, pero o que realmente se desprende deste expediente é outra cousa, que o Concello ten que recorrer á Xunta, para que lle faga unha parte importante do traballo que debería estar liderando a Administración Municipal, porque non estamos falando só de cooperación entre Administracións, estamos falando de inspeccións, expedientes, execucións subsidiarias e incluso sancións aos propietarios. E iso, leva a unha situación que debemos analizar con moita cautela, porque, pode dar a impresión de que o Concello renuncia a exercer plenamente a súa capacidade de xestión sobre o territorio e traslada esa responsabilidade á Administración Autonómica.

Nun concello como Dodro que xa fixo un esforzo importante de ordenación do monte mediante a concentración forestal, o que deberiamos ter é unha política municipal clara de prevención, unha política baseada en planificación, mantemento das faixas, colaboración cos propietarios e xestión activa do territorio e non, simplemente, confiar en que outra administración veña resolver os problemas."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Nós non temos nada que alegar, estamos de acordo. SEAGA consideramos que fai un bo traballo e vámoslle a dar adiante a este convenio."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal de Dodro."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si. Nós tamén estamos de acordo con esta ratificación da adhesión, o que non sei é que pasaría si non aprobamos a ratificación? Di que non pasa nada, aquí no pleno, independentemente; o sea, o portavoz de Xente de Dodro di que independentemente do que fagamos aquí no Concello que o adhesión ao convenio xa está feita e aquí, nós en principio, non pintamos nada, basicamente. Entonces, bueno...*

Outra cousa que lle quería preguntar ao concelleiro do ramo, é si sabe cantas actuacións fixo SEAGA, por exemplo o ano pasado aquí en Dodro, cantas hectáreas limpou SEAGA durante o ano 2025? Pero imos a votar a favor."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. A ver, nós en esto non decidimos nada novo, sempre rexeitamos os actuais modelos da Xunta do PP que non mira ben, entendemos, polo rural non, o que é o seu conxunto, non? A Xunta de Galicia, para nós, debería ser quen asumira*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

tamén a protección dos núcleos rurais, notificacións, sancións para limpar as fincas e por suposto, a súa lóxica xestión e un cambio, por suposto, tamén de modelo permanente non temporal para os efectivos de extinción.
É necesario, pensamos, reabrir un proceso negociador, para que un modelo preventivo máis eficaz sexa posible e que a Xunta, a verdade, que intente eludir responsabilidades. O que está, non como escoitamos, hai un pouco, a Xunta é botar, sempre balóns fora. En este caso, como non, ao Concello que o espreme, para que asuma outra responsabilidade que non nos corresponde, desde o noso punto de vista, sen dotacións como, eu que sei no caso do SAF, ou no último escándalo, coa Lei de Patrimonio que se falou aquí, para desenvolveren os concellos e metida pola porta de atrás, facendo que nos fagamos cargo de deficiencias do sistema de prevencións de incendios.

Axilidade a esto que vamos a aprobar, é o que lle pediriamos a este convenio para que, a veciñanza, tivera realmente un bo servicio. Pero tamén, negociar con Catastro, o que tamén cumpliría e actualizar os datos, como ferramenta imprescindible para a localización das persoas propietarias e así, se desenvolvería ben, unha parte importante do que se denomina medio rural que para nós, está a medias realmente.

É unha mágoa que un concello pequeno e rural coma Dodro que teña que asumir, unha e outra vez, este tipo de cargas."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Un turno máis ao portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Si. Respecto ao voceiro de Xente de Dodro, paréceme ben o tema da parcelaria, pero, debe usted lembrar que cas súas decisións intentou paralizala, a punto estivo de ir abaixo.*

Unidade Veciñal de Dodro, mire que eu saiba, ningunha, ou non teño coñecemento."

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Bueno."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"No, así que, o feito."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Limpieza..."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Con estos trámites, no aquí..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A pregunta..."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"A pregunta era cantas fixo."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vale. Bueno, algo máis?"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Si, si. Ao BNG, doulle a razón, porque o único que carga con este e máis trámites, a facer polo concello, dos que xa mesmo, sin facelos, se lle daba traslado á Consellería como hasta agora. Agora, si se executaron os traballos, como non ven de volta aquí, pois non teño coñecemento."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno. Eu, nunha última intervención, simplemente dicir que é moi bonito vir aquí a contarnos contos a todos. Dodro, consta que ten unha concentración parcelaria, pero fíxoa a Xunta, pagouna a Xunta e fíxoa a Xunta. Dodro desfrutouna por un acordo que se fixo coa Xunta que Dodro, como vostede moi ben sabe, non pode facer, non pode asumir unha concentración parcelaria, cos custos que supón.*

E segundo, está moi ben, eu reconozco que eu tamén podería ter, seguro que cada un de nós tería unha opinión distinta sobre este convenio, seguro. Seguro que saldríanos mellor para o Concello de Dodro, pero entendo que é un convenio que nos facilita certo traballo, a nivel de control de franxas, e bueno, esperamos e confiamos que SEAGA, por fin, se faga cargo de todas as súas obrigacións, deste convenio e que a todos nos vai moito mellor a partir de ahora. Nós seguimos traballando con ese interese, co interese en que a xestión do monte sea mellor cada día e posiblemente, se tivésemos capacidade, asinariamos outro convenio. Pero ahora mesmo, é o que temos encima da mesa, digo entre Xunta de Galicia, SEAGA, participou a FEGAMP e a nós, o Concello de Dodro, con todo o territorio e masa forestal que temos, vennos moi ben estar, adherirnos a este convenio. Polo tanto, penso que debemos todos, ter certo sentido común e vamos a proceder a votación."

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

9. RATIFICACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚMERO 675/2025 DE DATA 22/12/2025 E NÚMERO 78/2026 DE DATA 16/02/2026 CORRIXIDA POLA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 117/2026 DE DATA 25/02/2026 RELATIVAS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN E DODRO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO 2026

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a seguir se transcribe de xeito literal:

"EXPEDIENTE: 2025/A006/000013 (relacionado co expediente 2025/A008/0000044)
ASUNTO: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN E DODRO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO 2026.
TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA A RATIFICACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚMERO 675/2025 DE DATA 22/12/2025 E NÚMERO 78/2026 DE DATA 16/02/2026 CORRIXIDA POLA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 117/2026 DE DATA 25/02/2026.

Logo de ver a Resolución da Alcaldía núm. 675/2025 de data 22/12/2025 pola que se aproba o convenio de colaboración entre os concellos de Padrón e Dodro para a xestión de servizos compartidos ao abeiro da convocatoria de subvencións para obradoiros duais de emprego 2026.

Logo de ver a Resolución da Alcaldía núm. 78/2026 de data 16/02/2026, corrixida pola Resolución da Alcaldía núm. 117/2026 de data 25/02/2026, pola que se aproba a addenda ao convenio de colaboración entre os concellos de Padrón e Dodro para a xestión de servizos compartidos ao abeiro da convocatoria de subvencións para obradoiros duais de emprego 2026.

Considerando o punto oitavo da resolución 675/2025 e o punto segundo das resolucións 78/2026 e 117/2026 polo que se resolve *"Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación.”

Propoño ao pleno a ratificación do presente ACORDO:

PRIMEIRO.- Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 675/2025 de data 22/12/2025 así como a Resolución da Alcaldía núm. 78/2026 de data 16/02/2026, corrixida pola Resolución da Alcaldía núm. 117/2026 de data 25/02/2026, que a se transcriben como anexo.

SEGUNDO.- Dar traslado ao Concello de Padrón.

Documento asinado electronicamente
O alcalde
Francisco Xabier Castro Tourís

ANEXO

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

RESOLUCIÓN ALCALDÍA 675/2025

EXPEDIENTE: 2025/A006/000013 (relacionado co expediente 2025/A008/0000044)
ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN E DODRO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO 2026
TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A).

O artigo 3 da Orde do 14 de novembro de 2025 sinala que os proxectos de obradoiros duais de emprego poden ser promovidos polos concellos e que poderán concorrer agrupacións de concellos como entidades promotoras beneficiarias da subvención.

Logo de ver o texto do Convenio de colaboración entre concellos de Padrón e Dodro para a xestión de servizos compartidos ao abeiro de convocatoria de subvencións para o servizo compartido, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do proxecto de obradoiros duais de emprego co fin de participar na convocatoria da mencionada subvención.

Logo de ver o informe de secretaría-intervención número 230 do 22/12/2025 que consta no expediente, previa solicitude mediante providencia da alcaldía e considerando que ningunha outra administración está a desempeñar a competencia en materia de obradoiros duais de emprego no Concello de Dodro, e que ao abeiro do disposto no artigo 22.2 p) en relación co 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, o órgano competente é o Pleno da Corporación.

Sen prexuízo de someter a ratificación plenaria esta actuación en atención ao previsto no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, pero tendo en conta que o prazo para a solicitude de subvención finaliza o 26 de decembro de 2025 e en atención as competencias atribuídas ao Alcalde nos apartados d) e s) do artigo 21.1 da mesma Lei, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar o Convenio de colaboración entre os Concellos de Dodro e Padrón para a xestión compartida do Obradoiro dual de emprego Padrón Dodro 2026, tendo en conta o texto que se transcribe como ANEXO.

Segundo.- Designar ao alcalde do Concello de Padrón como representante da agrupación ante a Consellería de Emprego,

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Comercio e Emigración.

Terceiro.- Aprobar o proxecto do Obradoiro de Emprego dos concellos de Padrón e Dodro denominado: **Obradoiro dual de emprego Padrón Dodro 2026**

Cuarto.- Aprobar a solicitude de subvención, conxuntamente co concello de Padrón, á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (Xefatura Territorial de A Coruña), para o financiamento do **Obradoiro dual de emprego Padrón Dodro 2026**, ao abeiro da ORDE do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (DOG nº 228 do 25 de novembro de 2025) coas seguintes características:
Especialidades solicitadas:

- Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería: CÓDIGO AGAO0108
- Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización: CÓDIGO EOCB0209
- Nº de alumnos por especialidade: 10
- Duración: 9 meses.
- Valoración económica solicitada á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración 445.576,00€

Quinto.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 14 de novembro de 2025 da consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Sexto.- Comprometerse a achega económica de 1.500,00 € do Concello de Dodro ao financiamento do proxecto do **Obradoiro dual de emprego Padrón Dodro 2026**, para os gastos que non sexan subvencionados pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Sétimo.- Comprometerse a financiar as actuacións contempladas nas memorias que a continuación se detallan, na parte que non sexa subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no caso de ser aprobada a especialidade de Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización EOCB0209:

- MEMORIA DE OBRADOIRO EMPREGO: PAVIMENTACIÓN PATIO ESCOLA DE CHENLO (SAN XIÁN DE LAÍÑO), do 22 de decembro de 2025, redactada por Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canais e portos de Estudio Técnico Galego SA, actuación de PAVIMENTACIÓN PATIO ESCOLA DE

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

CHENLO (SAN XIÁN DE LAÍÑO

- MEMORIA DE OBRADOIRO EMPREGO, do 22 de decembro de 2025, redactada por Olga María Pérez Sanmartín, arquitecta do Concello de Dodro, actuación de REPARACIÓN E PINTADO DE PARAMENTO INTERIOR DE DESPACHO NA CASA DO CONCELLO

E no caso de ser aprobada a especialidade de Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería CÓDIGO AGAO0108:

- As actuacións previstas na MEMORIA DE ACTUACIÓNS A REALIZAR NO CONCELLO DE DODRO NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO PADRÓN DODRO 2026, asinada o 22/12/2025

Oitavo.- Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación.

Noveno.- Dar traslado da presente resolución ao Concello de Padrón.

Décimo.- Dar Conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL

Documento asinado dixitalmente
O alcalde en funcións, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe

ANEXO

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE CONCELLOS PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DE CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE CONCELLOS PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DE CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS:

CONCELLO DE PADRÓN

CONCELLO DE DODRO

PARA O SERVIZO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROXECTO DUN OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO CO FIN DE PARTICIPAR

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

NA CONVOCATORIA DA SEGUINTE SUBVENCIÓN:

Bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

REUNIDOS:

Os Sres. Alcaldes dos seguintes concellos:

CONCELLO DE PADRÓN

CONCELLO DE DODRO

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local e o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

E X P O Ñ E N :

1.- Que o actual escenario financieiro e a situación de crise económica para os concellos e en particular para os concellos de Galicia precisa a búsqueda de solucións que permitan prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade, posibilitando a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a través da convocatoria de subvencións para a realización, por parte dos concellos de Padrón e Dodro, de obradoiros duais de emprego.

2.- Que os Concellos son competentes para promover, prestar e xestionar actividades e nos termos establecidos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecendo esta última que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderán promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

3.- A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación e adquisición como de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, co fin de poder prestar aos veciños uns servizos de calidade.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

4.- Que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten convocada a Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, figurando entre as actuacións a formalización dun convenio de colaboración cos Concellos en base ao artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia que establece "*Os municipios, independentemente ou asociados, prestarán (...) servizos*".

5.- Coa finalidade de poñer en marcha a actuación prevista e dar cumprimento aos requisitos esixidos pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración os concellos deben cumprir todos os requisitos recollidos na Orde de convocatoria (artigo 3.2) en concreto o seguintes:

"*As entidades promotoras deberán ser competentes para a execución das correspondentes obras e servizos e dispoñer da capacidade técnica e de xestión suficiente para a realización dos proxectos*"

6.- A competencia enténdese atribuída aos 2 Municipios de acordo ao diposto no artigo 3.3.d) da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración, que di que non se entenderá como exercicio de novas competencias "*a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención*."

7.- O contido mínimo destes instrumentos de colaboración entre administracións está previsto no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, como son os órganos que o celebran, a competencia, o seu financiamento, as actuacións a desenvolver, o prazo de vixencia, causas de extincións, etc.

Os acordos que se subscriban non suporán alteración das competencias atribuídas ós órganos administrativos nin de responsabilidades que correspondan ás autoridades e funcionarios relativas ó funcionamento dos servizos públicos.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

8.- A achega económica que de xeito individualizado tería que facer cada Concello, así como os outros medios necesarios para levar a efecto a actuación e a correspondente xestión posterior resultarían antieconómicas e moi gravosas, tanto para os intereses dos municipios afectados, como para a propia Consellería, pois terían que financiarse tantas actuacións como municipios para acadar o mesmo fin, polo que resulta máis eficiente empregar infraestruturas comúns.

9.- Por outra banda, os concellos asinantes carecen de medios financieiros suficientes para executar a actuación e para unha maior eficacia administrativa e en areas dos principios de cooperación, colaboración e asistencia que deben presidir as relacións interadministrativas, as partes acordan proceder ao desenvolvemento da actuación conxunta seguinte **Obradoiro dual de emprego Padrón Dodro 2026,** polo que tódalas partes asinantes deste documento estiman conveniente para os intereses públicos presentar un proxecto conxunto para o seu financiamento con cargo a Orde do 14 de novembro de 2025, que terá por obxecto a posta en funcionamento do **Obradoiro dual de emprego Padrón Dodro 2026.**

Por todo o anterior, e co obxecto de acadar o fin proposto, os concellos comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto.

Ao amparo do establecido no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e a Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 14 de novembro de 2025, co obxecto de presentar un proxecto conxunto para o seu financiamento con cargo a esta orde os concellos de Padrón e Dodro acordan solicitar un proxecto conxunto, denominado **Obradoiro dual de emprego Padrón Dodro 2026** que terá por obxecto a formación das persoas desempregadas que resulten seleccionadas en dúas especialidades:

- Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería. CÓDIGO: AGAO0108

- Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización. CÓDIGO: EOCB0209

Acordando os concellos asinantes do presente convenio designar como representante e aos efectos de presentación da solicitude, tramitación dos expediente de contratación e selección de persoal

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

que resulten necesarios, xustificación do proxecto e demais obrigas impostas polas normas reguladoras ao Concello de Padrón. Con tal fin, o municipio asociado efectuará a favor do representante os pertinentes acordos de delegación para a realización das actuacións obxecto deste convenio.

Segunda.- Finalidade.

O presente acordo ten por finalidade establecer o réxime de organización e funcionamento asociado do **Obradoiro dual de emprego Padrón Dodro 2026.**

Terceira.- Principios básicos da actuación.

A realización das actuacións asociadas ao abeiro do proxecto denominado **Obradoiro dual de emprego Padrón Dodro 2026** baséase nos principios de eficacia, eficiencia, colaboración e boa administración, e ten como finalidade acadar os seguintes obxectivos:

1. Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada.

2. Proceder a unha distribución efectiva dos recursos dispoñibles para dar resposta as necesidades da poboación mediante unha adecuada planificación previa.

3. Minorar custos individuais en favor dos colectivos.

Cuarta.- Ámbito de aplicación.

O ámbito territorial da prestación asociada do **Obradoiro dual de emprego Padrón Dodro 2026** é a totalidade dos termos municipais de Padrón e Dodro.

Quinta.- Sede do servizo.

A sede do obradoiro de emprego será compartida polos dous concellos.

Sexta.- Coordinación do servizo.

A coordinación asociada do **Obradoiro dual de emprego Padrón Dodro 2026**, corresponde os Concellos de Padrón e Dodro.

Sétima.- Dirección do Servizo.

A dirección política e administrativa do obradoiro de emprego

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

corresponderá aos Alcaldes de Padrón e Dodro que asumirán conxuntamente a xefatura do mesmo.

Oitava.- Xestión administrativa do servizo.

A xestión administrativa será desenvolta polo concello de Padrón, referíndose esta a todo o relacionado co persoal, contratación administrativa, xestión de axudas, xestión ordinaria, etc. sen que elo supoña menoscabo das competencias de cada Alcalde.

Poderase realizar un regulamento de réxime interno de funcionamento.

Novena.- Obrigas normativas.

Os concellos deberán modificar ou aprobar, no seu caso, as ordenanzas e regulamentos que poidan afectar ao funcionamento do servizo previa aprobación pola comisión de seguimento.

Décima.- Medios materiais, patrimoniais e persoais do servizo.

Os concellos de Padrón e Dodro poñerán todos os medios materiais, patrimoniais e persoais necesarios para levar a cabo o **Obradoiro dual de emprego Padrón e Dodro 2026.**

Décimo primeira.- Financiamento do servizo.

O servizo será financiado pola subvención que no seu día se conceda pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ao abeiro da Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (Código de procedemento TR353A), e as achegas que realicen os Concellos que se concretan no seguinte:

Concello de Padrón

Dispoñibilidade de locais para o desenvolvemento das actuacións e medios materiais, valorados en 14.000,00 euros

Achega económica de 5.000 €

Concello de Dodro

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Achega económica de 1.500 €

Décimo segunda.- Comisión de Seguimento.

Para o desenvolvemento do presente acordo constitúese unha comisión de seguimento para o seguimento das obrigas que adoptará as medidas oportunas, da que formarán parte o Alcalde e outro representante de cada concello.

Décimo terceira.- Vixencia.

O presente acordo estará vixente a partir da data da sinatura do mesmo ata a finalización do proxecto do **Obradoiro dual de emprego Padrón Dodro 2026**, no caso de ser concedido pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Décimo cuarta.- Resolución.

Será motivo de rescisión do presente convenio calquera das seguintes causas:

- Por finalizar o período de duración establecido no convenio ou calquera das súas prórrogas.
- O mutuo acordo entre ambas as dúas partes.
- A non concesión da axuda para a posta en marcha do servizo.

Décima quinta.- Xurisdicción competente.

Os conflitctos que se susciten no desenvolvemento deste convenio, serán coñecidos pola comisión de seguimento que se menciona na cláusula décimo segunda; no caso de que non se chegue a acordo, as discrepancias litixiosas sustanciaranse na orde xurisdicional contencioso-administrativo.

En proba de conformidade e para a debida constancia asínase o presente convenio na data da sinatura dixital.

O Alcalde de Padrón **O Alcalde de Dodro**
Anxo Rei Arca.
Francisco Xabier Castro Tourís.”

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

RESOLUCIÓN ALCALDÍA 78/2026

EXPEDIENTE: 2025/A006/000013 (relacionado co expediente 2025/A008/0000044)
ASUNTO: APROBACIÓN DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN E DODRO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO 2026
TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Logo de ver o convenio de colaboración entre o Concello de Dodro e o Concello de Padrón para o servizo compartido, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do proxecto dun Obradoiro Dual de Emprego co fin de participar na convocatoria da subvención para os obradoiros de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, ao abeiro da ORDE do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (DOG nº 228 do 25 de novembro de 2025)

Tendo en conta o requirimento, do Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego da Xunta de Galicia, recibido polo Concello de Padrón o 05.02.2026 con respecto ao contido que deberá reunir o convenio de colaboración para conter o indicado no artigo 15.1 b) da orde de convocatoria con respecto a repartición do alumnado-traballador entre as distintas entidades e as actuacións que se realizarán en cada concello.

Logo de ver o texto da addenda ao convenio de colaboración entre os concellos de Dodro e Padrón, arriba mencionado.

Ao abeiro do disposto no artigo 22.2 p) en relación co 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, o órgano competente é o Pleno da Corporación.

Sen prexuízo de someter a ratificación plenaria esta actuación en atención ao previsto no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, pero tendo en conta que o prazo outorgado no requirimento, en atención ás competencias atribuídas ao Alcalde nos apartados d) e s) do artigo 21.1 da mesma Lei,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a addenda ao Convenio de colaboración entre os Concellos de Dodro e Padrón para a xestión compartida do Obradoiro dual de emprego Padrón Dodro 2026, tendo en conta que o texto se transcribe como **ANEXO.**

Segundo.- Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación.

Terceiro.- Dar traslado da presente resolución ao Concello de Padrón.

Cuarto.- Dar Conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe

ANEXO

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE DODRO E O CONCELLO DE PADRÓN PARA A XESTIÓN DO SERVIZO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROXECTO DUN OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO CO FIN DE PARTICIPAR NA CONVOCATORIA 2026.

Dunha parte, Don Francisco Xabier Castro Tourís, con DNI ***807***, alcalde do Concello de Dodro (CIF P1503300D) que actúa en nome desta entidade.

Doutra parte, Don Anxo Rei Arca con DNI ***998***, alcalde do Concello de Padrón (CIF P1506600D) que actúa en nome desta entidade.

Ambos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local e o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

EXPOÑEN :

Primeiro. O 22.12.2025 formalizouse o convenio de colaboración entre o Concello de Dodro e o Concello de Padrón para o servizo compartido, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do proxecto dun Obradoiro Dual de Emprego co fin de participar na convocatoria da subvención para os obradoiros de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Segundo. Tendo en conta o requirimento, do Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego da Xunta de Galicia, recibido neste Concello o 05.02.2026 con respecto ao contido que deberá reunir o

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

convenio de colaboración para conter o indicado no artigo 15.1 b) da orde de convocatoria con respecto a repartición do alumnado-traballador entre as distintas entidades e as actuacións que se realizarán en cada concello.

Polo tanto, en vista de todo o manifestado anteriormente, as partes

ACORDAN :

Subscribir esta addenda ao convenio de colaboración citado, modificando a cláusula primeira (obxecto), que queda redactada nos seguintes termos:

PRIMEIRA. OBXECTO

Ao amparo do establecido no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e a Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 14 de novembro de 2025, co obxecto de presentar un proxecto conxunto para o seu financiamento con cargo a esta orde, os concellos de Padrón e Dodro acordan solicitar un proxecto conxunto, denominado **Obradoiro dual de emprego Padrón Dodro 2026, q**ue terá por obxecto a formación de 20 persoas desempregadas que resulten seleccionadas, facendo o seguinte reparto: 14 alumnos-traballadores que serán persoas desempregadas do concello de Padrón e 6, persoas desempregadas do concello de Dodro, sen perxuizo das incidencias que poidan xurdir durante o proceso de selección con respecto ás persoas candidatas, para levar a cabo unha serie de obras e actuacións nas seguintes especialidades:

- Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería. CÓDIGO: AGAO0108.

Concello de Dodro.

Parque infantil en Escola de Bexo.

Parque infantil en Rial de Lagoa.

Pista deportiva e parque infantil en Revixós.

Xardín da Casa do Concello.

Escola e parque infantil de Lestrove.

Campo da festa de lugar a Igrexa.

Concello de Padrón.

Mantemento e mellora dos xardíns e zonas verdes do núcleo

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

histórico: Xardín ao carón do edificio do Xuzgado. Xardín finca do Centro de Saúde. Parterres vexetais existentes en : rúa Murgadán, plaza Ramón Rojo e rúa Bordel.

Mantemento e mellora zona verde no entorno da Casa da Azucarera.

Adecentamento e zonas verdes do canal de derivación do río Sar.

Acondicionamento e melloras zonas verdes que rodean a piscina descuberta da Esclavitude.

Acondicionamento e mellora do Xardín Botánico Artístico de Padrón.

Acondicionamento e mellora do entorno e zona verde das escolas unitarias: A Ponte, Extramundi, O Couto (Iria) e Muiños.

- Operaciones auxiliares de acabados ríxidos e urbanización. CÓDIGO: EOCB0209.

Concello de Dodro.

Pavimentación patio Escola de Chenlo (San Xián de Laíño).

Reparación e pintado paramento interior de despacho na Casa do Concello.

Concello de Padrón.

Pavimentación rúa Dores.

Pavimentación rúa Figueiras.

A sinatura desta addenda suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten na addenda, e mailo resto de especificacións contidas nesta, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E para que así conste, en proba de conformidade coa cláusula desta addenda, as partes asinan electronicamente este documento.

O Alcalde de Padrón **O Alcalde de Dodro**

Anxo Rei Arca. **Francisco Xabier Castro Tourís.**

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

RESOLUCIÓN ALCALDÍA 117/2026

EXPEDIENTE: 2025/A006/000013 (relacionado co expediente 2025/A008/0000044)
ASUNTO: APROBACIÓN DA CORRECCIÓN DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN E DODRO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO 2026
TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Logo de ver que o 16/02/2026 a Alcaldía asina o Decreto 78/2026 polo que se aproba a addenda ao Convenio de colaboración entre o Concello de Dodro e o Concello de Padrón para o servizo compartido, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento dun Obradoiro Dual de Emprego, co fin de participar na convocatoria de subvención para obradoiros duais de emprego na Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro da ORDE do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (DOG nº 228 do 25 de novembro de 2025).

En data 17/02/2026 asínase a addenda ao Convenio de Colaboración entre o Concello de Dodro e o Concello de Padrón, citado no parágrafo anterior.

Advírtese un erro na cláusula primeira da addenda (OBXECTO), no que se refire ás actuacións de Acondicionamento e mellora do entorno e zonas verdes das escolas unitarias do Concello de Padrón e nas actuacións das obras a levar a cabo no Concello de Padrón, pois quedaron sen citar a escola unitaria de Pazos e a Travesía de Figueiras respectivamente.

Considerando que o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recolle que *"As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".*

Ao abeiro do disposto no artigo 22.2 p) en relación co 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, o órgano competente é o Pleno da Corporación.

Sen prexuízo de someter a ratificación plenaria esta actuación en atención ao previsto no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tendo en conta a comunicación de emenda efectuada Servizo de Formación e

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Cualificación para o Emprego da Xunta de Galicia, en atención ás competencias atribuídas ao Alcalde nos apartados d) e s) do artigo 21.1 da mesma Lei, **RESOLVO:**

Primeiro.- Corrixir os erros cometidos na cláusula primeira (OBXECTO) da addenda, de tal xeito que, onde di:

"Acondicionamento e mellora do entorno e zona verde das escolas unitarias: A Ponte, Extramundi, O Couto (Iria) e Muiños".

Debe dicir:

Acondicionamento e mellora do entorno e zona verde das escolas unitarias: A Ponte, Extramundi, O Couto (Iria), Pazos e Muiños.

E onde di:

"Pavimentación rúa Figueiras."

Debe dicir:

Pavimentación rúa Figueiras e Travesía de Figueiras.

O texto da addenda coas correccións realizadas transcríbese como ANEXO.

Segundo.- Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación.

Terceiro.- Dar traslado da presente resolución ao Concello de Padrón.

Cuarto.- Dar Conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde accidental, Ramón Abuín Gómez (Res. Alcaldía núm. 100/2026 de 20/02/2026)
A secretaria-interventora, que da fe

ANEXO

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE DODRO E O CONCELLO DE PADRÓN PARA A XESTIÓN DO SERVIZO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROXECTO DUN OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO CO FIN DE PARTICIPAR NA CONVOCATORIA 2026.

Dunha parte, Don Francisco Xabier Castro Tourís, con DNI ***807***, alcalde do Concello de Dodro (CIF P1503300D) que actúa en nome desta entidade.

Doutra parte, Don Anxo Rei Arca con DNI ***998***, alcalde do Concello de Padrón (CIF P1506600D) que actúa en nome desta entidade.

Ambos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local e o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

EXPOÑEN :

Primeiro. O 22.12.2025 formalizouse o convenio de colaboración entre o Concello de Dodro e o Concello de Padrón para o servizo compartido, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do proxecto dun Obradoiro Dual de Emprego co fin de participar na convocatoria da subvención para os obradoiros de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Segundo. Tendo en conta o requirimento, do Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego da Xunta de Galicia, recibido neste Concello o 05.02.2026 con respecto ao contido que deberá reunir o convenio de colaboración para conter o indicado no artigo 15.1 b) da orde de convocatoria con respecto a repartición do alumnado-traballador entre as distintas entidades e as actuacións que se realizarán en cada concello.

Polo tanto, en vista de todo o manifestado anteriormente, as partes

ACORDAN :

Subscribir esta addenda ao convenio de colaboración citado, modificando a cláusula primeira (obxecto), que queda redactada nos seguintes termos:

PRIMEIRA. OBXECTO

Ao amparo do establecido no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e a Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 14 de novembro de 2025, co obxecto de presentar un proxecto conxunto para o seu financiamento con cargo a esta orde, os concellos de Padrón e

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Dodro acordan solicitar un proxecto conxunto, denominado **Obradoiro dual de emprego Padrón Dodro 2026, q**ue terá por obxecto a formación de 20 persoas desempregadas que resulten seleccionadas, facendo o seguinte reparto: 14 alumnos-traballadores que serán persoas desempregadas do concello de Padrón e 6, persoas desempregadas do concello de Dodro, sen perxuizo das incidencias que poidan xurdir durante o proceso de selección con respecto ás persoas candidatas, para levar a cabo unha serie de obras e actuacións nas seguintes especialidades:

- Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería. CÓDIGO: AGAO0108.

Concello de Dodro.

Parque infantil en Escola de Bexo.

Parque infantil en Rial de Lagoa.

Pista deportiva e parque infantil en Revixós.

Xardín da Casa do Concello.

Escola e parque infantil de Lestrove.

Campo da festa de lugar a Igrexa.

Concello de Padrón.

Mantemento e mellora dos xardíns e zonas verdes do núcleo histórico: Xardín ao carón do edificio do Xuzgado. Xardín finca do Centro de Saúde. Parterres vexetais existentes en : rúa Murgadán, plaza Ramón Rojo e rúa Bordel.

Mantemento e mellora zona verde no entorno da Casa da Azucarera.

Adecentamento e zonas verdes do canal de derivación do río Sar.

Acondicionamento e melloras zonas verdes que rodean a piscina descuberta da Esclavitude.

Acondicionamento e mellora do Xardín Botánico Artístico de Padrón.

Acondicionamento e mellora do entorno e zona verde das escolas unitarias: A Ponte, Extramundi, O Couto (Iria), Pazos e Muiños.

- Operaciones auxiliares de acabados ríxidos e urbanización. CÓDIGO: EOCB0209.

Concello de Dodro.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Pavimentación patio Escola de Chenlo (San Xián de Laíño).

Reparación e pintado paramento interior de despacho na Casa do Concello.

Concello de Padrón.

Pavimentación rúa Dores.

Pavimentación rúa Figueiras e Travesía de Figueiras.

A sinatura desta addenda suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten na addenda, e mailo resto de especificacións contidas nesta, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E para que así conste, en proba de conformidade coa cláusula desta addenda, as partes asinan electronicamente este documento.

O Alcalde de Padrón O Alcalde de Dodro

Anxo Rei Arca. Francisco Xabier Castro Tourís.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vaino explicar o concelleiro do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Trátase, unha vez máis, de ratificar a resolución da alcaldía, do Obradoiro Dual de Emprego de Padrón e Dodro 2026, antes eramos 3 concellos, pero ahora solo son 2.*

Divídese en dúas partes: en actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería, onde o concello de Dodro propón, a limpeza ou acondicionamento, do parque infantil da escola de Bexo, do parque infantil en Rial da Lagoa, a pista de deportiva, parque infantil en Revixós, o xardín da Casa do Concello, a escola e o parque infantil de Lestrobe e o campo da festa do lugar de A Igrexa.

E logo, con respecto ás operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización: a pavimentación do patio da escola de Chenlo, en San Xián de Laíño e a reparación e pintado do paramento interior de despacho na Casa do Concello.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Todos os máis pormenores, téndelo aí na resolución e propoñemos a ratificación desta resolución."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno. Pois, unha vez máis, este punto é outra ratificación máis, dunha decisión que xa foi tomada pola alcaldía e aquí, o que se trata é de que veñamos e lle digamos que si, sin participar nesa decisión. Bueno, pois a decisión non pode ser outra que, que non..., que non facelo, porque o normal, é participar nesas decisións, cando alguén pretende o seu apoio. Nada máis."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular, por favor."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Bueno, os cursos entendemos que é unha decisión dos dous concellos, o que pasa, é que bueno, parécennos un pouco repetitivos estes cursos, ou moi similares. Véñense facendo ano tras ano, nós apostamos pola formación, pero igual había que varíala algo para que a xente, pois aprendera máis cousas, non?*

Parécenos, tamén moi altruísta, as obras que se van a facer no Concello e as cousas que se van a arranxar con estos dous cursos, porque ao final, despois dos obradoiros, sempre a Dodro tócalle unha esquiniña, porque non había tempo e demais, esperemos que esta vez se cumplan e pouco máis que dicir."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz de Unidade Veciñal de Dodro."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si. Non moito que dicir. Estamos de acordo, bueno xa temos dito algunha vez que bueno, esto das obras, en principio non é para facer obras, é para que aprendan os rapaces a facer obras, pero bueno, como dicía a portavoz do PP, aquí en Dodro, parece ser que sempre fan cando se pode e as veces non se pode. Esperemos que empecen, este ano polas de Dodro e acaben polas de Padrón, aínda que sea porque, así polo menos, tocarnos algo. Pero bueno, votaremos a favor."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Coma o ano pasado, é dicir, obradoiros de emprego son sempre benvidos. Xa se dixo aquí, cales son os pros e os contras dos obradoiros de emprego. Nós optariamos, loxicamente, por outro tipo de programas de creación e inclusión laboral, de tódolos xeitos, este é o que temos encima da mesa e vámola apoiar."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno. Pois eu quería dicir,*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

simplemente que lamentamos moito que o Concello de Rois que normalmente compartía con nós, este Obradoiro de Emprego de Terras de Sar, non pudo ser incluído. De feito, todas estas resolucións, unha tras outra, descalificando a anterior e volvendo a cambiar, é precisamente, porque fixemos varios intentos desde o concello de Dodro, de ver se era posible de incluír ao Concello de Rois, non foi posible. E sobre as obras que pretenden, e como moi ben dixo o voceiro de Unidade Veciñal, sobre as obras que pretenden realizar dentro do obradoiro, este pleno ten, este salón de plenos ten, un pouco mellor cara, por unha das obras que fixeron no obradoiro de emprego do ano pasado. Bueno, quero dicir que este ano, a ver si volvemos a ter a misma sorte e nos volven a empezar por aquí. En todo caso, nós pensamos que si e vámoslle dar para diante."

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 2
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

10. PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE DODRO

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a seguir se transcribe literalmente:

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

“EXPEDIENTE: 2025/X999/000092
ASUNTO: PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE DODRO
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO Ó PLENO

Con data 9 de agosto de 2018 asinouse o Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

O citado convenio de colaboración e as súas adendas implica a colaboración na xestión das faixas secundarias de xestión da biomasa e nas competencias municipais en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais establecidas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

A cláusula cuarta do convenio, que refire as obrigas xerais dos concellos adheridos inclúe no seu apartado a): *«Aprobar o plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais previsto no artigo 16 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia»*

Así mesmo, a cláusula sétima do convenio, apartado segundo, referido ao réxime xurídico do sistema público de xestión da biomasa nos montes ou terreos forestais incluídos nas redes secundarias de xestión da biomasa mediante a cooperación técnica para a execución subsidiaria das obrigas de xestión de biomasa forestal, refire:
«*A estes efectos , están incluídas no presente convenio para os concellos adheridos as seguintes actuacións:*
a) Realización das seguintes actuacións documentais que sirvan de base aos actos xurídicos que integran os procedementos de aprobación dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, definición e determinación das faixas secundarias e de declaración polos concellos adheridos da obriga de execución subsidiaria:

- *Elaboración técnica da documentación necesaria para a aprobación do plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais e en particular, para o labor necesario para determinar e definir as faixas secundarias de xestión de biomasa da súa competencia*»

Mediante acordo plenario de data 8 de agosto de 2019 acordouse aprobar o Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais do Concello de Dodro.

Con data 02/11/2023 e núm. R.S. 202390000000228 remítese por parte deste concello á Dirección Xeral de Defensa do Monte escrito no que se solicita a actualización da faixa secundaria de protección de incendios.

Con data 09/02/2026 e núm. R.E. 202699900000141 remítese a este concello por parte da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, SA, o documento Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais do Concello de

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Dodro, documento asinado en data 06/02/2026 polo Enxeñeiro de montes, José Martín Martínez Abal.

Con data 11/02/2026 emítese informe favorable polo enxeñeiro forestal do concello, Saúl de la Peña Lastra.

Considerando que o artigo 7 apartado a) da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, refire que corresponde aos concellos e a outras entidades locais:
«*a) Elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, consonte o previsto nesta lei e na lexislación galega de montes, e integralos nos plans de emerxencia municipais, de acordo co previsto na lexislación galega de emerxencias.*»

Considerando que o artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas refire:

- *«El órgano al que corresponda la resolución del procedimiento, cuando la naturaleza de éste lo requiera, podrá acordar un período de información pública.*
- *A tal efecto, se publicará un anuncio en el Diario oficial correspondiente a fin de que cualquier persona física o jurídica pueda examinar el expediente, o la parte del mesmo que se acuerde.*
- *El anuncio señalará el lugar de exhibición, debiendo estar en todo caso a disposición de las persoas que lo soliciten a través de medios electrónicos en la sede electrónica correspondiente, y determinará el plazo para formular alegaciones, que en ningún caso podrá ser inferior a veinte días.*
- *La incomparecencia en este trámite no impedirá a los interesados interponer los recursos procedentes contra la resolución definitiva del procedimiento.*
- *La comparecencia en el trámite de información pública no otorga, por sí misma, la condición de interesado. No obstante, quienes presenten alegaciones u observaciones en este trámite tienen derecho a obtener de la Administración una respuesta razonada, que podrá ser común para todas aquellas alegaciones que planteen cuestiones sustancialmente iguales.*
- *Conforme a lo dispuesto en las leyes, las Administraciones Públicas podrán establecer otras formas, medios y cauces de participación de las persoas, directamente o a través de las organizaciones y asociaciones reconocidas por la ley en el procedimiento en el que se dictan los actos administrativos.»*

A Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, establece expresamente que "*os plans municipais serán aprobados polos plenos dos concellos*", dentro do procedemento de aprobación e publicación dos plans de emerxencias.

Dado que o plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais se integra nos plans municipais de emerxencias, resulta que o órgano municipal

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

competente para a súa aprobación é o Pleno do concello, polo que PROPOÑO A ADOPCIÓN DOS SEGUINTES **ACORDOS:**

Primeiro. Aprobar inicialmente o Plan municipal de Prevención e Defensa contra os incendios forestais do Concello de Dodro, redactado polo Enxeñeiro de montes José Martín Martínez Abal e asinado en data 06/02/2026 (R.E. núm. 202699900000141 de data 09/02/2026).

Segundo. Abrir un período de información pública de 30 días hábiles mediante a publicación do acordo de aprobación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello, durante o cal poderá ser consultado o documento no servizo de urbanismo do Concello. Durante o período de información pública poderán realizarse as alegacións que se estimen oportunas.

Terceiro. Remitir o Plan á dirección xeral competente en materia forestal aos efectos de emitir o preceptivo informe sectorial.

Dodro, documento asinado dixitalmente.
O concelleiro de ordenación do territorio, obras e servizos, cultura e patrimonio.
Ramón Abuín Gómez"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moncho, imaxino que ten algo que dicir, como Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Bueno. Basicamente, xa ti o dixestes, pero bueno. Este convenio implica a colaboración na xestión das faixas secundarias de xestión da biomasa e nas competencias municipais, en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, establecidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, en prevención e defensa contra os incendios forestais.*

Trátase de aprobar o Plan municipal de Prevención e Defensa contra os incendios forestales, previstos Lei 3/2027. E nada máis, dicir que bueno, como antes, o 9 agosto, asinouse o convenio subscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e a SEAGA, e trátase de adherirse, de aprobar inicialmente este plan de prevención que substituiría ao do 2019."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de agrupación política de Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Ben. Voltamos a falar da concentración forestal e a transformación profunda que supuxo do noso territorio e repetimos, como dixemos antes, que reorganizou a propiedade, mellorou os accesos e creou unha importante rede de pistas forestais que hoxe é fundamental, tanto para xestión forestal como para defensa contra os incendios.*

Pois por iso, sorpréndenos que ese elemento estrutural do territorio, apenas apareza reflectido no documento, porque o que caracteriza o monte de Dodro hoxe é precisamente, esa rede de infraestruturas forestais que foi resultado da

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

concentración.

E sen embargo, o documento céntrase fundamentalmente, na delimitación das faixas de biomasa, na descrición xeral do risco e en medidas bastante xenéricas de prevención. Pero non aproveitan nin analiza en profundidade, unha das principais fortalezas que ten o noso territorio para a defensa contra os incendios, unha é a rede de pistas e accesos, creada pola concentración forestal e outra poderiamos dicir, a amplia rede de subministro de auga.

Nós pensamos que un Plan municipal de prevención de incendios, debería partir precisamente, desa realidade territorial, porque a prevención non consiste só en delimitar franxas de biomasa, tamén consiste en planificar os accesos ao monte, aproveitar as infraestruturas existentes e organizar o territorio, de forma que facilita a prevención e a extinción dos incendios.

Por iso creemos que esta actualización podería ter sido unha boa oportunidade para afondar máis na planificación territorial do monte de Dodro, incorporando, de forma máis clara o papel da concentración forestal e das infraestruturas creadas ao seu abeiro.

Pero unha vez máis, queda exposta a incapacidade deste goberno para incorporar iniciativas que redunden en beneficio da veciñanza."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular, por favor"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. A realidade é que revisar un plan de 142 páxinas, en tan solo dous días de antelación, como pouco é complicado, sobre todo, para os que temos máis que facer e máxime, cando é un Plan tan técnico e que require unha lectura detallada. Entendemos que está realizada por técnicos expertos na materia, pero tamén é certo que o Plan, xa foi aprobado no ano 2019 e esta, realmente é unha modificación.*

De todas formas, aproveitamos xa que veñen con este Plan, a recordarlles que, tal e como fixemos, presentando unha moción en marzo do ano pasado, fai un ano xa, teñen pendente de facer o Plan Municipal de risco de inundacións de Dodro, xa que Dodro está incluído con risco potencial de inundación en varias áreas e estamos obrigados a presentalos. De feito, aprobouse por maioría aquí, no pleno, xa fai un ano.
Con tan pouco tempo, é totalmente imposible, ver o Plan de incendios con detemento, para poder emitir un voto favorable. Instámolos a que nos fagan chegar a documentación con algo máis de antelación que a veces, pois si que o fan, para poder vela en tempo e forma."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Bueno. Nós estamos a favor deste Plan de prevención e defensa contra incendios. Xa era*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

hora, desde o 2019 que se leve a cabo esta aprobación. Bueno , nada. Estamos a favor, totalmente e votamos a favor."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. Bueno, a nós, si que nos dou tempo de ver o Plan, porque ademais, con gráficos, ver todo grafado, non ten maior... claro que eu, o que non vin, unha a unha, foi as liñas que ten que ver co Catastro, cada unha das fincas. Eso, evidentemente, é o que máis follas ocupa. Pero realmente, o Plan, é algo, digamos, a continuación da ratificación anterior, do convenio con SEAGA, é unha cousa que casi podía ir un punto ao lado doutro. A min o que me sorprende dalgún concelleiro, é de que fala marabillas, da concentración parcelaria. Para Dodro, non se pode falar, penso eu, así de marabillas da concentración parcelaria de monte porque Dodro, son tres parroquias e hai unha que, primeiro xa non tivo esa oportunidade de concentrar. E logo despois, hai que ser críticos, porque a concentración parcelaria, como moi ben dicía o alcalde, fíxoa a Xunta, pero de aproveitar as infraestruturas existentes que acaba de dicir un señor concelleiro, non é certo porque, esmendrellou o que foron agros, cargouse fontes, provocou problemas onde non os había, hai dificultades enormes para acceder a algunhas fincas que nótase que ese concelleiro en cuestión, non debe de ter fincas concentradas de monte, en esas parroquias concentradas."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Un turno último para o portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Dicirlle ao voceiro de Xente de Dodro que recordando aquela canción daquela, italiana "Parole, Parole, Parole"... Sabemos que usted, sabemos que é o técnico de todo, e enxeñeiro tamén. Mire quen redactou o Plan, foi un técnico da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos. Nada máis."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eu quero, volver a facer un pouco de fincapé, na seriedade que deben aportar os portavoces a este concello porque, parece que esto é sinxelo.*

Como moi ben dixo o concelleiro portavoz, o Plan fíxose no ano 26, en febreiro, 6 do 2, polo señor José Martín Martínez Abal, enxeñeiro de montes, enxeñeiro de montes da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, SEAGA que tamén fai as súas cousas e bueno, acaba de falar moi ben de SEAGA, a voceira do PP noutro tema, neste tema... Si, si, neste tema, parece que non o fan tan ben.

E tamén, foi revisado o 11 do 2, polo enxeñeiro forestal do concello, Saúl de la Peña Lastra que está aquí arriba e atende, tódolos días de 8 a 3, calquera dubida que vostede, desde que recibiron esto, puideron asistir a comentarlla.

En todo caso, no informe do enxeñeiro que está agora desenvolvendo os seus

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

traballos de enxeñeiro forestal e de montes, Saúl de la Peña Lastra, dice que o informe se adapta ao marco normativo de referencia, que o contido analizado inclúe, os apartados obrigatorios de diagnóstico territorial e caracterización do risco, proposta de actuación de prevención, planificación operativa e coordinación, cartografía complementaria con mapas de situación, localización de faixas secundarias, áreas prioritarias e unha valoración técnica que permite concluír o seguinte: que o documento cumpre todos os bloques requiridos pola normativa, ten unha coherencia técnica, axústase á normativa e habilidades das actuacións propostas. Informa favorablemente, do Plan de prevención, pero claro, aquí hai moita xente que parece que sabe máis que os mismísimos enxeñeiros.

En todo caso, dicirlle tamén á portavoz do Partido Popular que estamos elaborando o Plan de actuación municipal, ante risco de incendios, PAM que non ten que ver, co Plan Municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, que polo que se ve, o portavoz de Xente de Dodro tampouco sabe o que é. É un documento de carácter preventivo e de ordenación do territorio forestal que regula faixas de xestión de biomasa, aquí están reguladas, distancias a vivendas, identificación e medidas estruturais de prevención e está, máis vinculado á normativa forestal que a lei de incendios de Galicia, polo tanto, este proxecto e este Plan, á vista de todos os que saben do tema, é o que necesitamos, está ben feito e está contrastado. Entón, bueno, dicir outras cousas, paréceme que é mentir. Pero bueno, alá cada un. Vamos a votar, por favor."

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 2
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

11. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE PROGRAMA DE SENDEIRISMO 2026

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a seguir se transcribe literalmente:

"EXPTE: 2026/G015/000003
ASUNTO: ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE PROGRAMA DE SENDEIRISMO 2026
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO Ó PLENO

Logo de ver a memoria asinada en data 4 de marzo de 2026 polo alcalde do Concello de Dodro Francisco Xabier Castro Tourís que literalmente di:

O Concello de Dodro, ten previsto realizar a actividade Programa de Sendeirismo 2026 sobre a base das seguintes consideracións:

1. ***DENOMINACIÓN E PRESENTACIÓN***

O Programa de Sendeirismo 2026 trátase de unha actividade deportiva do Departamento de Deportes do Concello de Dodro.

2. ***OBXECTIVOS***

4. *Promover a práctica de actividade física entre a poboación.*
5. *Ofrecer unha alternativa saudable para o tempo de ocio.*

3. ***PERSOAS DESTINATARIAS***

A actividade está aberta a todos os veciños e veciñas. Veñen participando en actividades de características similares de sendeirismo entre 30 e 50 persoas do Concello de Dodro.

4. ***CONTIDOS***

O Programa de Sendeirismo 2026 pretende ofertar á poboación a posibilidade de realizar 4 rutas diferentes de sendeirismo fóra do termo municipal. Impulsando a práctica de actividade física a través de unha disciplina que ten moi boa acollida entre a veciñanza e ademais realizalo coñecendo lugares e rutas recomendadas pola guía "Sendas para descubrir un país" publicada pola Xunta de Galicia.

- *Senda do Río Avia (Ourense). Con inicio en Pazos de Arenteiro, pasando por Leiro e final en Ribadavia onde os viñedos teñen moito protagonismo. Con unha lonxitude de aproximadamente 16 quilómetros.*

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

- *Ruta da Auga (Lugo). Percorre polo Concello de Guitiriz amosando o seu potencial acuífero. Con unha lonxitude de aproximadamente 20 quilómetros.*
- *Ruta do Xabriña (Pontevedra). No Concello de Covelo con inicio e remate en Paraños e que ten como protagonistas o río Xabriña, as fragas, a arquitectura rural e incluso camiños reais. Con unha lonxitude de aproximadamente 17 quilómetros.*
- *Roteiro Fervenza das Hortas (A Coruña). Percorre varias parroquias do Concello de Arzúa, con saída desde a Capela de Fonte Santa e remate na Fervenza das Hortas. Con unha lonxitude aproximadamente 17,5 quilómetros.*

Na realización das rutas o grupo será trasladado en autocar desde Dodro ata a localización do comezo de cada unha e logo será recollido no punto final (no caso de non ser circular) para volver a Dodro.

5. LUGAR E DATAS

ETAPA	RUTA	PUNTO SAÍDA	PUNTO CHEGADA	DATA	KMS	HORA SAÍDA	HORA CHEGADA
1	Senda do Río Avia	Pazos de Arenteiro	Ribadavia	25 abril	16	07.00 H	14.45 H
2	Ruta da Auga	Ponte de San Alberte	Balneario de Pardiñas	9 maio	19,5	07.00 H	14.45 H
3	Ruta do Xabriña	Paraños	Paraños	23 maio	17	07.00 H	14.45 H
4	Roteiro Fervenza das Hortas	Capela de Fonte Santa	Fervenza das Hortas	13 xuño	17,5	07.30 H	14.30 H

O Programa de Sendeirismo realizarase en 4 etapa:

6. RECURSOS

- ***Humanos:*** *desenvolvemento da actividade, inscricións, información e xestión por parte do persoal do Departamento de Deportes.*
- ***Infraestruturas:*** *dependencias do Departamento de Deportes no Pavillón Polideportivo Municipal e etapas do Programa de Sendeirismo 2026.*
- ***Materiais:*** *achega individual de cada unha das persoas participantes. O Concello de Dodro entregará un avituallamento básico composto por unha botella de auga, unha peza de froita e unha barra enerxética a cada persoa participante.*
- ***Económicos:*** *o custo da actividade sufrágase nunha parte polo Concello de Dodro e noutra polas persoas participantes.*

7. ORZAMENTO

- ***Transporte en autocar:*** *1.760 euros.*
- ***Avituallamento:*** *235,4 euros* ***(****Composto por unha botella de auga, 1 peza*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

de froita e unha barra enerxética).

- ***Duración da actividade:*** *4 etapas realizadas en horario de mañá.*
- ***CUSTO TOTAL:*** *1.995,4 €.*

Conforme ao disposto no artigo 4.1 da ordenanza número 22 reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís, e outras actividades de carácter deportivo, lúdico popular e socio culturais organizadas polo Concello, proporciónanse os datos necesarios para a adopción do correspondente acordo de fixación do prezo público do Concello de Dodro e que son os seguintes:

A actividade está previsto que se inicie o 25 de abril do ano 2026 e que remate o 13 de xuño de 2026, polo que o custo total da actividade será o seguinte:

1. *1.995,4 € (4 etapas).*

Para unha estimación de 50 persoas participantes na actividade, os custos que se incorren son os seguintes:

Concepto	***Descrición***	***Importe total***
Transporte en autocar	*Desprazamento do grupo e recollida*	*1.760,00 €*
Avituallamento	*200 botellins de auga, 200 pezas de froita, 200 unidades de barras enerxéticas*	*235,4 €*

Así mesmo, os ingresos estimados para un prezo de 30 € por persoa participante, son:

Prezo público proposto	*Número de participantes*	*Ingreso total:*
30 €	*50*	*1.500,00 €*

- *Gastos estimados: 1.995,4 €*
- *Ingresos estimados: 1.500,00 €*

O prezo público non cubre a totalidade do gasto do servizo se ben, de acordo co establecido no artigo 4.2 da Ordenanza núm. 22 citada cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, poderanse fixar prezos por debaixo do custo do servizo.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O custo xerado para o Concello, non cuberto polo prezo público, é de 495,4 €, se ben tratándose no presente caso dun servizo que se presta por razóns deportivas, culturais e de interese público, cuxos obxectivos son ofrecer unha alternativa de ocio e tempo libre e promover a práctica de actividade física entre a poboación a través do sendeirismo. No orzamento municipal prevese dotación suficiente para atender a diferencia resultante e garantir o financiamento do servizo.

Emitido informe por Secretaría-intervención e considerando a competencia que corresponde ó Pleno, PROPOÑO a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a fixación do prezo público para a actividade Programa de Sendeirismo 2026 en 30,00€ por persoa participante.

Segundo.- Que se publique o acordo no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo de 15 días, así como no BOP.

Terceiro.- Dar conta á Tesourería municipal e ó departamento responsable.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde,
Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Un turno a cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Bueno. É un prezo público, igual que o anterior que vimos. En este caso, o Programa de sendeirismo 2026 que os obxectivos son: promover a práctica de actividade física entre a poboación e ofrecer unha alternativa saudable para o tempo de ocio.*

As actividades, os lugares e datas que van e as rutas son: unha a Senda do Río Avia e será o día 25 de abril e a Ruta da Auga que será o 9 de maio, o 23 de maio a Ruta da Xabriña e o 13 de xuño, o Roteiro da Fervenza das Hortas.

E o orzamento, o transporte en autocar 1.760 euros, o avituallamento 235,4 euros, composto por unha botella de auga, peza de froita e 1 barra enerxética, a duración da actividade son as 4 etapas realizadas en horario de mañá, cun custo total de 1.995,40 céntimos.

Bueno, propoñemos aprobar a fixación do prezo público para a actividade do Programa de Sendeirismo 2026, en 30 euros por persoa participante e publicalo no taboleiro de anuncios."

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política de Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Si. Como ben di o voceiro do Partido Socialistas, igual que outros, sin xustificación. Aquí márcase un prezo e se un quere saber por que se marca ese prezo, 30 euros e non 28, nin 32 nin 25, nin 20, pois, ten a misma resposta que no anterior punto, que non hai xustificación que se acorda ese prezo e despois, o que facemos é cubrir o papel. Esto é para promocionar o deporte. Está ben, é dicir, esta actividade, pois nas entidades de sendeirismo é habitual que asistan máis dun membro da familia, a veces van 2, 3 persoas, é dicir que se pon a actividade en 60 euros, ou 90 euros... E esta é a promoción do deporte que fai o concello de Dodro, bueno.*

Claro está, cando un se gasta os cartos que non ten, no que non debe, despois quen as paga é os veciños que é o que está a pasar, a falta de servizos. E que, bueno como diciamos antes, pois é o que ven facendo este goberno desde que nos malgoberna en Dodro, incapaz de facer, de desarrollar unha iniciativa que redunde en beneficio dos veciños de Dodro.

Non é que non sepamos máis que ninguén, é que normalmente, para cando se trata un tema, o que fai a xente normal é ir preguntar ao que sabe. E claro, ese traballo xa o fixemos antes, fixémolo no traballo da concentración forestal, fixémolo no traballo de prevención de incendios e é o que se debería de facer, pero bueno, vostedes seguen o criterio que seguen e así non hai máis que ver os expedientes, unha festa dos maiores, que é unha festa en, a favor da... bueno é un 8M, bueno está ben."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular, por favor."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Bueno,vemos que, tanto o señor alcalde, como o señor tenente alcalde, os argumentos de un punto, non lle valen para outro, non lle deben de valer. Porque, fai un rato, enchíaselle a boca a dicir que como ían a cobrarlle o mesmo á xente que non está empadroada en Dodro, porque cos impostos que pagamos, a veciñanza de Dodro, pois, non lle vamos a cobrar o mesmo pola festa. Pero resulta que agora, vimos á Ruta de sendeirismo e cobrámoslle a todo o mundo igual, da igual que sean de Dodro que sean de fóra.*

Pois non sei, antes como se lle enchía tanto a boca en dicir, a ver se nos argumentan ahora, por que se lle cobra a todo o mundo o mesmo. Porque ademais, vostedes saben que a estas rutas de sendeirismo, ben moita xente de outros concellos. Por que lle subvencionamos a eles, parte da ruta e teñen que pagar o mesmo que a xente de Dodro?

E logo, resulta curiosísimo que poñan unha ruta o día da Festa dos maiores. É que resulta, bueno un pouco chamativo, como pouco. O día 9 de maio, acaban

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

vostedes de aprobar a Festa dos maiores, pero, ese mesmo día, imos a poñer unha ruta de sendeirismo, xa temos moitas actividades en Dodro, como para solapar unha encima de outra. Desde logo, non estamos de acordo.
Para 4 actividades que é o que vimos mantendo ademais, todos estes anos, 4 actividades que fai o Concello e cobrarlle á veciñanza que se lle atenda mal e que aínda por encima, para unha actividade que se lle fai que teñan que pagar, pois non nos parece de recibo. Pero gustaríanos que nos aclarara e contradixera o que dixo antes da Festa dos maiores. Por que na festa dos maiores si? E por que na ruta de sendeirismo cambiamos de opinión? Gracias"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Bueno. Basicamente, alegrámonos de que por fin, despois de 3 anos, este goberno se acordara das rutas de sendeirismo. Bueno mellor, que sea tarde que nunca.*

E bueno, o tema do 9 de maio, si que nos demos conta, pero bueno, eso supoño que os que vaian á ruta teñen que elixir, ou ir á ruta ou ir á misa. Evidentemente, ao mellor, os que queren ir á ruta, non poden ir á misa e bueno, parece que chegar, chegan ás tres menos cuarto, veñen cansados e xa van para a comida.

Tamén, a ver, dentro desta programa de sendeirismo, botamos de menos hai 4 rutas que saen aproximadamente a 7,50 euros cada unha, pero bueno, están cobrando por aí, arredor de entre 15 e 20 euros, polas rutas. Botamos de menos, incluír algunha ruta polo concello de Dodro, para enseñarlle, ou dar a coñecer o noso patrimonio cultural e ambiental que tamén temos rutas moi boas por aquí, e botamos de menos eso, que polo menos, 1 ou 2 rutas, se incluirán polo concello de Dodro. De todas formas estamos a favor, votaremos a favor."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias. Portavoz do BNG."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. Bueno, nós un pouco na misma liña; é un prezo que se establece de maneira unilateral polo PSOE en minoría deste goberno. Nada que dicir, en contra de que se fagan, tanto as actividades de sendeirismo como calquera outra, benvidas sexan, como acabamos de escoitar, claro que si.*

O tema, para nós importante, é o que se fai, que un por exemplo, ao mellor intentar que non se solapen. Pero desde logo, tamén eso, darlle en certo modo, a posibilidade de que os outros grupos políticos, ao mellor, que puideramos participar e, facermos rutas empezando, por exemplo, empezando por Dodro mesmo."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Bueno, quere facer uso da palabra o portavoz do PSOE?"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"No. Simplemente, darlle paso ao concelleiro, neste caso o alcalde, que é o responsable desa área."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si. Pois iso é o que quería dicir eu. Pois, como responsable de deportes, 2 cousas: si se houberan molestado en ler a proposta, no punto 3, esto vai para a portavoz do Partido Popular, veñen participando en actividades de características similares de sendeirismo, entre 30 e 50 persoas do Concello de Dodro, estímanse que todos son do Concello de Dodro, polo tanto, non ten sentido."*

Interrompe María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular, de xeito intelixible.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Estímase que son todas do concello de Dodro."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Bueno."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non o pon así, pero xa lle digo eu que ademais fíxose unha preinscrición".*

Interrompe María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular, de xeito intelixible.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non, a ver, esto non é un debate."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Bueno, pero eu voulle contestar."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, pero non é un debate. Vostede a min, non ten que contestarme nada. Vostede fixo uso da palabra e eu estoulle dicindo; en esto, se estima que todos os que veñen son de Dodro, como pasou máis veces, por eso non fai falta establecelo no prezo público, primeiro punto.*

No punto 4. Contidos, como moi ben digo, impulsando a práctica de actividade física a través de unha disciplina que ten moi boa acollida entre a veciñanza e demais. Realizalo coñecendo lugares e rutas recomendades pola guía "Sendas para descubrir un país", publicada pola Xunta de Galicia. Esto faise para facer 4 rutas diferentes fóra do término municipal.

Eu entendo que vamos facer, en Dodro, faise a camiñata que organiza a Asociación Remonte, faise unha camiñata nocturna polo Concello de Dodro, vaise facer unha, posiblemente no mes de xuño, tamén con Goza do Ulla, tamén no Concello de Dodro, para a xente de fóra. Efectivamente, eu estou absolutamente de acordo con vostedes, pero esta, simplemente era unha ruta para que, por eso se inclúe o autobús e por eso se inclúe un custo para poder amortizalo. Esto non é unha ruta do Concello de Dodro, esto é outra cousa, para que a xente de Dodro faga 4 rutas diferentes de sendeirismo. Punto 4, segunda liña, por curiosidade: a posibilidade de

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

realizar 4 rutas diferentes de sendeirismo, fóra do termo municipal. É dicir, esta era un pouco a idea desta actividade deportiva. E por certo, feita por expertos. Este expediente fíxoo un técnico de deportes do Concello de Dodro, que seguro que o portavoz de Xente de Dodro tamén sabe moito máis ca el, como non podía ser de outra maneira, pero bueno xa estamos un pouco..."

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Está seguro do que di?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si. De case todo. De case todo."*

Interrompe Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro, de xeito intelixible

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vamos a votar, por favor."*

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 5
0 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 1
1 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Simple
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría simple dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

C) MOCIÓNS:

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

C.1. MOCIÓNS ORDINARIAS:

12. MOCIÓN DO PSDG-PSOE SOBRE FINANCIAMENTO LOCAL

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a seguir se transcribe literalmente:

"**MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE FINANCIAMENTO LOCAL**

O Grupo Municipal dos Socialistas de Dodro de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN:**

EXPOSICIÓN DO MOTIVOS

O pasado 20 de xaneiro de 2026, a Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia e Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) pecharon un acordo para aumentar o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF). En virtude dese acordo, a achega autonómica ao servizo incrementarase de forma progresiva, pasando dos 12 euros por hora actuais a 16 euros por hora no ano 2026, 17 euros por hora en 2027 e 18 euros por hora en 2028.

Este acordo supón a primeira actualización do módulo autonómico desde o ano 2020 e chega tras o ultimato da FEGAMP. Son os concellos quen están a asumir na práctica o 50% do custo deste servizo, cando por lei lles corresponde unicamente a xestión. A obriga de financialo recae nas administracións superiores, principalmente na Xunta de Galicia, que durante anos eludiu esa responsabilidade.

O Servizo de Axuda no Fogar é un servizo esencial do sistema público de servizos sociais e un piar fundamental para a atención ás persoas en situación de dependencia e para a promoción da autonomía persoal. Nunha comunidade como Galicia, caracterizada polo envellecemento da poboación, a dispersión territorial e a importancia do medio rural, o SAF resulta imprescindible para garantir a cohesión social e a permanencia da poboación no territorio.

Desde o ámbito municipal, e en particular desde o Partido Socialista, valórase este acordo alcanzado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP como un paso de mínimos, claramente insuficiente xa que non resolve o problema estrutural da financiación do Servizo de Axuda no Fogar nin supón unha mellora definitiva na crítica situación financeira á que se enfrontan os concellos para garantir un servizo digno.

Segundo os datos dispoñibles, o custo medio actual dunha hora do SAF en Galicia sitúase arredor dos 22–23 euros, alcanzando en moitos casos cifras de entre 25 e

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

30 euros por hora, especialmente no medio rural e en concellos con elevada dispersión poboacional. Incluso coa subida progresiva prevista ata os 18 euros por hora en 2028, a financiación pública continuará moi por debaixo do custo efectivo do servizo.

Esta diferenza continúa obrigando aos concellos a asumir con recursos propios unha parte relevante do custo do servizo, ás veces ata co 30% dos seus orzamentos a pesar de que non lles corresponde financialo, o que pon en risco a sustentabilidade do sistema e limita a capacidade dos concellos para atender novas demandas.

Por iso, este acordo debe entenderse como un pacto de mínimos e como un primeiro punto de partida, pero en ningún caso como unha solución satisfactoria nin definitiva. Ningún alcalde ou alcaldesa socialista entende este acordo como satisfactorio, nin poderá consideralo mentres o marco de financiación do servizo siga sendo claramente insuficiente e non garanta nin a sustentabilidade do sistema nin a correcta atención ás persoas dependentes.

A responsabilidade de garantir o 100 % da financiación do Servizo de Axuda no Fogar corresponde á Xunta de Galicia, que debe seguir avanzando na mellora dos módulos de financiación e reforzar a cooperación institucional, incluída a negociación co Goberno de España, para asegurar un modelo xusto, suficiente e estable. A posibilidade de abrir unha fronte xudicial sobre o asunto está enriba da mesa. Rueda reivindica unha suposta débeda, que tería a súa orixe nos gobernos presididos por Mariano Rajoy. Se o goberno galego está en disposición de reivindicar eses fondos, ten a súa lexitimidade para facelo, pero os concellos a teñen tamén para esixir ao Goberno autonómico que financie o que lle corresponde por competencias.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista, propón ao Pleno a seguinte moción:

PROPOSTA DO ACORDOS

1. Valorar como un pacto de mínimos e como un primeiro punto de partida o acordo alcanzado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a mellora progresiva da financiación do Servizo de Axuda no Fogar, que establece unha achega de 16 euros por hora en 2026, 17 euros por hora en 2027 e 18 euros por hora en 2028.

2. Manifestar que, a pesar deste incremento, o marco actual de financiación do Servizo de Axuda no Fogar resulta claramente insuficiente, ao situarse moi por debaixo do custo real do servizo, que actualmente oscila entre os 22 e os 30 euros por hora.

3. Instar á Xunta de Galicia a garantir a financiación do 100 % do custo real do Servizo de Axuda no Fogar, evitando que os concellos teñan que asumir con fondos propios ningún gasto derivado da prestación deste servizo.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

4. Instar á Xunta de Galicia a continuar a negociación coa FEGAMP e a reforzar a colaboración co Goberno de España co obxectivo de establecer un modelo de financiamento xusto, suficiente e estable do sistema de atención á dependencia.

5. Valorar a presentación de demandas xudiciais contra a Xunta de Galicia no caso de que non se dean novos pasos, co obxectivo de esixir ao Goberno autonómico que asuma o financiamento que lle corresponde polas súas competencias."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno a moción vaina defender evidentemente, o portavoz do Grupo municipal Socialista."*

Sendo as 21:00 h, abandonan o pleno Valentín Alfonsín Somoza e Sergio José Boga Gómez concelleiros de Xente de Dodro

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Bueno, lamentablemente, vemos, unha vez máis..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Quedan vostedes eximidos de seguir participando neste pleno"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Que abandonan a Sala, os mesmos de sempre e ao que ben, a votar non, e nada máis. Estaban tratando de marchar, xa no anterior punto, os dous comentaron, oíase ben: marchamos ahora, ahora, marchamos máis tarde, esto bueno seguimos, agora presentan a moción..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Van ver o partido."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Marchan que teñen que marchar."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Bueno. A moción, xa a tendes todos. Eu, único, como é así tan larga, digo..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"A proposta do acordo tamén"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Leo a proposta de acordo. Bueno, primeiro dicir a que ben, en defensa da financiación local."*

Procede á lectura do acordo da moción Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois moitas gracias. Portavoz do Partido Popular."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Nós queremos presentar unha emenda, e os acordos, serían os seguintes:*

1. Instar ao Goberno de España a que cumpra co establecido na Lei de Dependencia e asuma o financiamento do 50% do custo dos servizos e prestacións, garantindo un reparto equitativo dos recursos entre o Goberno de España e as Comunidades Autónomas.

2. Instar ao Goberno de España, a que abone de maneira inmediata, a débeda acumulada con Galicia que astende a 2.900 millóns de euros, permitindo así fortalecer o sistema de atención á dependencia na nosa comunidade.

3. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a seguir aumentando a dotación económica do SAF, en acordo ca FEGAMP, como órgano que representa aos concellos."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"E que aí tes que O ROM non contempla..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Perdón?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"O ROM, Reglamento Municipal non contempla as emendas nese sentido. Vaiche ler."*

Sandra María García Chenlo, secretaría-interventora: *"Voulles a ler rapidamente o que di o ROM: as emendas presentaranse no Rexistro Xeral da Corporación mediante escrito dirixido ao Presidente e subscribiraas calquera membro da Corporación.*

As emendas terán que presentarse con unha antelación mínima de 30 minutos, con respecto ao inicio da sesión plenaria. A Secretaría dará traslado destas aos voceiros e voceiras dos grupos políticos e aos concelleiros ou concelleiras non adscritos. Admitiranse emendas in voice durante a realización da sesión, cando teñan a finalidade de corrixir erros materiais, incorrección técnicas ou semánticas ou simples omisións ou cando respondan a acontecementos relevantes e imprevisibles. Bueno, no debate das emendas, intervirá o relator."

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Entón tiveron un erro, no último pleno, no pleno anterior de xaneiro, porque presentamos unha emenda dunha moción e aceptouse e votouse. Concretamente, era unha moción presentada polo BNG."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non, non era unha emenda. Era unha modificación aos acordos."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"No, no, no. Era unha emenda e presentouna como unha emenda e aprobouse e votouse."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Sandra María García Chenlo, secretaría-interventora: "*Pois haberá que anular o acordo.*"

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Claro."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Haberá que revisar."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Terán que..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Haberá que revisar o acordo anterior."*

Sandra María García Chenlo, secretaría-interventora: "*Desculpe, eu incido en esto, porque son consciente de que en algunhas..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Xa, pero digo que ten que ser sempre o mesmo, porque claro."*

Sandra María García Chenlo, secretaría-interventora: "*É que nun caso anterior, concretamente do voceiro que acaba de abandonar o Pleno, pasou iso. Eu lin o artigo e ao final, non se..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Pois no pleno de xaneiro eu presentei unha emenda e votouse."*

Sandra María García Chenlo, secretaría-interventora: "*Non lle digo que non. Haberá que revisala e se efectivamente é así, ..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Cambiaron as normas."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non, foi unha transicional dun acordo. Non foi unha emenda."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Cambiamos os puntos, dous puntos do acordo."*

Sandra María García Chenlo, secretaría-interventora: "*Eu non a recordo, en todo caso, se está mal haberá que anular o acordo."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Vale. Bueno pois entonces imos facer a nosa intervención á moción, se non se achega... Si me da a palabra o alcalde."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, si claro."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Bueno, sin duda, o tema do SAF, é un tema que preocupa aos concellos, polo elevado custo*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

que supón. Pero sorprende que sexa necesariamente neste momento, cando traian unha moción sobre o SAF e sorprende, porque fai tan solo unhas semanas, e despois de meses de negociación, por fin se firmou o acordo entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP, que é o órgano que representa aos concellos, sobre a financiación dun servizo esencial e que é un piar na atención a dependencia. Un servicio moi reclamado e que utilizan máis de 23.000 galegos e galegas, cada día, entre eles, moitos de Dodro.

E neste sentido, é importante destacar varias cousas. Primeiro, en primeiro lugar, hai que destacar que se chegou a un acordo entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP, despois dunha negociación complexa e na que todos tiveron que ceder o que amosou a boa vontade das dúas partes, de aí a satisfacción amosada, tanto pola Xunta de Galicia, como tamén polo presidente da FEGAM, Alberto Varela, alcalde socialista de Vilagarcía de Arousa, por certo.

E segundo, hai que destacar a suba importante que contempla este acordo, pois vaise pasar de 12 euros/hora que se aportaba ata agora, a 18. Hai que ter en conta que esta suba anterior, fora dos 9,7 aos 12 euros, é dicir, un 24% máis, co cal pensamos que a suba actual, supón un esforzo realmente considerable. Polo tanto, se collemos de referencia o arco temporal de 2021 ata 2028, vemos que practicamente se duplica a achega que fai a Xunta de Galicia, semellante suba repercute notablemente tamén no concello de Dodro, pois vaise a pasar dunha achega, por parte da Xunta de Galicia, de 326.600 euros, no ano 2025, a aproximadamente, 489.923 euros no ano 2028, cun investimento en 3 anos, de preto de 1 millón de euros, cantidade ademais, nada desdeñable. Significa esto que nos conformamos? Pois evidentemente non. E por iso, en terceiro lugar, hai que referirse a un punto que vostedes, ou terxiversan ou simplemente descoñecen, no no sei. Cousa que sería máis grave, porque o primeiro que ten que facer un gobernante é coñecer as leis. Si é certo que o SAF é de competencia municipal, eso si é verdade, porque así o indicou, desde un principio, a Lei de Servizos Sociais, elaborada polo bipartito, concretamente PSOE- BNG. De feito, o concello de Dodro, como a gran maioría de concellos socialistas, teno externalizado. Pero agora ben, a financiación, tal e como establece a Lei de Dependencia, debe ser compartida ao 50% entre as Comunidades Autónomas e o Estado, ademais dun copago, por parte dos usuarios, segundo a renda que teñan de patrimonio.

Deberían de lerse a Lei de Dependencia, concretamente os artículos 32 e 33. Xa llos digo, por si quere ir directamente, e aí precisamente, aquí é onde temos unha anomalía, pois neste momento, o Goberno de España, non está asumindo a parte que lle corresponde, e vostedes sábeno. Sendo como ademais, a principal máquina de recadación de impostos, o principal artigo de recursos. De feito, neste ano pasado, a aportación do Goberno de España á dependencia, pasou dun 40 a un 34,90%, segundo os datos do propio Ministerio, non é que o digamos nós, son os datos do Ministerio de Dereitos sociais e que vostedes mesmos, poden comprobar facilmente.

Abonda con ir, por exemplo, aos informes oficiais do IMSERSO, por referirnos solo

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

o SAF e por aforrarlles traballo, podo darlles as cantidades exactas do ano 2025, a Xunta de Galicia aportou 90.915.000 euros, o Goberno de España aportou 49.128 euros e a obriga legal son o 50% cada administración. Fáltanlle, algo máis de 40 millóns ao Estado, para aportar e que a Dodro non nos custase tanto. Deste xeito, a débeda acumulada con Galicia ronda os 2.900 millóns de euros, por parte do Estado, cantidade bastante importante e que sin dúbida, nós viría moi ben para poder seguir aumentando a financiación da dependencia e de xeito concreto, o SAF.

Que se trata dunha débeda que xa ven de tempos de Mariano Rajoy? Pois posiblemente si, pero levan xa uns cantos anos gobernando e lonxe de reducirse ou eliminarse esta débeda, sigue aumentando ano tras ano, así que, votarlle a culpa aos de antes sempre, tampouco é moi responsable. Na práctica, esta situación, significa que dos 16 euros que actualmente paga, se paga por hora de SAF, a Xunta de Galicia achega 10,40 e o Goberno de España 5,60, a diferencia é considerable. Por tanto, a cousa está bastante doada, se o goberno de España cumprira con 50% da dependencia e abonará a mesma cantidade que a Xunta de Galicia, é dicir que subirá dos 4,8 ao que lle corresponde, non teríamos este problema aquí, en Dodro que tanto nós costa e que tantos cartos nós supón.

En definitiva, que se o Goberno de España cumprira a Lei de Dependencia, tamén se podería incrementar a achega do SAF, algo que evidentemente, todos desexaríamos. Polo tanto, deberían de ser algo máis rigorosos, nesta cuestión. Porque está ben que pidan cousas á Xunta de Galicia que sempre falen da Xunta de Galicia e que incluso queiran denunciala, pero sería bo..."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pasou vostede o tempo asignado para a defensa dunha moción en creces, pero vámolo deixar, porque lamentablemente despois vaise ver envolta nunha resposta de igual calibre. Lamento dicilo, pero por eso o anticipo. Continúe por favor. Continúe"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Vale, gracias. Polo tanto, deberían de ser algo máis rigorosos nesta cuestión porque está ben que pidan cousas á Xunta de Galicia e que incluso queiran denunciala, pero sería bo que tamén reclamarán algo, a quen realmente non está cumprindo coa súa obriga legal e que ademais non fai máis que poñer trabas a Galicia, como xa ocorreu cun recurso que puxo o goberno de Pedro Sanchez, ao Plan de axilización de valoración de dependencia e da discapacidade, o famoso Plan de Choque, cousa que a todas luces, é incomprensible, xa que os resultados desta iniciativa do Partido Popular, desde o goberno da Xunta de Galicia, estaban a ser boísimos e que ahora, por culpa de Pedro Sanchez, está en perigo de paralizarse.*

Curiosamente, non fai moitos meses, o Goberno de España asinou un acordo, para darlle ao País Vasco, ese 50% que nós reclamamos e que vostedes non protestaron porque llo deran, ademais, que sen embargo, se lle nega a Galicia, día tras día. Que diferencia ten Galicia co Pais Vasco? Pódeo explicar vostede. E seo fan, polo menos, poderían ser algo máis coherentes e denunciar, non só á Xunta de Galicia, se non, en todo caso, tamén ao Goberno de España, como parte

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

do sistema de financiación. Si vostedes queren máis financiación, non llo pidan solo á Xunta, temos máis sitios de onde tirar, o importante son os veciños de Dodro, ou eso pensamos nós. Hai que ser serios, nos temas que afectan ás arcas municipais. E ser serios nesa cuestión pasa tamén, por pedir, dunha vez por todas, que se revise o sistema de financiamento autonómico e local, de xeito que se contemplen as peculiaridades de cada territorio.

Fixémonos en que, cando se pide que se financie o 100% do SAF, como pediron en bastantes ocasións, debemos clarificar o que é exactamente ese 100%, porque resulta que, nuns concellos é 20 euros, en outros é 21, en outros é 22, en outros é 23 e así. Aquí, cada concello, pon o prezo que lle da a gana. E por outro lado, non podemos esquecer que o custo do SAF é maior en Galicia que noutras Comunidades, precisamente pola nosa dispersión rural, esto remite, evidentemente, o problema da financiación, tanto local como autonómica, que non se pode resolver nun acordo bilateral de calquera maneira. Dito claramente, non podemos consentir ese menosprezo a Galicia e ao Concello de Dodro, simplemente para que alguén se manteña no poder e esperemos que vostedes, tampouco o consintan. Deberíamos abordar as cousas con algo máis de rigor, normalmente axeitado e con altura de miras. Me va a volver a interrumpir?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, porque sobrepasou vostede o tempo e polo que vexo, aínda ten para máis tempo, lamento moito por non traer vostede unha sínteses para defendela e o resultado da..., en resumen, que di vostede?"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"En resumen era o que estaba falando, pero."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vale, pois."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Pois si vostede non me deixa seguir, non sigo"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Déixeme dicirlle, leva 14."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non hai problema."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Leva 14 minutos cando ten 2."*

Ángel Jamardo Rey, concelleiro do Partido Popular: "*Se foi vostede o que dixo que podía continuar."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, bueno,, pero eu pensei que iba acabar pronto, pero bueno, síntoo moito."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Pois nada."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal, por favor."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Eu vou ser un pouquiño máis breve. Tamén lle rogaría á portavoz do PP que para próxima, manden o argumentario, antes do pleno e o sabemos porque basicamente, conforme llo mandan a vostede o argumentario, xa nolo podían pasar a nós.*

Desde a Unidade Veciñal de Dodro, queremos manifestar o noso apoio xeral aos motivos nesta moción. Compartimos o análise de que o Servizo de Axuda no Fogar é un piar fundamental para que a cohesión social e autonomía da nosas persoas dependentes. Especialmente, nun Concello con tanta dispersión e envellecemento como o noso.

Estamos totalmente de acordo que o acordo en que o acordo actual entre a Xunta e a FEGAMP é un pacto de mínimos, insuficiente. Pasar de 16 euros por hora en 2026, non cubre o custo real do servizo e aquí en Dodro, sabemos que pode chegar case aos 30 euros.

É inaceptable que o noso Concello teña que seguir retraendo recursos doutras areas, para cubrir unha competencia que lle corresponde financieiramente á Xunta de Galicia. Pero dende a Unidade Veciñal de Dodro, non podemos apoiar o punto número 5, da proposta de acordos que fala de valorar a presentación de demandas, de demandas xudiciais, que están..., que tanto estamos acostumados aquí, a que nolas presenten a nós, por parte do Concello contra a Administración Autonómica. Os motivos para non apoiar ese punto número 5 son: a protección dos recursos municipais, o concello de Dodro, ten un orzamento e uns recursos técnicos limitados, meterse nunha batalla xudicial contra a Xunta de Galicia, podía supor uns custos en tempo, xestión e taxas que o noso Concello, non ten porque asumir de xeito individual.

O liderado da FEGAMP, consideramos que de haber unha fronte xudicial, esta debe ser liderada e coordinada pola Federación galega de Municipio e Provincias, como organismo que representa a todos os concellos galegos, ten a forza institucional e os servizos xurídicos necesarios para dar esta batalla, sin poñer en risco a estabilidade orzamentaria de concello pequenos, como o noso. A prioridade política sobre o xudicial, creemos que a presión debe seguir sendo política e institucional. O Concello debe esixir, non litigar en solitario, mentres haxa órganos de representación colectiva para facelo. Se o PSOE retira este punto, votaremos a favor."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Bueno. Eu intentei resumir, porque pensamos que o problema político de fondo é que, ese acordo non foi unha imposición unilateral do PP, se non, que contou co apoio do propio PSOE, que acabou caendo na trampa dese pacto. O PP presentou*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

este acordo, como un avance histórico, cando en realidade supón, pasar dos 12 euros por hora actuais a 16 este ano, 17 o seguinte e 18 no 2028, cifras realmente afastadas, do que custa realmente o SAF que se sitúa arredor dos 24 euros por hora, segundo a media das últimas licitacións. É dicir, a diferenza segue sendo moi significativa e continuará recaendo sobre os concellos, que levan anos soportando unha parte desproporcionada dun servizo que segundo a Lei de Dependencia, debe financiar o Estado e a Xunta, como aquí se dixo nalgún momento. A trampa do PP foi clara: utilizar a súa posición de forza para impor un acordo insuficiente, baixo a ameaza de que, se non se aceptaba, se manterían os 12 euros por hora, unha especie de, ou isto ou nada. Esa é a realidade. E aí o PSOE, decidiu avalar o pacto, contribuíndo a darlle cobertura política a unha proposta que non resolve o problema estrutural. Non se pode apoiar un acordo na Executiva da FEGAMP e despois presentar mocións polos concellos, cualificándoo de insuficiente. Se é insuficiente, como efectivamente o é, non debería terse aceptado, xa naquel momento. O BNG, mantivo nese sentido, sempre unha posición coherente na FEGAMP, rexeitar unha proposta que nin sequera se achega ao custo efectivo e esixir un incremento inmediato do financiamento, con carácter retroactivo que permita, achegarse ao prezo real do servizo e avanzar cara ao obxectivo irrenunciable, de que Xunta e Estado cubran o 100% do custo. A Xunta pode subir o prezo/hora, cando queira, non precisa o aval da FEGAMP para facelo. O argumento de que había que aceptar esta oferta para non quedar nos 12 euros, é unha chantaxe política aos concellos.

O SAF é un servizo esencial para garantir o dereito das persoas, efectivamente dependentes, a vivir nas súas casas con dignidade. Nun país envellecido como Galiza, non pode depender da capacidade financeira de cada concello, nin converterse nun factor de risco para a estabilidade municipal. O acordo PSOE- PP, non resolve o problema, consolida un financiamento insuficiente e dálle ao PP a foto que necesitaba. Se realmente se considera que o pacto é de mínimos, o coherente non é xustificalo, se non, rectificalo e esixir, un modelo que cumpra a lei e cubra o custo real do servizo."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Un último turno para o portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Si. Simplemente á voceira do PP, indicarlle o que pon na exposición de motivos, son os concellos os que están a asumir na práctica, o 50% do custo deste servizo, cando por lei, lles corresponde, unicamente, a xestión. A obriga de financialo recae nas administracións superiores, principalmente na Xunta de Galicia, principalmente. Que durante anos, eludiu esta responsabilidade.*

E de Unidad Veciñal, valorar non é interpoñer.

E bueno, o BNG cree que é insuficiente.

Bueno, vistos os comentarios dos diferentes voceiros, consideramos que debemos retirar esta moción."

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, bueno. Eu é o que iba a propoñer. Vamos a retirar a moción, porque o alcalde, o presidente da corporación, pode retirar da orde do día aquel punto, pois ahora, acabo de decidir que vamos a retirar a moción."*

13. MOCIÓN DO PP DO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES, 8 DE MARZO.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a seguir se transcribe literalmente:

"Dª. Mª Soledad Boga Grela, como Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Dodro, e ao amparo do disposto no regulamento orgánico municipal do Concello de Dodro, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES, 8 DE MARZO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como cada 8 de marzo conmemoramos o Día Internacional das Mulleres, e para o que neste ano 2026 a Comisión da Condición Xurídica e Social da Muller da ONU estableceu como tema fundamental "garantir e fortalecer o acceso á xustiza para todas as mulleres e nenas, entre outras cousas promovendo sistemas xurídicos inclusivos e equitativos, eliminando as leis, políticas e prácticas discriminatorias, e afrontando as barreiras estruturais".

No fondo, do que se trata é de seguir buscando formas que posibiliten facer realidade o artigo 7º da Declaración Universal de Dereitos Humanos, no que se afirma que todos os seres humanos somos iguais ante a lei, e temos, sen distinción, dereito a igual protección da lei. Porén, mentres por un lado existe a obriga de garantir o aceso á xustiza sen discriminación, por outro lado tamén debemos eliminar as barreiras estruturais que seguen mantendo a desigualdade contra as nenas e as mulleres nos diferentes eidos da vida.

É certo que a loita polo recoñecemento dos dereitos das mulleres leva acadado moitísimos fitos. De aí que este día 8 de marzo sexa tamén un bo momento para traer á memoria -conmemorar no seu sentido máis orixinario- o esforzo e o tesón de todas esas mulleres que ao longo da historia foron abrindo camiños a prol da igualdade desde diferentes lugares -tanto xeográficos como sectoriais-, con frecuencia sendo vítimas da invisibilidade propia do contexto que lles tocou vivir. Unha invisibilidade que afortunadamente non impediu que a súa aportación sobrevivira ás tempestades dunha historia escrita, ata non fai moito, case en exclusiva polos homes. Mulleres coma Exeria, Hildegarda de Bingen, Olympe de Gouges ou Mary Wollstonecraft, todas elas exemplo dunha tradición imparable que cristalizou en épocas máis recentes en formas teóricas diferentes na maneira de entender a identidade e o papel das mulleres, pero que, sen embargo, teñen en común a defensa dun feminismo práctico sen cualificativos, definido

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

fundamentalmente pola calidade das súas protagonistas e o seu bo facer nos ámbitos nos que desenvolveron a súa traxectoria vital. Pensemos en Simone de Beauvoir ou Marie Curie, en Josefa Segovia ou Concepción Arenal, en Emilia Pardo Bazán ou María Wonenburger, en Rosalía de Castro ou en Begoña Caamaño, gran periodista e escritora a quen neste ano se lle dedica o Día das Letras Galegas. Todas elas, cada unha coa súa vocación e tamén coas súas ideas, son hoxe referentes nos que mirarse cando conmemoramos o 8 de marzo.

Pero ademais de mirar cara atrás e lembrar a quen tantos camiños abriron, tamén este día ten que ser un momento para recoñecer a todas aquelas mulleres que hoxe están a ser exemplo de valentía, de emprendemento, de compromiso e de bo facer en todos os ámbitos nos que participan e nos que, non sen dificultades, están sendo espellos onde mirarse e faros que marcan o rumbo para quen nos suceda.

Agora ben, ademais de memoria agradecida, o 8 de marzo é tamén un día de reivindicación. Porque, desafortunadamente, a pesares de tanto conseguido, non cabe dúbida de que aínda queda moito por facer e un longo camiño que percorrer na conquista dunha sociedade máis igualitaria, especialmente en dereitos, oportunidades e rompendo barreiras que seguen a perpetuar inxustizas e discriminacións.

Galicia é unha das comunidades con maior número de mulleres en postos de dirección, máis é importante tamén ter en conta que segue habendo demasiadamarxe de mellora: hoxe a nivel mundial as mulleres representan unicamente arredor do 30% de cargos directivos en empresas, aproximadamente a mesma porcentaxe que ocupan en cargos públicos. De igual xeito, Galicia segue reducindo a fenda salarial de xénero ano tras ano, pero é tamén evidente que queda moito por corrixir. Por iso é preciso rematar cos estereotipos de xénero e continuar incrementando a cifra de rapazas que elixen carreiras técnicas onde hai maior remuneración salarial, do mesmo xeito que se precisa equilibrar o eido dos coidados. Para iso, o deseño e implementación de políticas públicas facilitadoras da conciliación familiar e laboral, e a aposta pola sensibilización en materia de corresponsabilidade fanse imprescindibles, tal e como leva facendo Galicia nas últimas décadas impulsando medidas pioneiras en Europa como a gratuidade da educación infantil 0-3, a rede de casas niño e do maior no rural, os bonos coidado e concilia, as axudas á redución de xornada laboral para tentar mudar a tendencia para que cada vez sexan máis os homes os que decidan parar a súa carreira profesional para coidar, ou o impulso de accións de sensibilización e formación en materia de corresponsabilidade.

máis precisamos ter sempre presente a máis dramática das situacións de desigualdade que existe: a violencia de xénero que sofren mulleres e nenas ao longo e ancho do mundo. Este é o máis cruel reflexo da desigualdade e do moito que nos queda por acadar. Todo o noso recordo ás vítimas que foron asasinadas e todo o noso apoio e soporte - a través de recursos públicos - ás que están nestes momentos sobrevivindo a algunha situación de violencia.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Neste 8 de marzo reivindicamos como a Galicia de hoxe non se entende sen ter en conta o papel das mulleres en todos os eidos. Abonda ver a súa presenza cada vez máis protagonista e de liderado no ámbito político, no empresarial, no científico, na innovación, na cultura, no mundo educativo, nos sectores que dinamizan o mar e o rural, moitos destes eidos aínda masculinizados. Isto reflicte que a igualdade non é un reclamo propagandístico dunha efeméride, senón que realmente é o motor e a garantía de que a nosa sociedade ten un futuro esperanzador.

Por iso mesmo, para seguir dando pasos adiante nese futuro esperanzador, precisamos que as mulleres profesionais de Galicia, que lideran, que xestionan, que emprenden e, en definitiva, que loitan e traballan, sexan máis visibles ca nunca.

Galicia defende a igualdade cada día, afrontando de xeito rotundo os desafíos que temos por diante e sendo unha das sinais de identidade da Galicia Calidade. Este 8 de marzo renovamos o compromiso de seguir adiante de xeito firme nesa obriga que temos como representantes públicos de buscar fórmulas valentes e xustas coas que acadar, dunha vez por todas, a igualdade de xénero en todos os eidos da vida social.

POR TODO O EXPOSTO, O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE DODRO PROPÓN O SEGUINTE ACORDO:

1. Condenar firmemente calquera forma de desigualdade ou discriminación contra as mulleres.

2. Seguir promovendo unha cultura de igualdade e de respecto, onde as mulleres podan desenvolverse con seguridade e plenitude.

3. Apoiar ás iniciativas que teñan por obxecto visibilizar ou galardoar a traxectoria de mulleres referentes en diferentes ámbitos, especialmente naqueles sectores masculinizados.

Instar á Xunta de Galicia a:

1. Continuar defendendo a igualdade para que calquera muller poida desenvolver o seu proxecto de vida sen sufrir discriminación algunha polo mero feito de selo.

2. Seguir avanzando na visibilización das mulleres en todos os ámbitos, recoñecendo o talento e a capacidade que as mulleres aportan ao desenvolvemento económico, social e cultural.

3. Continuar reforzando os recursos para os Centros de Información á Muller, que son de titularidade municipal.

Instar ao Goberno Central a:

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

1. Restablecer as contías íntegras do Plan Corresponsables, revertendo calquera recorte que afecte á prestación de servizos de conciliación nas Comunidades Autónomas.

2. Fomentar a participación real e efectiva das mulleres na toma de decisións e na elaboración de estratexias para ou seu apoderamento ao longo de todo o seu ciclo vital e en todas as áreas de actuación pública.

3. Desenvolver accións de sensibilización e formación en igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de sexo no ámbito laboral, educativo e social, con especial atención ás empresas e ás administracións públicas.

4. Promover programas específicos de fomento e o impulso do emprego feminino, co obxectivo de aumentar a participación das mulleres no mercado laboral, fundamentalmente nos ámbitos masculinizados como o científico, tecnolóxico e industrial, con medidas que incentiven a sensibilización, formación e contratación.

5. Impulsar medidas específicas para apoiar a igualdade no medio rural, incluíndo a mellora do acceso aos servizos, emprego e oportunidades económicas para as mulleres que viven en zonas con menor densidade de poboación."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Cando queira."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Como é unha moción larga, si o resto dos concelleiros están de acordo, leo os puntos de acordo. Para a xente que está de público, é unha moción do Día Internacional da Muller do pasado 8 de Marzo. E leo os puntos de acordo simplemente."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Cando queira."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Consideramos que debemos de poñer en valor á muller e por eso ven esta moción ademais, ven con motivo dese día."*

Procede á lectura dos acordos da moción a voceira do Partido Popular.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"É curioso que fale de recortes o Partido Popular, moi curioso e sobre todo, respecto ao Goberno Central, todo parece que a culpa tena Pedro Sanchez, ten a culpa, bueno.*

Voulle contestar tamén brevemente, respecto ao Goberno Central, é unha chapa grande tamén, pero bueno, do Plan Corresponsables. "

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Tes 5 minutos."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Non existen tales recortes.. Perdón antes a outra..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Xa, xa, pero bueno. Recórdolle."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Realmente o Plan Corresponsables naceu co obxectivo da cogobernanza coas Comunicades Autónomas, desde o ano 2021 ata 2024, cada ano, o Estado aportou 190 millóns de euros, sen que houbese unha cofinanciación por parte das Comunidades Autónomas. O goberno de España, inverteu neste Plan, máis de 900 millóns de euros e Galicia aportará, por primeira vez nesta convocatoria, 2.328.111,93 euros, recibindo 6.984.335,81 euros.*

Consideramos que a Xunta de Galicia, se ten interese e compromiso coas políticas de igualdade, como afirma, colaborará tendo en conta, as súas competencias na materia.

Fala de fomentar a participación real e efectiva das mulleres, deixámoslles o enlace, pero débeo de ter vostede, da web da Xunta, porque parece que descoñezan as competencias da Xunta de Galicia nestas materias, e os programas que levan a cabo tanto, a través da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, como da Dirección Xeral contra a Violencia de Xénero.

Desenvolver acción de sensibilización e formación en igualdade. A Xunta de Galicia, principalmente a través da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, ostenta competencias no deseño, planificación e execución de políticas de sensibilización e formación en igualdade de oportunidades, con especial énfases, no ámbito laboral e na loita contra a violencia de xénero.

Promover programas específicos de fomento e impulso de emprego femenino. Ten competencias a Xunta de Galicia, para promover programas específicos de fomento e impulso de emprego femenino, enfocándose na igualdade laboral, o emprendemento e a ruptura de brechas de xénero.

Impulsar as medidas específicas para apoiar a igualdade no medio rural. Aportámoslles información da propia web da Xunta de Galicia. As mulleres do rural enfrontan desafíos específicos que dificultan o seu desenvolvemento profesional.

O VIII Plan Estratéxicos de Galicia 2022-2027, pon o foco en reducir estas desigualdades e impulsar a autonomía económica das mulleres do rural.

Respecto ás competencias do Estado. Nos distintos puntos que vostede sinalan nesta moción, convidamos a que consulten:

- *Lei Orgánica 1/2004.*
- *Lei Orgánica 3/2007.*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

- *Lei orgánica 8/2021.*
- *Real Decreto-Ley 6/2022.*
- *Ley Orgánica 10/2022.*

Despois falamos do Pacto de estado contra a violencia de Xénero. O 26 de febreiro de 2025, o pleno do Congreso dos Deputados, aprobou de maneira case unánime, a renovación e actualización do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. O acordo amplía as medidas que incluía en 2017 de 290 a 461 e introduce novos eixos, como son a violencia vicaria, a violencia económica e a dixital.

Ata 2024 o Pacto I incluía 290 medidas, ahora son 461 medidas estruturadas en 10 eixos:

- *Sensibilización e prevención: 79 medidas.*
- *Resposta Institucional, coordinación e traballo en rede: 128 medidas.*
- *Asistencia, axuda e protección ás vítimas: 73 medidas.*
- *Asistencia e protección de menores: 50 medidas.*
- *Formación: 15 medidas.*
- *Estudios e seguimento estadísticos: 23 medidas.*
- *Recomendacións a CCAA, Entidades Locais e outras: 16 medidas.*
- *Outras formas de Violencia contra a Muller:*
  xenérico: 16 medidas,
  violencia económica: 10 medidas,
  violencia dixital:23 medidas.

- *Compromiso económico: 17 medidas.*
- *Seguimento do Pacto: 11 medidas*

Esto todo, con respecto ó que usted fala do Goberno Central, mire o que fai o Goberno Central e mire o que fai a Xunta."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal, por favor."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si. Eu tamén vou ser máis breve.*

Nós non entendemos porque unha proposta deste tipo, non é presentada polo Goberno para buscar un certo consenso e traela como declaración institucional, como xa se ten feito algunha vez.

Desde a Unidade Veciñal de Dodro, non podemos deixar pasar algunhas ausencias e conceptos no texto presentado polo Partido Popular que consideramos fundamentais para que o 8 de Marzo, non queda nunha mera declaración de boas intencións.

Primeiro. Reivindicar o feminismo como motor político. A moción fala dunha

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

tradición que cristaliza nun feminismo práctico sin cualificativos. Desde o noso grupo, creemos que o feminismo si ten cualificativos e ten unha historia política clara, o feminismo é a loita pola emancipación das mulleres e a transformación dun sistema patriarcal que as somete. Non é só o bo facer ou o talento, é unha loita colectiva polos dereitos civís e sociais. Botamos en falta, no texto, un recoñecemento explícito ao Movemento Feminista Organizado que é quen realmente empurra ás institucións a cambiar. E fago alusión a Begoña Caamaño, a cal coñecín e podo dicir que o seu feminismo era profundamente política, comprometida co nacionalismo galego, militando na Organización das Mulleres Nacionalistas Galegas, e participou activamente na Marcha Mundial das Mulleres e, estivo comprometida cos movementos antimilitaristas, formando parte do Consello de redacción da revista AR. Non era precisamente un feminismo práctico sin cualificativos. Vese que o modelo do PP de Dodro, era máis a de Emilia Pardo Bazán.

Segundo. Nomear a violencia machista. O texto menciona a violencia de xénero, como máis cruel reflexo da desigualdade, creemos que é necesario dar un paso máis. O que sofren as mulleres é violencia machista, chamar a violencia polo seu nome, é o primeiro paso para erradicala. Non é un fenómeno abstracto, é unha violencia exercida polos homes contra as mulleres, polo feito de selo, baseada nunha relación de poder. E tamén, lembrar aquí que nestes días, soubemos que o goberno de Dodro renunciou a unha subvención concedida pola Diputación Provincial da Coruña ao abeiro da convocatoria do Programa de Subvencións a concellos e outras entidades locais para o financiamiento do persoal técnico de Igualdade de xénero e axentes de Igualdade de xénero, no ano 2025. Disque ante a imposibilidade de xustificar a realización da actividade, xa nós explicará o goberno a que foi debido.

Tamén nós gustaría que se instara ao goberno de Dodro, ao mantemento dese servizo. Aínda así, non votamos en contra, porque os obxectivos xerais de igualdade son compartidos por toda a sociedade, pero non podemos dar un cheque en branco, a un texto que evita nomear o Feminismo como movemento político e que dilúe a violencia machista baixo conceptos xenéricos. E criticamos a falta de compromiso. Que a moción do PP, falan de feminismos sin cualificativos, o que na práctica baleira de contido a loita histórica das mulleres.

Non votamos en contra, porque a igualdade, non debe ser un campo de batalla de bloqueos. Pero abstémonos porque este texto é insuficiente, brando e ignora a realidade do movemento feminista que realmente, transforma Dodro e Galicia."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. Eu creo que no que os acordos poderían ser, incluso de calquera dos grupos políticos aquí presentes, dos presentes claro, poderían ser aprobados. É dicir, basicamente nos acordos o que todo o mundo subscribe é o apoio á muller. O que todo o mundo subscribe é, necesitamos máis cartos, este portavoz do BNG,*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

sempre fala no mesmo sentido, para desenvolver políticas, necesitamos cartos.

Nós non presentamos por exemplo, nin optamos a poñer encima da mesa para declaración institucional, o día 8 de marzo, porque o pleno estase celebrando agora. Hoxe é o día 12 de marzo e por iso, pois non, non trouxemos aquí ningún tipo de proposta. Tamén esperando que ao mellor o goberno en minoría, o presentara. Non o fixo así, de todos los xeitos, eu tamén daquela, presentaría non solamente a moción si non que ao mesmo tempo, o que faría sería, invitaría a todas as persoas, como fago eu cando podo, a asistir a todos os actos e tamén ás manifestacións en defensa do feminismo. Gustaríame tamén, ver ás portavoces do Partido Popular, homes e mulleres, tamén en algunhas manifestacións, reivindicando o que realmente é o día 8 de marzo, por que hai un 8 de marzo. Por que cada vez, se está profundizando no 8 de marzo que como sabemos, é unha data que desgraciadamente, témola que tes presente os 365 días do ano."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Partido Popular para defender a moción."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, un pouco para pechar. O portavoz de Unidade Veciñal fala de feminismo político. Mire, nós falamos de calquer tipo de feminismo, dáme igual se é político, si é rural, si ... Da igual, é un feminismo aberto, onde cabemos absolutamente todas, eso é co que nos temos que quedar. Fala de que, nós falamos de violencia de xénero, porque normativamente está así recollido pero é que danos igual, violencia de xénero, violencia machista, chámelle como queira é violencia contra a muller, non hai máis volta de folla.*

Chámanos a atención tamén que efectivamente, o equipo de goberno non haxa traído unha declaración institucional con motivo de do 8 de Marzo. Que incluso pudo haber traído no pleno de xaneiro. Pero tamén, temos que dicir ao portavoz do BNG que di que bota de menos vernos en algúns actos. Mire ultimamente, o equipo de goberno, ten por norma non invitar aos concelleiros do Partido Popular, nin sequera avisarlles dos actos, de algúns actos que fai, concretamente para o 8 de Marzo. Aquí, esta esta concelleira, enterouse ese día pola tarde, porque pensamos que o acto iba ser o día 8, entrei nas redes sociais ese día, que aquí fíxose o día 6, si non, que me corrixa a concelleira, entrei pola tarde para ver si había algún o acto o domingo e vin que xa había sido pola mañá, pero que non costa ningún traballo, igual que se avisa para outras cousas, pois mandar un mail ou mandar un whatsapp- mira temos o acto o día 8 e vamos a celebralo o día 6 polo motivo que sea. Que danos igual e aquí nós sempre hemos asistido a todos os actos que que hemos podido, evidentemente e aos que se nos ha avisado, si non asistimos, concretamente a ese, foi porque en ningún momento se nos avisou e enterámonos ese día pola tarde.

Di que necesitamos cartos para desenvolver políticas. Efectivamente, claro que necesitamos cartos para desenvolver políticas e ademáis Dodro, que é un concello que bueno, que non ten tantos recursos económicos. Pero voulle dar a razón ao portavoz de Unidade Veciñal, que o goberno ven de renunciar a unha

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

subvención de igualdade da Deputación, bueno, porque non é capaz de xustificala, vamos a deixalo aí. Eso non ten sentido, o ano pasado, tivemos que devolver 30 e pico mil euros á Xunta de Galicia, tamén por unha subvención de igualdade. E aquí, o señor alcalde, cando se lle pregunto por ese tema, dixo que habían sido moi altruístas e que non foron quen de gastalos. Bueno, pois si non saben en que gastar unha subvención, xa que lle veñen os cartos, Dios mío!, pois non sei, faga unha reunión co resto de concelleiros e entre todos, seguro que pensamos en algo que lle poida beneficiar aos veciños.

O problema non é ese, o problema é a xestión, o problema é mirar e abrirlle paso á muller e non poñerlle trabas. E eso é o que ven a dicir esta moción, é onmemorar ese día, por facer algo nun pleno. Nada máis que dicir."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Pois, eu como alcalde, efectivamente, reconocer que estabamos aquí revisando, reconocer que aprobouse, adaptamos a declaración da FEGAMP do día 8 de marzo. A nosa intención era, nun momento determinado, mandar a todos os concelleiros. Estamos vendo ahora que se nos quedou no camiño, algún tipo de decisións. Pois, polo que sea, non se sabemos onde fallou o engranaxe e evidentemente, a nosa intención era que viñeran todos vostedes e que asumirán a da FEGAMP, porque practicamente, se supón que está debatida entre todos os concellos. Pero eso sobre a declaración do 8 de marzo. Sobre a moción, o texto da moción, vamos a proceder a votación e listo."*

Procédese á votación.

Votos a favor: 2
- 0 BNG
- 2 PP
- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Unidade Veciñal de Dodro
- 0 Xente de Dodro

Votos en contra: 3
- 0 BNG
- 0 PP
- 3 PSdeG-PSOE
- 0 Unidade Veciñal de Dodro
- 0 Xente de Dodro

Abstencións: 3
- 1 BNG
- 0 PP
- 0 PSdeG-PSOE
- 2 Unidade Veciñal de Dodro
- 0 Xente de Dodro

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Estado Proposta: Non Aprobada

C.2. MOCIÓNS URXENTES:

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Hai unha moción que non está na orden do día."*

Sandra María García Chenlo, secretaría-interventora: "*A moción presentouse o día da convocatoria, despois da convocatoria; eu entendo que, correctamente de acordo ao ROM, porque fala dese tema, con 72 horas de antelación, pero eso, volvemos un pouco ao que xa falamos aquí unha vez. Entendo que é unha incongruencia entre o ROM e o ROF, porque efectivamente é así.*

Tampouco eso implica, ou entendo que poida implicar, someter a moción á votación de urxencia. Eu sería partidaria de entender que é unha moción ordinaria, está comunicada a todos os concelleiros."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por min non hai problema que se considere como ordinaria e xa está."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: "E*u creo que se debe de votar como urxente, porque así se fixo en outras ocasión.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non, en outras ocasións."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si."*

Sandra María García Chenlo, secretaría-interventora: *"No voso caso?*"

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: "Si."

Sandra María García Chenlo, secretaría-interventora: *"Si, si. Se o criterio foi ese."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Que de feito díxose que xa estaba na convocatoria."*

Ángel Jamardo Rey, concelleiro do Partido Popular: "*Se se miran as actas, xa está."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"E Xente de Dodro presentou outra en outra ocasión e pasou o mesmo tamén eh."*

Sandra María García Chenlo, secretaría-interventora: *"E que o problema, é que nós estivemos buscando de Xente de Dodro."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Xente de Dodro, eu creo recordar que tamén eles presentaron unha en unha ocasión e tamén foi igual."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, entón en todo caso..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Eu dígoo por un criterio."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Procederemos a urxencia."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"A min dáme o mesmo."*

Sandra María García Chenlo, secretaría-interventora: *"Sigo pensando que hai que modificar o ROM, esto non ten sentido."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si evidentemente, porque é unha laguna."*

Sandra María García Chenlo, secretaría-interventora: *"Pero si ese foi o criterio, desde logo, non nos podemos apear del."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Xoán."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Veña votamos a urxencia e listo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No, pero tes que ti xustificar a urxencia."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"A urxencia da moción é porque remata o contrato, non sabemos cando exactamente, porque o contrato non o temos. Entonces, por eso presentamos esta moción. Remata o contrato da xestión da auga."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Un turno para os portavoces, polo tema da urxencia. Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Nada se é urxente, pois que veña, urxente."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nós consideramos que non procede a urxencia. Porque: Unha, non remata agora xa o contrato. Dúas tiveron dous meses para presentar a moción en tempo e forma e, con lo cual, votaremos en contra da urxencia."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Eu entendía que si que podía entrar, pero non recordaba exactamente o que se fixera nas outras ocasións. Visto que está presentada no mesmo día, eu non a vin ata..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"No mesmo día non. Como que no mesmo día?"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si no mesmo."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego*: "Eu vina..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Ah, no mesmo día que a convocatoria?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si, si. Pero eu, a moción, vina cando acabou a miña xornada laboral, practicamente. Si eles consideran que é urxente, eu non teño ningún inconveniente en que se vote a urxencia."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Bueno, pois procedemos á votación da urxencia."*

Procédese a continuación a votar a urxencia e a inclusión da seguinte proposta na Orde do día:

Asunto: MOCIÓN URXENTE DE UVD DE MUNICIPALIZACIÓN DO SERVIZO DE AUGA

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Ratificada a inclusión na orde do día, o Alcalde inicia o debate sobre a proposta, a cal se inclúe completa.

14. MOCIÓN DE UVD DE MUNICIPALIZACIÓN DO SERVIZO DE AUGA

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a seguir se transcribe literalmente:

"Rebeca Rial Diz, e Xoán Xosé Vicente Franco como concelleiras da Unidade Veciñal de Dodro na corporación municipal do concello de Dodro, someten a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

MOCIÓN PARA A RECUPERACIÓN DA XESTIÓN DIRECTA (MUNICIPALIZACIÓN) DO SERVIZO DE ABASTECEMENTO DE AUGA E SANEAMENTO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O contrato de concesión para a xestión do servizo de auga e saneamento en Dodro, actualmente en mans dunha empresa privada, ten fixada a súa data de finalización para finais do presente ano. Esta circunstancia abre unha ventá de oportunidade histórica para que o Concello recupere o control dun recurso básico e esencial.

A experiencia das últimas décadas demostra que a xestión privada prioriza o beneficio económico da empresa concesionaria sobre o mantemento das infraestruturas e a calidade do servizo á veciñanza. Ante o reto do cambio climático, a necesidade de renovación das redes de sumidoiros e a eficiencia no consumo, a xestión directa dende o público preséntase como a opción máis eficaz e transparente.

BENEFICIOS DA MUNICIPALIZACIÓN

A recuperación da xestión directa do ciclo da auga traerá consigo as seguintes

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

vantaxes para o Concello de Dodro:

1. Aforro Económico (Eliminación do Beneficio Industrial): Ao eliminar a marxe de beneficio da empresa privada (que adoita roldar o 10-15%) e o pago do IVE sobre a factura do servizo, ese diñeiro pode reinvestirse integramente na mellora do servizo para a veciñanza

2. Transparencia e Control: O Concello terá o control total sobre o estado das infraestruturas, sen depender de informes de parte da empresa privada, permitindo unha planificación real contra as fugas de auga, por exemplo.

3. Tarifas Sociais e Xustas: A xestión pública permite establecer bonificacións reais para familias vulnerables e penalizar o consumo excesivo de xeito máis áxil, sen as trabas dos intereses comerciais.

4. Autonomía de Decisión: O Concello recupera a facultade de decidir onde e cando se fan as obras de urxencia, sen as demoras administrativas que supón a xestión indirecta.

EXEMPLOS DE ÉXITO NA CONTORNA

A tendencia cara á "remunicipalización" é unha realidade crecente en Galicia. Concellos do noso entorno e perfil demostraron que a xestión pública é viable e máis barata:

• Ames: Un referente na xestión pública eficiente a través da empresa municipal de augas.
• Brión: Xestiona o seu servizo de xeito directo cunha alta satisfacción da veciñanza.
• Padrón : O noso veciño máis próximo mantén modelos de xestión pública en diversas áreas que demostran maior proximidade co usuario.
• Santiago de Compostela: Atópase en pleno proceso de recuperación do servizo tras décadas de privatización, baseándose en estudos que avalan o aforro millonario para as arcas públicas.

Por todo o exposto, a Unidade Veciñal de Dodro propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1 - Realizar unha auditoría do estado actual das redes de saneamento e abastecemento de Augas.

2 - INICIAR de inmediato o expediente para a recuperación da xestión directa (municipalización) do servizo de abastecemento de auga e saneamento do Concello de Dodro.

3 - Crear unha Comisión de seguimento do proceso coa participación de todos os

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

grupos políticos que queiran participar."

Procede ca lectura, Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Eu, portavoz do Partido, se me deixas a min"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Déixolle ao compañeiro, o alcalde que adopte a sua postura."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esto, estivemos revisando, como moi ben dixo, ao inicio da moción. Este ano remata a concesión e levamos tempo, o grupo de goberno en minoría, levamos tempo estudando este asunto e evidentemente, cando chegou a moción, pois teño que contestarlle. Voulle contestar punto por punto, para que, por favor, tome nota de todo o que realmente é importante e o que realmente debe coñecer.*

Sobre o primeiro punto, aforro Económico. Eliminación do Beneficio Industrial. Cousa que vostede di, aquí no escrito que é de un 10 a un 15, sin embargo, na publicación do Facebook, xa aumenta dun 15 a un 20. Pero bueno, decirlle o seguinte:

A vixente Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que traspón directivas europeas. Entrou en vigor o 9 de marzo, di: "Nos distintos modelos de xestión que ofrece, establece límites a ese beneficio. No eido de que a duración do contrato, non pode sobre pasar o período de retorno das inversións previstas. Ese período de retorno, trae unha taxa interna de retorno que non sobrepasan nas derradeiras contratacións o 5%.

Ademais, as propias sentenzas dos xulgados, sobre equilibrio económico, di que o beneficio industrial debe de ser un máximo do 6%, véxase sentenza do Concello de Ourense.

Cando se di que o Concello aforraría o beneficio industrial ca súa xestión, sería certa, si fose capaz de facer o 100% de todo o traballo, algo que non é posible, posto que moitos traballadores deberíanse subcontratar con outras empresas, co seu correspondente beneficio industrial, que quere dicir esto:

- *Compra de produtos químicos e reactivos, posto que o concello non e produtor ni fabricante.*
- *Subcontratar de maquinaria para arranxo de avarías, posto que o concello non dispón de toda a maquinaria.*
- *Facturación aos cidadáns, xa que nestes casos os concellos, ou ben o subcotratan ou ben remítelle a xestión a Deputación, disminuíndo polo tanto os ingresos do servizo.*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

- *Subcontratación da limpeza de redes.*
- *Compra do programa de xestión para aboados.*
- *Xestión de residuos que produce o alcantarillado.*
- *Compra de tubaxes e pezas, co incremento de prezos por non ter volume de pedidos para obter mellores prezos.*
- *Peores prezos no custe de enerxía, ect.*
- *A perdón, analíticas de laboratorio, que hai que subcontratar, porque o Concello non as pode facer.*
- *Contratación de canais de atención ao cidadán, porque suponse que o cidadán terá que ter a quen dirixirse cos problemas da auga.*
- *Subcontratación servizo de ciberseguridade pola criticidade, tal.*

En todo los casos, as licitacións suporían aproximadamente 161 contratos anuais, segundo a plataforma de contratación.

Si non, vamos máis cerquiña, a empresa pública de augas de Ames, leva o mesmo, 80 subcontratacións, delas, moitísimas das cousas que fai, encárgallas a Espina e Delfín, dalgunha maneira que podería ser incluso ilegal ou alegal, cousa que este Concello, este concelleiro, este alcalde, non o ve.

En todo caso, o tema do beneficio industrial que se aforre, máis ben parece que non. En todo caso, sería trocealo en múltiples subcontratacións, co empeoramento dos servizos e xa non falemos de xerar perdas económicas para o Concello.

Transparencia e Control, punto 2: O Concello terá o control, sobre todo, o estado das infraestruturas, neste caso tamén pensamos que é non coñecer é tal.

É totalmente falso que o Concello, nunha xestión indirecta, non poida ter o control das súas infraestruturas, porque xa di vostede, son súas, as infraestruturas son do Concello, seguen sendo do Concello. O Concello está facendo obras nas infraestruturas de abastecemento de auga e o Concello é o que decide a prioridade desas obras. Parece claro que todos os informes que se fan, fanse polo Concello e quen decide onde se mellora o servicio, fai se todo esto.

Para falar de fugas de auga, temos que coñecer que a auga non rexistrada e o rendemento técnico hidráulico, simplemente cunha ollada aos distintos municipios, vemos que o actual rendemento de Dodro, esto todo consultouse, evidentemente, supera as esixencias da nova lei de augas da Xunta de Galicia ,estamos por riba do 80%, en contra do que teñen a maioría dos

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

pequenos concellos que apenas superan o 40%. É dicir, de cada 100 litros subministrados, perden 60 en fugas, subcontaxes de contadores e fraudes. Un exemplo claro é o de Santa Comba que o poden comprobar, a parte xestionada pola rede, o rendemento alcanza o 93%, frente á parte xestionada polo propio Concello, onde o seu rendemento. apenas chega ao 40%.

Por certo, hai concellos municipalizados, teño aquí un exemplo que foi en Barcelona de oito mil e pico habitantes, en onde, pasaron dun 74,5% ao municipalizar, pasaron a un 57%.

E por certo, a transparencia, a web da empresa pública de augas Ames, nos últimos datos publicados sobre as perdas nas redes, sigue estando no ano 2023, non as pública desde o ano 2023, quere dicir que non deben ser moi boas."

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Son do PSOE."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vale todavía vou dicir máis cousas malas de Ames non se preocupe, por moito que sean do PSOE, eu teño que defender a Dodro .*
Polo tanto, a xestión municipal non garante nin unha maior transparencia, nin ten potestade para facer informes sin ter que subcontratalos, porque non temos técnicos e precisamente, o tema de aforrar cartos, non parece demasiado evidente.

Tarifas Sociais e Xustas: A xestión pública permite establecer bonificacións reais para familias vulnerables, moi ben.

As tarifas da auga son de competencia municipal e precisamente se vamos facer un prego novo, podemos pensar en novas tarifas da auga. Pero, en todo caso, o prezo da auga debe reflectir os verdadeiros custos, esto é unha directiva europea, que pasa igual ca basura. As tarifas da auga debe reflectir os verdadeiros custos da súa captación e tratamento que poden ser moi variables segundo a situación de cada poboación.

As tarifas da auga, sexa cal sexa a forma de xestión, é sempre potestade do Concello, o Concello pode establecer as tarifas e as bonificacións que considere oportunas, estamos aí e podémolo pensar.

Por certo, autonomía de decisión: o Concello di vostede que recupera a facultade de decidir onde e cando se fan as obras de urxencia, sen as demoras administrativas que supón a xestión indirecta.

Precisamente este é outro erro, fai pouco tivemos unha reparación de urxencia, por unha fuga diante do Concello e a empresa que xestiona a auga no concello de Dodro, reparouna da mañá á tarde, posiblemente, si fose o Concello que ahora mesmo non ten en plantilla ao experto, digamos en fontanería, igual tardamos bastante máis e producimos unha perda de auga e se a avaría é moi grave, necesitamos un contrato e unha subcontratación.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

En todo caso, a menor burocracia para a xestión da xestión indirecta, porque xa corre a cargo da empresa, os pregos de condicións, teríamos que facelo o concello, vostede sabe, ou debería saber o que costa a este Concello, sacar a diante algún tipo de contratación. Pensar que nós podemos facer o tema da auga, non nos cadra. Pero o más curioso é os exemplos de éxito na contorna, eso tamén nos chama moito a atención. Porque fala do noso Concello, di que a xestión pública é viable e máis barata.

Pero voulle contar varias cousas, mire: dende o ano 2024 o pregos que saíron, saíron case todos, en xestión indirecta: Ribadeo, do Partido Popular; Foz, do PSOE; Brión teño un apartado aquí, máis a diante, onde vostede di que é un exemplo con alta satisfacción, Brión leva, máis de 40 anos, con Espina e Delfín e a noticia é do 19 de Decembro, e di: Brión aproba por unanimidade, a licitación do contrato de auga por 14,7 millóns e 25 anos, Brión, o 19 de decembro. Repase a súas fontes, xa estaba con Espina e Delfín desde hai 40 anos, porque falei co alcalde a ver se era verdade o que vostede me poñía e de verdade que me dixo que no. Entón que poñan vostede a Brión, xa digo que non é verdade. E encima, xa digo, por unanimidade a licitación do contrato de auga, en Brión hai Partido Popular, Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego, entón tal.

Ames, un referente na xestión pública eficiente, a través da empresa municipal de augas. Bueno o de Ames xa o dixen antes, pero vouno recalcar. A empresa municipal de augas de Ames, eu teño as miñas dudas que sea viable, porque está facendo, encargando, moitísimas cousas a Espina e Delfín, porque é absolutamente incapaz de facer e de xestionar a empresa municipal de augas. E veremos como acaba o tema de Ames, igual antes de fin de ano ou antes do ano 27.

Seguimos, por certo Padrón, o noso veciño máis próximo Padrón, ten unha xestión con Espina e Delfín desde hai moito anos e están nun proceso de contratación dunha consultora, para presentar unha nova licitación. Non sei, o tema de Padrón, como vostede se atreve a poñelo aquí. Entonces bueno.

Santiago de Compostela, tamén o di, atopase nun proceso de recuperación do servizo. No último mandato, o concello contratou coa Universidade da Coruña, concretamente ca Cátedra da Auga, decidir sobre o modelo de xestión, resultando unha empresa mixta, sen embargo, na comisión da auga decidiuse por un modelo de concesión duns 25 años e 100 millóns de inversións. No pleno que se aprobou, pola abstención do PP, que dixo que si gañara, sacaría unha concesión que si aprobaría o PSOE e os non adscritos. Quero dicir, que nin Santiago que vostede tamén o ten, efectivamente, temos aquí Val do Dubra, Negreira, Negreira, Val do Dubra e algún máis, pero parece... por favor, eu quixen votar a urxencia, porque me parecía que era urxente, que esta noticia e que esta información, vostede a contraste e que vostede, por favor, o pense un pouco, antes de facer esta proposta. Pero bueno, dito esto, o turno sigue por... Partido Popular. perdón."

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Nós non imos a entrar en si é mellor municipalizala ou non. Vémolo moi complicado, o concello de Dodro non ten medios para municipalizar servizos desta envergadura, nin o SAF, que xa o propuxeron aquí unha ocasión, nin o servizo das augas que a min, resúltame moi sorprendente que vostede estivera no goberno 4 anos e que non se dera conta desto. Porque usted, habendo estado no goberno, si sabe os medios que ten Dodro, do persoal que conta, dos medios económicos que temos... e que é totalmente inviable, vémolo totalmente inviable. Consideramos que o goberno ten que buscar a fórmula máis axeitada ou máis beneficiosa para os veciños, ahora que vai a vencer o contrato, aí estarán as negociacións que que establezan, verémolas e... miraremos a ver como salimos para diante. Pero esto, desde logo, nós non o vemos."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. Vou a resumir, porque que algúns dos datos xa se dixeron. Pero bueno, en todo caso, en primeiro lugar, nós queremos avanzar, é dicir, para o BNG é fundamental que os servizos públicos locais pois, canto máis mellor, e en particular, aqueles que afectan directamente á vida diaria da veciñanza, como é o caso agora que temos pois enriba da mesa, o saneamento e abastecemento de auga, pois deben de prestarse, sempre con criterios de calidade, eficiencia e interese público, non? Insisto, que o BNG, sempre pula por ter servizos públicos. No caso concreto de Dodro, temos varios exemplos en ese sentido, xa sen ir á petición do Centro de día ou da gardería. Pero bueno, apoiounos a maioría da xente cando pedíamos médicos, pediatría, mobilizámonos polo servizo público de transporte, mellor atención en Servizos Sociais, cunha traballadora social máis, creación dunha praza de arquitectura para o concello de Dodro, ou mesmo me atrevería a dicir, fíxense, a loita contra ALTRI co primeiro de moitos vídeos fronte a unha Xunta que defendía e que defende máis, a unha empresa depredadora que aos seus tecidos produtivos do rico rural galego, desde a Ulloa ata o Mar de Arousa.*

Pero, a moción que temos encima da mesa, é para Dodro, teriámola que aplicar a Dodro, non hai dous concellos iguais en xestión municipal, os corta, copia e pega non funcionan.

As administracións locais ademais teñen un problema engadido que levan anos padecendo un problema estrutural de infrafinanciamento, ao que se lle suma una crecente dificultade para contratar persoal técnico e cualificado que permita asumir, directamente, determinados servizos. Xa non vou incidir nese en ese sentido. Non existe unha única fórmula válida para todos os concellos e creo que acabamos de escoitalo de distintos portavoces. Cada concello, ten unhas circunstancias económicas, técnicas e organizativas propias que poden facer máis conveniente un modelo de xestión directa ou outro tipo de xestión e a Unidade Veciñal, sábeo ou debería de sabelo, pero agacha ese dato, facendo pensamos que demagoxia, unha vez máis, como cando pedía municipalizar ás

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

persoas traballadoras do SAF e acabase, acábanllo de recordar tamén aquí.

Pero, tamén desde un punto de vista xurídico, tendo en conta a moción, hai que recordar que un informe da secretaria e interventora deste Concello, o informe do ano do 2023, do verán do 2023, falaba sobre a natureza e alcance das mocións plenarias, no que se recolle que este tipo de iniciativas, non poden utilizarse para substituír a tramitación administrativa necesaria nin para adoptar acordos que requiren previamente informes técnicos, económicos e xurídicos. Polo tanto a municipalización, en ese sentido ou a recuperación da xestión directa deste servizo público é unha decisión que require unha tramitación dun expediente longo e complexo, como aquí se acaba xa de apuntar. Por ese motivo, o propio criterio recollido no informe da secretaría, unha moción non debería de formular acordos executivos directos sobre este tipo de cuestións.

Por iso, o BNG considera de tódolos xeitos que a iniciativa podería a ser apoiada, sempre e cando se reformulará e si se puidera engadir o acordo principal no sentido, máis acorde realmente, co marco xurídico do Concello que o de Dodro. Resumiriámolo,si están de acordo en:
Instar ao goberno municipal a iniciar estudos técnicos e económicos que aborden a posibilidade de xestión directa e municipal do servizo de abastecemento de auga, unha vez rematado o prazo do contrato actualmente en vigor. Retirando isto..."

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Pero non se pode, non? "*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Esperen, esperen, déixenme acabar, por favor. É dicir, retirando tódolos puntos do acordo e substituíndoos por instar ao goberno municipal a iniciar estudos técnicos e económicos que aborden a posibilidade de xestión directa e municipal do servizo de abastecemento de auga unha vez rematado o prazo do contrato actualmente en vigor.*

En ese sentido, se retiran os outros puntos do acordo e substitúeno por o de instar ao goberno a iniciar uns estudos técnicos, nós estariamos en disposición de apoialo, pero o que temos encima da mesa, o BNG, polo que acabamos de dicir, polo que acabamos de escoitar, non estamos en condicións de poder apoiar a moción de Unidade Veciñal."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Un turno máis. Portavoz de Unidade Veciñal, por favor."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si. Bueno, en canto ao que dixo aquí, o portavoz do PSOE, o alcalde neste momento, que veu, non sabía eu xa se estaba como alcalde ou como xerente da empresa concesionaria, porque bueno, dou a impresión, dou a impresión de que a empresa nos está facendo un favor moi grande e o beneficio industrial, practicamente non o ten. Ou sea, que é como se fora unha ONG, ou sea, fainos*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

un favor tremendo esta empresa ao concello, un gran favor. E di que, por exemplo, que teríamos que facer nós, que pagar nós, as... ou sea, a redacción das facturas, atención o público, todo o que fai... pero eso xa o estamos pagando, estámolo pagando ahora mesmo, estámolo pagando todo o que fai esa empresa e que tería... que teremos que facer nós despois, xa o estamos pagando agora mesmo, ou sea que... e posiblemente, pagando eso mesmo, aforrariamos o beneficio industrial. Tampouco sabemos cal é o beneficio industrial eso, eso tampouco...

Despois, o tema da transparencia, o tema da transparencia, aquí moita empresa que temos, pero non hai transparencia ningunha, soubemos que en xuño do ano pasado que o Concello pagou unha multa por un vertido, non autorizado de augas residuais que se fixo dende a depuradora do Redondo, xestionada pola empresa concesionaria, o Concello paga o que fai mal a empresa, ou sea a empresa fai mal, pero quen paga e o Concello, vale, pois eso é a transparencia.

O contrato, o contrato non está nin sequera no portal de transparencia do Concello, non está en ningún lado, ninguén o pudo ver, por saber non sabemos nin cando remata, ou sea que eso non, moi defendido ou sea e nós pensamos que por exemplo, que temos que contratar traballadores, os traballadores que hai agora, 2 ou 3 traballadores que hai agora traballando para Viaqua, para a empresa concesionaria, eses 2 traballadores estámoslle pagando nós tamén, ou cobran, cobran da empresa, pero quen lle paga somos nós e ese, o personal ese técnico, tería que subrogalo o Concello, porque son os que coñecen todo o, todo onde están as chaves e todo non? pasa que, a ver... e quen lle está pagando somos nós eh! Sería pagarlle nós tamén e ao mellor, aínda aforrabamos cartos, con todo.

A ver, fixo unha defensa moi boa da empresa, aquí o alcalde evidentemente. Eu creo que é falta de vontade, non é outra cousa, hai que traballar é verdade. Non é fácil, eu non digo que sea fácil. Pero, por ser un Concello pequeno, non sei por que nós non podemos xestionar a nosa auga? Por ser un concello pequeno? Pois somos un Concello pequeno. Bueno, pois vale que o faga outra empresa que así pasamos menos traballo.

O que di o BNG, os estudios técnicos, estamos de acordo en que se fagan estudios técnicos, pero hai que facelos, non hai ningún estudio técnico, ahora mesmo, que nós demostre que esto non é viable. É o que dixo o alcalde agora, defendendo á empresa, pero non hai ningún estudio técnico que diga que non é viable a municipalización, si vós os tedes por aí ou alguén os ten que mos presente. Eu, non teño ningún estudio técnico que me demostre que non é viable, basicamente. Entonces ao BNG, evidentemente, non vamos a cambiar o corpo da moción enteira por poñer solamente ese punto, ou sea que se fagan estudios técnicos. Non, nós o que queremos é que se inicie o proceso de municipalización, basicamente."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eu, polo que se ve, explícome bastante mal, lamento dicilo pero bueno, non... Eu fago, eu fago as cousas con*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

sentidiño, si sona distinto ao que vostede tiña pensado, pois laméntoo, non son representante da empresa nin moito menos. Outra cousa será que máis ou menos, me molestei en enterarme de como funcionan as concesión da auga e entre outras cousas, en enterarme como funcionan precisamente, xa llo dixen tamén, o estudio que fixo o concello de Santiago. Quero dicir, que esto tamén, vostede tiña que haberse quedado un pouco coa mensaxe, porque... Pero bueno, en todo caso, vamos a proceder á votación da moción, porque xa é tarde."

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 6
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Estado Proposta: Non Aprobada

D) CONTROL DO GOBERNO:

15. ROGOS E PREGUNTAS

Rogos escrito

Non hai.

Rogos orais

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Algún rogo? Portavoz do Partido Popular algún rogo?*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Eso que cando se fan actividades o Día da Muller, se fagan con certo consenso ou... A ver que non, estamos de acordo... Non estamos en desacordo co que se fixo, pero bueno, gustaríanos que se contara con todos os grupos, sobre todo, o día 8 M, si se toman decisións de homenaxear a institucións ou persoas, sería interesante tamén que publicarán a motivación de ditas homenaxes, xa digo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, podemos publicalas aínda, non? "*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Basicamente."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Fixéronse aquí pero podemos publicalas. Si, si, que están recollidas. Fíxose aquí unha exposición do por qué e púxose un vídeo de por qué. Publícase, si, si non hai ningún problema."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Pero no se publicou."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No, no. Digo, era público, porque había moita xente aquí. Non se publicou en redes, pero público foi. É dicir, a decisión que tomou este grupo de goberno e a concelleira e do servicio, foi público e houbo aquí xente e escoitouno todo o mundo. Pero non se preocupe, efectivamente, acepto e farase máis público aínda. Non, hai ningún problema."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Pero era, sobre todo, motivalo antes. Si o motivamos despois..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, pois vale."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Non ten xeito."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vámolo motivar antes e llo faremos chegar antes."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Efectivamente."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vale, pois intentaremos facelo así. Algún outro rogo?"*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Un rogo oral?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, os rogos solo son orais,*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

porque escritos non hai ningún. Entonces, se trae, dígao?"

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Efectivamente, nada. Máis información sobre a frecuencia e paradas do bus municipal."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois intentaremos facerllo chegar a Monbus e que nós faciliten uns horarios que deben estar na páxina web."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Non, o municipal, o bus municipal."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Ah! O bus municipal é o xoves, tódolos xoves, sigue sin moverse."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. Vostede sábeo, pero hai moita veciñanza que non o sabe."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Sigue, sendo o mesmo desde hai..."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Pois poñer..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vale, pois nada, si, si si."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Volver a publicitalo, para que a xente o saiba, de onde saen, paradas..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, faremos así."*

<u>Preguntas escritas</u>

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Preguntas escritas, hai. Eu teño unha non? Do Partido Popular. Dúas hai dúas. Pois empeza por unha delas. Pois comence vostede."*

Preguntas PP.

1º María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Bueno, a primeira pregunta foi presentada o día 24 de febreiro. Púxose en contacto con nós unha veciña de Dodro, por un familiar que tuvo un altercado no concello de Dodro, no ano 2024, concretamente na aldea de Manselle. Pois un operario municipal, sin querer, rompeulle unha unha ventanilla do coche, a persoa veu ao Concello a comunicalo, dixéronlle que a arranxará, e bueno. Presentamos a pregunta, porque desde o ano 2024 que se lle dixo que arranxará a ventanilla e presentara a factura, pois esa persoa personouse no concello en varias ocasións, en numerosas ocasións. Concretamente presentou varios escritos, non tiña*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

resposta, sempre se lle dicía volva usted mañá... E desde que nós presentamos a pregunta o 24 de febreiro, a semana pasada, esta persoa recibe unha notificación do concello en conforme se vai a abrir un expediente para dilucidar, despois de ano e medio. A usuaria veu este luns concretamente, a aportar a documentación que se lle requireu e gratamente, hoxe ás tres da tarde, a persoa chamounos decindo que había recibido a transferencia dos cartos. Co cal, vamos a retirar a pregunta, agradecéndolle ao goberno local que despois de ano e pico, tivera que presentar o Partido Popular unha pregunta para que... e facer un pouco de presión, para que lle pagarán os 200 e pico euros a esta persoa. Asi que retiramos a pregunta e si o alcalde me deixa, vamos coa segunda."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si. Voulle a contestar en todo caso, porque efectivamente..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Retirei a pregunta."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, pois vou facer unha intervención que creo que son o presidente da corporación..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Pode facer o que queira."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"E apetéceme facela"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Bueno si, o alcalde pediulle desculpas tamén hoxe a esa persoa."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vouna facer tan ben, a intervención que non vai ser nin contestación á súa pregunta. Vai ser unha intervención miña, aquí, para o público asistente."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Porque yo lo digo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Efectivamente, porque yo lo digo."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Porque yo lo digo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vale. Pois entonces, dito esto, non houbo ningún altercado, porque vostede empezou dicindo que houbo un altercado cos traballadores municipales e non, parece ser que segundo vostede di, os operarios do Concello que se encontraban desbrozando na aldea de Manselle, romperon un cristal da ventanilla do copiloto. Para empezar, non é altercado ningún. Xente traballando, polo que se ve, romperon unha ventanilla. Ou sea, non diga altercado porque parece que os traballadores do Concello, se viron envoltos nun altercado con esta señora."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non, eu non dixen eso."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Dixo altercado."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Dixo altercado."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non, terxiverse o que non dixen."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Dixo altercado, vai salir na acta."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Ou non o leve a onde a vostede lle interese."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Efectivamente."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"A cuestión é que..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Estou na miña intervención..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Foi ano e medio para pagarlle 200 e pico de euros..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Estou na miña intervención, por favor non me interrompa, o la llamaré al orden. Por favor, no me interrumpa o la llamaré al orden. En todo caso, efectivamente. E recórdolle, reglamento, artículo 57 das preguntas, apartado B: as preguntas que sexan de exclusivo interese personal de quen as fórmula ou de calquera outra persona singularizada, non se admitiran estas preguntas. Recórdollo, eu aínda así, admítoas."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Perdón, pode."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non se admitiran as preguntas nos seguintes supostos:*
Apartado B, as preguntas que sexan de exclusivo interese personal de quen as formula ou de calquera outra persona singularizada, porque parece que non é moito de recibo."

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"E quen... que é un interese persoal."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vostede trae aquí os datos dunha persona e está claro que é o interese desta persona singularizada. Entonces, parece razoable que estas preguntas non se admitan. Dígoo por esta e*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

pola seguinte. Pero en todo caso.."

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: "*E as preguntas que se fan dos veciños..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor, por favor. Por favor, vostede..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Home..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor, déixeme falar a min. Xa lle avisei unha vez. Estou facendo uso da probativa de ser alcalde. Entonces, recórdolle o ROM que o di bastante claro. Non se admitirán as preguntas nos seguintes supostos e a B é: As preguntas que sexan de exclusivo interese persoal de quen as fórmula ou de calquera outra persoa singularizada. Entón, as preguntas son de carácter xeral, en todo caso, xa o digo, porque a pregunta vai salir no pleno, vai salir na acta e vai ser pública..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Claro."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Entonces vai ser así, vale?"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Por suposto."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno pois, eu digo que ao mellor, nun momento de determinado, non se..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Esta pregunta non, porque foi retirada. Repito."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Segundo, siguiente pregunta por favor."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Xa para que non mo diga, o interese persoal, entendo que vai decidir vostede o que é interese persoal ou non. Eu pensei que calquera cousa que se presentaba aquí, preguntando por calquera cousa que lle poida afectar á veciñanza, eso é un interese persoal da veciñanza. Entendo que tampouco se van admitir. "*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pone interese de una persona, personalizada..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Pero bueno, vou a dar paso á lectura..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esto non é o normal que pase neste Concello, nin lle pasou a nadie máis. Esto non é interese da veciñanza, é interese dunha persoa. Pero volva a preguntar, si. Faga a pregunta."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Eu non teño absolutamente ningún interese máis que atender aos veciños, cando me veñen a preguntar."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois faga a pregunta, por favor."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"E ademais, si o Concello non..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Faga a pregunta, por favor. Xa lle estou dicindo..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Si o Concello, cada vez que veñen, se lles contesta unha cousa distinta ou non se lles atende, evidentemente a oposición está..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esa é a pregunta?"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Vou ahora con ela."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vale, vale."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"A oposición está para facer as preguntas que afecten á veciñanza."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Empece por favor."*

2º María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Unha veciña con vivenda na aldea de Imo, linda con unha finca con unha referencia catastral na que se encontra un árbore que invade a súa propiedade, constituíndo un risco real para a seguridade da súa vivenda, tanto pola posible caída, como polo risco de incendio, podendo ocasionar danos de considerable gravidade.*

A citada veciña, compareceu persoalmente no concello e falou en numerosas ocasións, con varios membros do equipo de goberno para trasladar esta problemática e presentou escritos con data 12 de agosto e 6 de novembro. Aínda que nun primeiro momento, membros do equipo de goberno, indicáronlle verbalmente que solucionarían o problema, como xa ven sendo habitual, non fixeron nada ao respecto, non executando actuación ningunha, permanecendo a situación sin resolver na actualidade. Si traemos esta pregunta aquí á porque a inanición do goberno e a deixadez é sangrante, con todos os veciños que se achegan aquí e preguntamos. Ten previsto..."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eso non está no texto da pregunta."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Estou facendo a pregunta...."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eso non é texto da pregunta, digo."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si me permite. Ten previsto o goberno municipal, adoptar medidas ao respecto e proceder á correspondente inspección e actuación para garantir a seguridade da vivenda afectada, tendo en conta que ademais ten unha afectación moi grave, de Patrimonio porque alí hai un pombal?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non está, esa parte non está aquí na pregunta."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Pode contestarmo ou vaina a deixar?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vouna contestar, non se preocupe. Mire, vou na contestar moi ben. Pero bueno, parece claro que hai unha vivenda afectada dunha veciña que encima, non aparece coa referencia catastral, aparece a referencia catastral de un veciño que é curioso. En todo caso, en relación co seu escrito relativo a esta pregunta, presentouse un expediente, o número 2025-V001-000049, mediante o cal, solicita información sobre as actuacións realizadas por este Concello, respecto á asistencia dunha árbore situada na parcela con referencia catastral, efectivamente, a que vostede consta aquí, lugar de Imo, por unha superficie 5.568 metros cadrados, cuxas pólas, segundo indican, invaden a súa propiedade e comunícaselle o seguinte."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Pólas. Esto son pólas."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, pólas. Eso é o que pon no escrito."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Veño con fotografías."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eso é o que pon no escrito, pero por favor. Pero queda moi ben. Non, eu voulle ler o que lle estou lendo son pólas, segundo indica o que pon no escrito, invaden a súa propiedade, comunicase lle o seguinte: unha vez recibida a súa solicitude desde o concello de Dodro, iniciáronse as actuacións administrativas oportunas, co fin de trasladar a incidencia á persoa titular da parcela onde se sitúa a devandita árbore. Neste sentido, procedeuse en primeiro lugar, á notificación mediante carta certificada ao titular da finca indicada. Requiríndolle para que adoptase as medidas necesarias, en relación coa situación descrita. A devandita notificación non foi recollida polo destinatario.*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Posteriormente, co obxecto de facilitar a resolución da incidencia, realizáronse diversos intentos de contacto telefónico co titular da parcela, por parte de persoal municipal, concretamente, polo enxeñeiro de montes do Concello, así como, polo tenente de alcalde e polo alcalde. Reiterándose, verbalmente o requirimento para que procedese a realizar actuacións necesarias. No obstante, malia esta xestións, non se levaron acabo as operacións solicitadas por parte do propietario da finca.

Chegados a este punto, compre sinalar que a situación descrita, consistente na invasión de pólas de árbores dunha propiedade sobre outra colindante, constitúe, atenta, atenta, unha cuestión de naturaleza civil entre propietarios colindantes, regulado pola normativa civil vixente. En particular, o artigo 592 do Código Civil, establece que o propietario dunha finca, ten dereito a esixir que se corten as pólas das árbores do predio veciño que se estenda sobre a súa propiedade, correspondendo ao titular da árbore, realizar dita actuación.

Pero si, si, ten toda a razón. Artículo 592 do Código Civil, en consecuencia, por favor me deja acabar?"

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Ah, claro!"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor, segundo aviso. Segundo aviso. Por favor, me deja acabar?"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si home, si."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Trátase dunha cuestión que excede do ámbito competencial da administración municipal para impoñer actuacións directas, neste caso concreto. Polo que, unha vez realizadas as xestións indicadas por parte deste Concello, o seguinte paso para a defensa dos seus intereses, de estimarse oportuno, deberá realizarse pola vía civil correspondente, podendo exercerse as accións que procedan anta a xurisdición competente. Quedou clara a resposta? Moitas grazas. Xa o sabe a veciña. Seguinte pregunta. Hai unha do BNG escrita. Segunda pregunta do BNG. Perdón primeira do BNG."*

Preguntas BNG

1º Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. Ante a necesidade de postos de traballo para facilitar que empresas se instalen no noso Concello, preguntamos: Cando ten pensado o goberno iniciar unha modificación puntual do PXOM para reverter, o controvertido polígono industrial que cambiou unilateralmente o PP para as inmediacións do Valo Novo, polo anterior que figuraba no primeiro PXOM do concello de Dodro deseñado polo PSOE- BNG?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois aquí, lamentablemente, é*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

cuestión de dúas cousas: reverter o polígono industrial de onde está, ao sitio onde estaba antigamente é practicamente imposible nos próximos anos porque, realizouse alí unha concentración parcelaria e os terreos concentrados de parcelaria, teñen unha especial protección forestal. Entonces, agora mesmo sería, perdelos cartos en estudar, en iniciar esta modificación. Si que temos claro que se están investigando distintas opcións para poder retirar o suelo industrial ou cambiar a clasificación do suelo industrial onde está, no Valo Novo, alí, entre Lestrobe e Dodro por outro. Pero vamos, volver ao que primeiro que se sinalou no primeiro PXOM orixinal, agora mesmo e nos próximos, cálculo que cinco, dez anos é practicamente imposible, pola protección especial que ten o suelo concentrado. É un tema que bueno, que sería imposible. Algunha pregunta máis oral? Portavoz do Partido Popular. Portavoz de... por favor?"

Preguntas UVD

1º Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Era o que falabamos antes de... o da resolución da alcaldía, de xaneiro que renunciou á subvención concedida pola Diputación Provincial da Coruña de 8.800 euros para o financiamento de persoal técnico de igualdade.*

Desde o programa de subvencións a concellos para necesidades locais para o financiamento do personal técnico no servizos municipais de igualdade de xénero e axentes de igualdade de xénero no 2025, ante a imposibilidade, di o Concello, de xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión ou percepción da subvención. Pode dicirnos cales foron os motivos que imposibilitaron a realización de actividades de servicio?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois que no ano 2025, non fomos capaces da contratación do técnico de igualdade, non foi posible. Hai dúas traballadoras sociais, unha técnico de servizos sociais no... En servizos sociais, temos ahora mesmo 3-4 persoas, altamente cualificadas e altamente preparadas. En servizos sociais non hai cita previa, estase atendendo todo e pensamos que 2 traballadoras sociais no ano 25. Non hai cita previa, no ano 25, non fomos capaces. Este ano estamos elaborando, creo que antes de fin de mes, hai unha... antes de fin de mes establecerase a selección para o técnico de igualdade deste ano 26. Unha persoa máis a traballar no no..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Non temos servizo de igualdade, entendo logo?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Perdón?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Non temos o servizo?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Estano levando si, si. Temos servizo de igualdade, estano levando dúas traballadoras sociais e unha técnico de servizos sociais."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Vale, non hai técnico de igualdade."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Hai dúas traballadoras sociais que fan todo eso."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Outra, teño outra pregunta."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, Si."*

2º Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"A ver está é cortiña. Segundo nós informan as nais das nenas do CRA de Dodro Padrón, se presentaron cas súas crianzas ao concurso de Entroido de 2025 que se celebrou o 4 de marzo, xa fai máis de un ano, aínda non cobraron o premio, disque."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Pode dicirnos porque non se procedeu o pago deste premio despois de máis dun ano?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Dificultades en intervención, en intervención- tesourería e non podo dicir máis."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Vale dificultades de intervención, xa llo diremos lo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Algunha pregunta máis? Portavoz do BNG."*

3º Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si, rapidamente. Se ten solución xa, o goberno, para que a cidadanía poida facer trámites comodamente ou consultar calquera cuestión relativa ao concello, nunha páxina web áxil e intuitiva, así como para facilitar dunha vez que se poidan ver os plenos, porque agora mesmo, eu intentei por exemplo, creo que non funcionan?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Os plenos vanse ver, como se ven sempre, en diferido, non en directo. Ahora mesmo estase gravando e mañá estará na páxina de YouTube do Concello. E o tema da páxina web, por fin se iniciou o proceso de contratación e agardamos que pronto, estea a nova páxina web do Concello, en funcionamento. Non hai máis preguntas. Pois moitas gracias."*

Ás 22:21 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Dodro, documento asinado dixitalmente
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 06/07/2026 11:41:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 06/07/2026 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: ae3OYy5saEYYrJAR4KPE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/